

**DEPUTACION PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**ACTA da Sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 23 de NOVIEMBRE DE 2001**

**ORDE DO DÍA** dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria, que se celebrará o vindeiro venres, día 23 de novembro de 2001, ás DOCE HORAS

## **ASUNTOS**

### **Central-Actas**

- 1.- Toma de posesión dos novos deputados do Partido Popular, don Miguel Prado Patiño, D. José Blanco Pazos e D. Manuel Taboada Vigo.
- 2.- Aprobación da acta da sesión anterior, nº 12/01, celebrada o día 26 de outubro de 2001.
- 3.- Toma de coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 17.100 deica a nº 19.499.
- 4.-- Toma de coñecemento das resolucións polas que se nomea ó deputado D. José Luis Fondo Aguiar membro da Comisión de Goberno e presidente da Comisión Informativa permanente de Cooperación e Asistencia a Municipios.

### **Cooperación e asistencia ós municipios**

- 5.- Aprobación do reaxuste interno de financiamento das obras incluídas no Plan de temporais 2001, cofinanciado polo MAP, xunta de Galicia, deputación e concellos, apartado de obras municipais.
- 6.- Aprobación de proxecto reformado da obra: Saneamento e beirarrúas en Portocubelo, do concello de Carnota, incluída no POS 2001. Código 01.2100.0094.0
- 7.- Aprobación do proxecto reformado da obra Travesía de Brea do concello de Trazo, incluída no POS 2000. Código 00.2100.0360.0
- 8.- Aprobación do proxecto reformado da obra Paso baixo do ferrocarril en Limodre-Penalonga, do concello de Fene, incluída no Programa de rede viaria local 1999. Código 99.2400.0506.0.
- 9.- Aprobación da modificación do POL 2000-2006 e do financiamento da anualidade 2000 pola aprobación do proxecto reformado nº 1 da obra Ampliación e mellora do trazado da E.P. 4401 do p.k. 10+000 ó p.k. 15+000 da estrada de Ortigueira a Pontes ó Barqueiro, concello de Mañón, incluída no Programa Operativo Local adicional 1/2000. Código 00.2301.0017.0.

### **Plans Especiais, contratación e equipamento**

10.- Aprobación do texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra para establecer a colaboración de ambas institucións para o financiamento da redacción do proxecto de reparación da Ponte de Catoira sobre o río Ulla.

11.- Aprobación do proxecto reformado nº 2 da obra do concello de Curtis: Sinalización de vial término municipal incluída no Plan 2000 de infraestructuras anualidade 1999. Código 99.3400.1145.0

12.- Aprobación da modificación do proxecto da obra: Ponte sobre o río Condomiñas na Acea, do concello de Cedeira incluída no Plan 2000 de infraestructuras anualidade 1998. Código 98.3400.0346.0

13.- Aprobación de modificación do proxecto da obra: Centro Social en Doroña, do concello de Vilarmor, incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1999. Código 99.3400.1453.0.

14.- Aprobación da modificación do proxecto para executar a obra Acondicionamento de parque e castelo da concepción, do concello de Cedeira, incluída no Plan 2000 de infraestructuras 1999. Código 99.3400.1108.0.

15.- Aprobación do proxecto de finalización da obra Campo de fútbol en Castillo, módulo 1, do concello de Cesuras, incluída na 2ª fase da anualidade 1999, do Plan 2000 deportes. Código 99.3420.0093.0.

16.- Aprobación do proxecto reformado nº 2 da obra Piscina descuberta no concello de Neda, incluída na 2ª fase do Plan de áreas de ocio e piscinas descubertas 1996-1998. Código 97.3501.0002.0.

17.- Aprobación do proxecto reformado da obra Campo de fútbol en Louro, módulos 2-5-6c, do concello de Muros, incluída na 3ª fase da anualidade de 1998, do Plan 2000 deportes. Código 98.3420.0054.0.

18.- Aprobación da modificación do proxecto da obra: Acondicionamento polideportivo de Traba, do concello de Coristanco, incluída na 2ª fase da primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación incluídas no Convenio Xunta-Deputación 1997-2001 para a reforma e construción de instalacións deportivas. Código 99.7450.0007.0.

### **Vías e Obras**

19.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2001, 4ª fase.

20.- Aprobación do Plan de mellora de seguridade vial 2001.

21.- Solicitud á Xunta de Galicia de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar as obras de ampliación e mellora do trazado na E.P. 0102 de Lema a Orto e ampliación e mellora do trazado na E.P. 0301 de Parada a Congosto por Ponte Aranga, treito p.k. 8,300 ó 11,570.

### **Medio Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social**

22.- Proxecto reformado Casa do Sartego, Fene. Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular.

23.- Modificación de convenio administrativo de urbanización de Polígono de Tambre, Santiago de Compostela.

24.- Modificación das bases do Plan XXI para o fomento do turismo de natureza.

25.- Modificación de convenio coa Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e o concello de Santiago sobre dotación de equipamento básico ó parque de bombeiros de Santiago.

### **Cultura, Deportes e Xuventude**

26.- Convenio coa Asociación de Amigos da Ópera para o financiamento de actividades do ciclo conmemorativo de G.Verdi.

27.- Convenio co concello de Betanzos para o financiamento do II Congreso de pequenas cidades españolas.

28.- Ratificación da integración da Deputación da Coruña no Padroado da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña e aboamento das achegas correspondentes ós anos 2000 e 2001.

29.- Convenio co consorcio para a Promoción de Música para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galicia.

**Personal, Réxime interior e Informática provincial**

30.- Modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo, ano 2002.

31.- Modificacións do acordo negociado de funcionarios.

32.- Nomeamento de representantes da deputación en organismos varios.

**Economía, Facenda e Especial de Contas**

33.- Presuposto Xeral para o exercicio 2002 e Bases de Execución.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 23 DE NOVEMBRO DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, sendo o día 23 de novembro de 2.001, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSE BLANCO PAZOS	
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS	PP
DON FELIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE

DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, en relación ós cales, por unanimidade, agás nos casos nos que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

**1.- TOMA DE POSESIÓN DOS NOVOS DEPUTADOS DO PARTIDO POPULAR, DON MIGUEL PRADO PATIÑO, D. JOSÉ BLANCO PAZOS E D. MANUEL TABOADA VIGO.**

INTERVENCIONES

Sr. secretario

Recibíronse na Secretaría Xeral desta deputación tres credenciais expedidas polo presidente da Xunta Electoral Central, polas que se acredita que foron designados deputados provinciais D. Manuel Taboada Vigo, D. José Blanco Pazos e D. Miguel Prado Patiño, por estar incluídos nas listas do Partido Popular nas eleccións locais do 13 de xuño de 1999, en substitución por renuncia, respectivamente, de D. José Toja Parajó, D. Manuel Moscoso López e D. Jesús Villamor Calvo.

Por outra parte, D. Manuel Taboada Vigo, D. José Blanco Pazos e D. Miguel Prado Patiño, cumpriron o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que di: “Tódolos membros das corporacións locais formularán declaracións sobre causa de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione e poida proporcionar ingresos económicos; formularán, así mesmo, declaración dos seus bens patrimoniais. Ámbalas declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos

plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cesamento, e cando se modifiquen as circunstancias de feito.”

Sr. presidente

Rogo que se lles dea entrada no salón ós novos deputados.

Sr. Taboada Vigo

Xuro pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas de deputado con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Blanco Pazos

Xuro pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas de deputado con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Prado Patiño

Prometo e xuro pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas de deputado con lealdade ó rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado.

### **ACORDO**

Os deputados Sres. José Blanco Pazos, Manuel Taboada Vigo e Miguel Prado Patiño toman posesión como deputados da Deputación Provincial da Coruña.

### **2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 12/01, CELEBRADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2001.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 12/01, celebrada o día 26 de outubro de 2.001.

### **3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 17.100 DEICA A Nº 19.499.**

Tómase coñecemento das Resolucions dictadas pola Presidencia, da nº 17.100 deica a nº 19.499.



#### **4.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS POLAS QUE SE NOMEA Ó DEPUTADO D. JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR MEMBRO DA COMISIÓN DE GOBERNO E PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA A MUNICIPIOS**

A Corporación toma coñecemento das Resolucións nº 18.303 e 18.304, do 31.10.2001, polas que se nomea ó deputado D. José Luis Fondo Aguiar membro da Comisión de Goberno e presidente da Comisión Informativa Permanente de Cooperación e Asistencia a Municipios.

#### **5.- APROBACIÓN DO REAXUSTE INTERNO DE FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUIDAS NO PLAN DE TEMPORAIS 2001, COFINANCIADO POLO MAP, XUNTA DE GALICIA, DEPUTACIÓN E CONCELLOS, APARTADO DE OBRAS MUNICIPAIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Ratificar integramente a Resolución da Presidencia nº 18.061, do 26 de outubro de 2001, relativa ó reaxuste interno do financiamento do Plan de temporais 2001 cofinanciado polo Map, Xunta de Galicia, deputación e concellos, co texto literal seguinte:

“Visto o escrito presentado pola Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia tocante ó Plan de temporais 2001, no que comunican que os concellos da Coruña e As Somozas non figuran na acta do 7 de febreiro de 2001 da Comisión Técnica da Subdelegación do Goberno en Galicia, requisito necesario segundo a orde do 6 de xullo de 2001 da citada consellería para percibir subvención da Xunta ó abeiro do artigo 2º desta orde; resultando que no mesmo escrito solicítase a esta deputación que se remita aclaración sobre esta incidencia ou, se é o caso, nova documentación na que se proceda á corrección dela.

Tendo en conta que os proxectos das obras da Coruña e As Somozas foron obxecto de informe favorable da Comisión de Asistencia ó subdelegado do goberno por producírense os danos en datas anteriores ó 31 de xaneiro de 2001 polo que son susceptibles de inclusión no plan elaborado no marco da Orde do Ministerio de Administracións Públicas do 10 de maio de 2001. E isto aínda que non figure na acta do 7 de febreiro de 2001 por presentarse con posterioridade á dita data, na subdelegación do goberno, a relación de danos sufridos polos citados concellos.

E valorando as posibles opcións que ten esta deputación para solucionar e dar a mellor resposta posible á observación realizada pola Xunta de Galicia tocante ós concellos da Coruña e Somozas, agotando na súa totalidade o importe da subvención da Xunta e causando o menor prexuízo ós concellos afectados, esta Presidencia resolve o seguinte:

1º.-Reaxustar a distribución interna do financiamento das obras incluídas no Plan de temporais 2001 cofinanciado polo Map, Xunta de Galicia, Deputación e concellos, aprobado polo Pleno desta deputación na sesión celebrada o 14 de setembro de 2001, no que se refire á distribución interna do financiamento dos concellos da Coruña e As Somozas, compensándoos coa distribución interna dos concellos de Arzúa, A Baña e Boqueixón, na forma en que a continuación se indica, que implica unicamente unha modificación das achegas da Xunta e a deputación a estes concellos que se minoran e incrementan na mesma medida, sen que isto afecte ós importes totais de subvencións percibidas polos citados concellos, nin ó plan no seu conxunto.

**A CORUÑA Y SOMOZAS:IMPORTES TOTAIS POR CONCELLO**

IMPORTES APROBADOS	MAP	XUNTA	DEPUTACIÓN	Subvención total	Concellos fondos propios	TOTAL
A CORUÑA	22.193.672	11.213.830	0	33.407.502	12.910.685	46.318.187
AS SOMOZAS	2.530.839	1.278.761	2.685.658	6.495.258	0	6.495.258
TOTAL	24.724.511	12.492.591	2.685.658	39.902.760	12.910.685	52.813.445

IMPORTES REAXUSTADOS	MAP	XUNTA	DEPUTACIÓN	Subvención total	Concellos fondos propios	TOTAL
A CORUÑA	22.193.672	0	11.213.830	33.407.502	12.910.685	46.318.187
AS SOMOZAS	2.530.839	0	3.964.419	6.495.258	0	6.495.258
TOTAL	24.724.511	0	15.178.249	39.902.760	12.910.685	52.813.445

DIFERENCIAS	MAP	XUNTA	DEPUTACIÓN	Subvención total	Concellos fondos propios	TOTAL
A CORUÑA	0	-11.213.830	11.213.830	0	0	0
AS SOMOZAS	0	-1.278.761	1.278.761	0	0	0
TOTAL		-12.492.591	12.492.591	0	0	0

**ARZÚA, A BAÑA, BOQUEIXÓN :IMPORTES TOTAIS POR CONCELLO**

IMPORTES APROBADOS	MAP	XUNTA	DEPUTACIÓN	Subvención total	Concellos fondos propios	TOTAL
ARZÚA	18.101.561	9.146.204	5.000.000	32.247.765	3.955.358	36.203.123
A BAÑA	40.330.703	20.377.960	5.000.000	65.708.663	14.952.749	80.661.412
BOQUEIXÓN	20.698.586	10.458.408	5.000.000	36.156.994	5.240.181	41.397.175
TOTAL	79.130.850	39.982.572	15.000.000	134.113.422	24.148.288	158.261.710

IMPORTES REAXUSTADOS	MAP	XUNTA	DEPUTACIÓN	Subvención total	Concellos fondos propios	TOTAL
ARZÚA	18.101.561	14.146.204	0	32.247.765	3.955.358	36.203.123
A BAÑA	40.330.703	25.377.960	0	65.708.663	14.952.749	80.661.412
BOQUEIXÓN	20.698.586	12.950.999	2.507.409	36.156.994	5.240.181	41.397.175
TOTAL	79.130.850	52.475.163	2.507.409	134.113.422	24.148.288	158.261.710

DIFERENCIAS	MAP	XUNTA	DEPUTACIÓN	Subvención total	Concellos fondos propios	TOTAL
ARZÚA	0	5.000.000	-5.000.000	0	0	0
A BAÑA	0	5.000.000	-5.000.000	0	0	0
BOQUEIXÓN	0	2.492.591	-2.492.591	0	0	0
TOTAL		12.492.591	-12.492.591	0	0	0

O importe total do plan non se ve afectado con estas modificacións, e o seu resumo de cifras globais de financiamento continúa sendo o seguinte

Nº concellos	Nº obras	MAP	XUNTA	Concellos		TOTAL
				Deputación	Concello F.P.	
83	435	1.036.487.329	530.535.087	137.929.830	450.138.759	2.155.091.005

2º.-Dado que este reaxuste implica unha modificación das bases reguladoras do Programa 2001 de reparación de danos extraordinarios en infraestruturas municipais na provincia da Coruña, do que o último texto modificado foi aprobado mediante acordo plenario do 14 de setembro de 2001 (BOP do 18 de setembro de 2001), modificar de novo as indicadas bases coa finalidade de que se permita realizar estes reaxustes internos, sen que afecte ó total de subvencións concedidas pola deputación.

3º.-Someter a presente resolución a ratificación do Pleno desta deputación na primeira sesión que se celebre.”

2.-Modificar as bases reguladoras do Programa 2001 de reparación de danos extraordinarios en infraestruturas municipais na provincia da Coruña, que foron aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión celebrada o 30 de maio de 2001 (BOP nº 124 de 1 de xuño de 2001), e do que o último texto modificado foi aprobado mediante acordo plenario do 14 de setembro de 2001 (BOP de 18 de setembro de 2001), coa finalidade de que se permita realizar estes reaxustes internos, sen que afecte ó total de subvencións concedidas pola Deputación. As bases modifícanse no senso de engadir unha base 8 co seguinte texto:

**"Base 8: POSIBILIDADE DE REALIZAR REAXUSTES INTERNOS NECESARIOS PARA O PLAN DE TEMPORAIS 2001**

*Non obstante o establecido na base 7, a deputación, trala conformidade dos concellos afectados, poderá realizar reaxustes internos na distribución do financiamento das obras incluídas no Plan de temporais 2001 cofinanciado polo MAP, Xunta de Galicia, deputación e concellos, que impliquen unha alteración das cantidades*

*asignadas pola deputación a algúns dos concellos, que se verán incrementadas ou reducidas, realizándose simultaneamente a operación inversa coa achega da Xunta de Galicia ós mesmos concellos, sen que en todo caso, iso afecte ó total da subvención asignada ós concellos afectados.*

3.-Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no B.O.P. para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4.-Remitir o expediente para informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 de 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

5.-Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

6.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración Local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

7.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

## **6.- APROBACIÓN DE PROXECTO REFORMADO DA OBRA: SANEAMENTO E BEIRARRÚAS EN PORTOCUBELO, DO CONCELLO DE CARNOTA, INCLUÍDA NO POS 2001. CÓDIGO 01.2100.0094.0**

### INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Simplemente para anunciar o voto favorable do grupo socialista ós puntos 6, 7, 8 e 9.

Sra. Candocia Pita

Neste mesmo senso, nosoutros anunciamos o voto favorable ós puntos 6 e 7 e a abstención no 8 e 9.

### **ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo concello de Carnota tocante ó proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica, incluída no POS 2001 que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 23 de febreiro de 2001.

Aprobar o proxecto reformado para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2001 no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
01.2100.0094.0	Saneamento e beirarrúas en Portocubelo (Concello de Carnota)	10.795.644	2.332.951	690.979	13.819.574

### **7.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA TRAVESÍA DE BREA DO CONCELLO DE TRAZO, INCLUÍDA NO POS 2000. CÓDIGO 00.2100.0360.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo concello de Trazo tocante ó proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica, incluída no POS 2000 que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 25 de febreiro de 2000.

Aprobar o proxecto reformado para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2000 no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Orzamento Total</u>
00.2100.0360.0	Travesía de Brea (Concello de Trazo)	6.471.138	1.825.193	8.296.331

### **8.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PASO BAIXO DO FERROCARRIL EN LIMODRE-PENALONGA, DO CONCELLO DE FENE,**

**INCLUÍDA NO PROGRAMA DE REDE VIARIA LOCAL 1999. CÓDIGO 99.2400.0506.0.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.- Aprobar por un importe total de 48.950.578 ptas. o proxecto reformado da obra "Paso baixo o ferrocarril Limodre a Penalonga", do concello de Fene (Código: 99.2400.0506.0) , incluída no programa de R.V.L. 1999 que foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 12 de febreiro de 1999 .

2º.-Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ó incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a 16.307.023 ptas. sobre contrata e 15.573.207 ptas. sobre adxudicación. O incremento finánciao integramente a Deputación. (código: 99.2400.0506.1)

Con isto os datos de financiamento da obra 99.2400.0506.0 quedan como segue:

	<b><u>Financiamento Inicial</u></b>	<b><u>Financiamento Reformado</u></b>	<b><u>Diferencia</u></b>
Deputación	16.321.778	32.628.801	16.307.023
MAP	16.321.777	16.321.777	---
<b>TOTAL</b>	32.643.555	48.950.578	16.307.023

3º.- Dispor a súa publicación no B.O.P. para os efectos de que durante 10 días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente para informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artº 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción de súa solicitude.

5º.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde súa recepción.

6º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da solicitude.”

**9.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO POL 2000-2006 E DO FINANCIAMENTO DA ANUALIDADE 2000 POLA APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO Nº 1 DA OBRA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 4401 DO P.K. 10+000 Ó P.K. 15+000 DA ESTRADA DE ORTIGUEIRA A PONTES Ó BARQUEIRO, CONCELLO DE MAÑÓN, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADICIONAL 1/2000. CÓDIGO 00.2301.0017.0.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

1º.- Aprobar por un importe total de 216.595.350 ptas. o proxecto reformado da obra "Ampliación e mellora do trazado da E.P. 4401 do PK 10+000 ó PK 15+000 da estrada de Ortigueira a Pontes ó Barqueiro" do concello de Mañón (Código 00.2301.0017.0) incluída no POL Adicional 1/2000 que foi aprobada mediante Resolución da Presidencia nº 18.593 de 31 de outubro de 2000.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ó incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a 35.605.880 ptas. sobre contrata e 23.831.556 ptas. sobre adxudicación. O incremento finánciao integramente a deputación (código: 00.2301.0017.1)

Con isto os datos de financiamento da obra 00.2301.0017.0 quedan como segue:

	<b>Financiamento Inicial</b>	<b>Financiamento Reformado</b>	<b>Diferencia</b>
Admisitración local	47.693.728	83.299.608	35.605.880
MAP	6.603.128	6.603.128	0
FEDER-MAP	15.407.298	15.407.298	0

FEDER-LOCAL	111.285.316	111.285.316	0
<b>TOTAL</b>	180.989.470	216.595.350	35.605.880

3º.- Dispoñer a súa publicación no B.O.P. para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente para informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artº 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

5º.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.

6º.- Remiti-lo expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para que emitan informe sobre ese respecto considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.”

**10.- APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA ESTABLECER A COLABORACIÓN DE AMBAS INSTITUCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE REPARACIÓN DA PONTE DE CATOIRA SOBRE O RÍO ULLA.**

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Aproveitando a intencionalidade da orde do día que agrupa, digamos, por comisións tamén os diferentes puntos, vou adiantar nun bloque unitario tamén os puntos do 10 deica o 18, nesa idea de racionalizar e acabar enseguida. Entón, o noso voto vai ser favorable no punto número 10, 11 e 14, e despois no punto 12, 13, 15, 16, 17 e 18, dado que son modificados con aumento de contía económica, ímonos abster.

Moitas gracias.

Sr. Fernández Moreda



Neste senso tamén, para anunciar o voto favorable do grupo socialista ós puntos 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17 e 18, todos eles, agás o 10, son modificados de proxectos, e reiterarlle a oferta que xa lle fixemos en varios plenos de que aqueles reformados de proxectos que non supoñan aumento de proxectos, estamos dispostos, se a Presidencia trae aquí unha delegación de competencias no presidente, estamos dispostos, a apoiala, sempre que logo se dea conta destas modificacións na comisión correspondente.

### **ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para establecer a colaboración de ámbalas institucións para o financiamento da recepción do proxecto de reparación da ponte de Catoira cunha achega provincial de 22.500.000 ptas. (135.227,72 euros) e unha achega da Deputación Provincial de Pontevedra de 22.500.000 ptas. (135.227,72 euros), e co texto seguinte:

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA ESTABLECER A COLABORACIÓN DE ÁMBALAS INSTITUCIÓN S PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE REPARACIÓN DA PONTE DE CATOIRA.**

Dado en

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don José Luis Torres Colomer, asistido polo secretario xeral D. José Luis Almau Supervía.

E doutra parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Manuel Abeledo López.

Os comparecientes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

### **EXPOÑEN**

1º.-A Ponte de Catoira sobre o río Ulla, construído a finais dos anos 70 é unha infraestrutura esencial vertebradora da comunicación entre as provincias da Coruña (Rianxo) e Pontevedra (Catoira).

2º.-Debido ó tempo transcorrido desde a súa construción constatouse a necesidade de proceder ó seu mantemento e reparación integral utilizando os avances tecnolóxicos experimentados nas técnicas constructivas que permitan dotalo dunha maior seguridade e accesibilidade, incluíndo novos sistemas de iluminación, que facilitarán unha comunicación máis fluída.

3º.-Ámbalas institucións consideran necesario coordinar as actuacións encamiñadas ó cumprimento dos obxectivos anteriormente citados.

### **ACORDAN:**

Formalizar o presente convenio conforme ás seguintes cláusulas:

#### **PRIMEIRA.-OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento da Redacción do proxecto de reparación da ponte de Catoira sobre o río Ulla.

#### **SEGUNDA.-FINANCIAMENTO**

O orzamento de contrata para a redacción do proxecto ascende á cantidade de 45.000.000.-

A Deputación Provincial da Coruña financiará o 50% do custo da redacción do proxecto, financiando o 50% restante a Deputación Provincial de Pontevedra.

Esta achega supón, polo tanto, unha porcentaxe de financiamento do 50% do total dos gastos, para cada unha das institucións.

No suposto de que se produzan baixas na adxudicación do contrato, a achega de ámbalas institucións reducirase proporcionalmente.

#### **TERCEIRA.-CONTRATACIÓN**

Correspóndelle á Deputación Provincial da Coruña a contratación da redacción do proxecto de reparación de Ponte de Catoira sobre o río Ulla.

#### **CUARTA.-FORMA DE PAGAMENTO DAS ACHEGAS**

A Deputación Provincial de Pontevedra aboará a súa achega á Deputación Provincial da Coruña, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula 2ª, no prazo máximo dun mes contado desde a remisión por parte da Deputación provincial da Coruña de copia compulsada da correspondente factura, acompañada de certificación do secretario da Deputación Provincial da Coruña, na que se faga constar que foi aprobada polo órgano de contratación.

Para estes efectos, con carácter previo á súa achega, requirirase informe favorable da Comisión de Seguimento a que se refire a cláusula 5ª.

A Deputación Provincial da Coruña aboalle ó adxudicatario o prezo de adxudicación con cargo á aplicación 0401/511B/227.06.

O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula 2ª.

#### **QUINTA.-COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Co fin de establecer un seguimento coordinado da execución do presente convenio e realizar as funcións a que se refire a cláusula 4ª constituirase unha Comisión de Seguimento formada por dous técnicos de cada unha das institucións nomeados polos seus respectivos presidentes.

#### **SEXTA.-CONVENIO ADICIONAL**

A Deputación Provincial da Coruña e a Deputación Provincial de Pontevedra, unha vez entregado o proxecto, establecerán mediante un convenio adicional, a colaboración para o financiamento da execución das obras.

#### **SÉTIMA.-VIXENCIA**

O presente convenio iniciará na data da súa sinatura e finalizará antes do 30 de xullo de 2002, podendo prorrogarse por causas xustificadas.

#### **OITAVA.-NATUREZA E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia del.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que surxan na interpretación do presente convenio aplicarase supletoriamente o Decreto legislativo 2/2000 do 16 de xuño.

En proba de todo o cal asinan o presente documento por exemplar cuádruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA,  
PONTEVEDRA,

O PRESIDENTE DA  
PROVINCIAL DE

Asdo. José Luis Torres Colomer

Asdo. Manuel Abeledo López

O SECRETARIO

Asdo. José Luis Almau Supervía

2º.-Facultar ó presidente para executar o presente acordo.”

**11.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO Nº 2 DA OBRA DO CONCELLO DE CURTIS: SINALIZACIÓN DE VIAL TÉRMINO MUNICIPAL INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADE 1999. CÓDIGO 99.3400.1145.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo concello de Curtis relativa á aprobación do proxecto reformado nº 2 da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1999, 6ª fase que foi aprobada o día 12 de febreiro de 1999 e do que a contratación lle corresponde ó concello de Curtis.

Aprobar o proxecto reformado nº 2 da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
99.3400.1145.0	Curtis	Sinalización vial término municipal	12.000.000

**12.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA: PONTE SOBRE O RÍO CONDOMIÑAS NA ACEA, DO CONCELLO DE CEDEIRA INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADE 1998. CÓDIGO 98.3400.0346.0**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar a modificación do proxecto: Ponte sobre o río Condomiñas na Acea, incluído na 1ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 de infraestructuras co código 98.3400.0346.0 aprobada polo Pleno desta Deputación provincial o día 9 de xaneiro de 1998, do que o contrato foi adxudicado por esta deputación e posteriormente resolto. A modificación de proxecto implica un incremento no orzamento tal e como se indica:

	<b><u>PROXECTO INICIAL</u></b>	<b><u>PROXECTO MODIFICADO</u></b>	<b><u>DIFERENCIA</u></b>
ORZAMENTO DE CONTRATA	4.999.849	9.068.334	4.068.485

O incremento financiarase integramente con cargo ó saldo dispoñible existente na partida 0501/519Z/60187, paralelamente ó Concello de Cedeira minorarase na mesma medida a cantidade asignada na anualidade 2002 do antigo Plan 2000 de infraestructuras actualmente integrado no POS 2002.

2º.-Dispoñer a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días se poida presentar as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3º.-Remitirle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para que emitan informe sobre este respecto, considerándoo emitido favorablemente despois de transcorridos 10 días desde a súa recepción.”

**13.- APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA: CENTRO SOCIAL EN DOROÑA, DO CONCELLO DE VILARMAIOR,**

**INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS, ANUALIDADE 1999.  
CÓDIGO 99.3400.1453.0.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar a modificación do proxecto: Centro Social en Doroña, incluída na 5ª fase da anualidade 1999 do Plan 2000 de infraestructuras co código 99.3400.1543.0 aprobada polo Pleno desta Deputación provincial o día 8 de xaneiro de 1999, do que o contrato foi adxudicado por esta deputación e posteriormente resolto. A modificación do proxecto implica un incremento no orzamento tal e como se indica.

	<b><u>PROXECTO INICIAL</u></b>	<b><u>PROXECTO MODIFICADO</u></b>	<b><u>DIFERENCIA</u></b>
ORZAMENTO DE CONTRATA	12.763.555	18.002.053	5.238.498

Ó proxecto modificado denominado: Centro Social en Doroña bis”, do concello de Vilarmario, asígnaselle o código 99.3400.1453.1.

O financiamento do incremento experimentado realizarase con cargo ó saldo dispoñible existente na partida 0501/519Z/60187, pero ó concello de Vilarmario minoraráselle na mesma medida a cantidade asignada na anualidade 2002 do antigo Plan 2000 de infraestructuras actualmente integrado no POS 2002.

2º.-Dispor a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3º.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para que emitan informe sobre este respecto considerándoo emitido favorablemente despois de transcorridos 10 días desde a súa recepción.”

**14.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO PARA EXECUTAR A OBRA ACONDICIONAMENTO DE PARQUE E CASTELO DA**

**CONCEPCIÓN, DO CONCELLO DE CEDEIRA, INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS 1999. CÓDIGO 99.3400.1108.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Cedeira tocante á aprobación do proxecto modificado da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras anualidade 1999, 5ª fase, que foi aprobada o día 8 de xaneiro de 1999 e da que a contratación lle corresponde ó Concello de Cedeira.

Aprobar o proxecto modificado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
99.3400.1108.0	Cedeira	Acondicionamento Parque e castelo da Concepción	14.528.089

**15.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE FINALIZACIÓN DA OBRA CAMPO DE FÚTBOL EN CASTILLO, MÓDULO 1, DO CONCELLO DE CESURAS, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 1999, DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 99.3420.0093.0.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a Resolución da Presidencia nº 16.547, do 5 de outubro de 2001, pola que se procedeu á resolución do contrato da obra denominada: Campo de fútbol en Castillo, do concello de Cesuras, co código 99.3420.0093.0, incluída na 2ª fase da anualidade 1999 do Plan 2000 deportes.

Visto o proxecto de terminación redactado polo Servicio Provincial de Arquitectura onde se inclúe un incremento en relación coas unidades de obra pendentes de executar o proxecto inicial:

1º.-Aprobar por un importe total de 11.445.563 ptas. sobre o orzamento de contrata, o proxecto de finalización da obra: Campo de fútbol en Castillo do Concello de Cesuras, co código 99.3420.0093.5.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto de finalización da obra que ascende a 101.188 ptas. sobre contrata.

Con isto os datos de financiamento da obra, ofrecen o seguinte resumo:

<b>Proxecto novo ( Código 99.3420.0093.5)</b>		
Achegas	Orzamento contrata	Incremento (Novo - Pdte. do inicial)
Deputación	9.743.907	101.188
Concello	1.701.656	
<b>Total...</b>	<b>11.445.563</b>	<b>101.188</b>

2º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

**16.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO Nº 2 DA OBRA PISCINA DESCUBERTA NO CONCELLO DE NEDA, INCLUÍDA NA 2ª FASE DO PLAN DE ÁREAS DE OCIO E PISCINAS DESCUBERTAS 1996-1998. CÓDIGO 97.3501.0002.0.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:



“1.-Aprobar por un importe total de 69.328.076.- ptas. sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado nº 2 da obra: Piscina descuberta en Neda (códigos 97.3501.0002.0/98.3501.0002.0), incluída na 2ª fase do Plan de área de ocio e piscinas descubertas 1996-1998, aprobado polo Pleno da deputación na sesión extraordinaria celebrada o 13.11.97 e do que o proxecto reformado nº 1 se aprobou en virtude do acordo plenario provincial con data do 11.06.99.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento deste proxecto reformado nº 2, que non supón variación do obxecto nin finalidade da obra, senón que se trata de modificacións de tipo técnico que implican un incremento de 19.070.763.- ptas. sobre o orzamento de contrata do proxecto técnico inicial aprobado dentro da 2ª fase do plan, e de 9.035.765.- ptas. respecto do orzamento de contrata do proxecto reformado nº 1.

O citado incremento financiarao integramente a deputación e asígnaselle o código 98.3501.0002.2.

Este incremento poderase efectuar con cargo ó crédito dispoñible existente na partida do plan 0501/452E/ 60199.

Coa aprobación deste proxecto reformado nº 2, os datos de financiamento definitivo da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, son os seguintes:

	<b>Financiamento proxecto reformado nº 2</b>		
	<b>Ano 1997</b>	<b>Ano 1998</b>	<b>Total</b>
Deputación	11.424.425	51.228.651	62.653.076
Concello	0	6.675.000	6.675.000
<b>Total....</b>	<b>11.424.425</b>	<b>57.903.651</b>	<b>69.328.076</b>

2º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións a este expediente, entenderase definitivamente aprobado.”

## **17.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA CAMPO DE FÚTBOL EN LOURO, MÓDULOS 2-5-6C, DO CONCELLO DE MUROS,**

**INCLUÍDA NA 3ª FASE DA ANUALIDADE DE 1998, DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 98.3420.0054.0.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar por un importe total de 59.018.568.- ptas. sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra: Campo de fútbol en Louro-Módulos 2-5 e 6c (código 98.3420.0054.0) que foi incluída na 3ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 31.08.98.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a 9.835.511.- ptas. sobre contrata e 9.589.623.- ptas. sobre adxudicación, séndolle asignado ó proxecto reformado o código nº 98.3420.0054.5.

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, calculado sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

	<b>Financiamento definitivo</b>	<b>Total</b>
	<b>Anualidade 1998</b>	<b>Anualidades</b>
Deputación	49.168.568	49.168.568
Conc. F. Propios	9.850.000	9.850.000
Conc. Plan 2000 Infraest.		
<b>Total.....</b>	<b>59.018.568</b>	<b>59.018.568</b>

2º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se

estimen oportunas, así como remítalo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións ó expediente, entenderase definitivamente aprobado.”

**18.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA: ACONDICIONAMENTO POLIDEPORTIVO DE TRABA, DO CONCELLO DE CORISTANCO, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN INCLUÍDAS NO CONVENIO XUNTA-DEPUTACIÓN 1997-2001 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. CÓDIGO 99.7450.0007.0.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar por un importe total de 16.342.135 pesetas (98.218,21 euros) sobre o orzamento de contrata, o proxecto modificado da obra: Acondicionamento polideportivo de Traba; do concello de Coristanco, código 99.7450.0007.0, que foi incluída na 2ª fase da Primeira programación plurianual do convenio Xunta-Deputación de Instalacións Deportivas 1997-2001, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 26 de marzo de 1999.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento de contrata do proxecto técnico inicial.

O citado incremento financiarao integramente a Deputación e farase efectivo con cargo ó crédito dispoñible na partida do convenio 0501/452D/60173 do vixente orzamento provincial.

Por isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata ofrecen o seguinte resumo:

	FINANCIAMENTO DEFINITIVO
	Anualidade 1999
Deputación	15.097.139.- Ptas.
Achega concello	1.244.996.- Ptas.
<b>Total</b>	<b>16.342.135.- Ptas.</b> <b>(98.218,21 Euros)</b>

2.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións a este expediente, entenderase definitivamente aprobado.”

## 19.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2001, 4ª FASE.

### INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Seguimos co agrupamento do voto. O noso voto no punto 19 vai ser de abstención, polos mesmos motivos que xa argumentamos nas outras fases deste plan, e no 20 e o 21, son favorables. Unicamente facer unha mención ó punto número 20, que é o de tráfico, que se debería de incorporar o estudio que deu lugar á elección desas obras no expediente.

Sr. Fernández Moreda

Para anunciar tamén o voto positivo do grupo socialista a todo este bloque comprendido en vías e obras, desde o punto 19 ata o punto 21, ambos incluídos.

Sr. presidente

Queda aprobado este punto cos votos favorables do grupo socialista e o grupo popular e a abstención do BNG, e os puntos 20 e 21 quedan aprobados por unanimidade.

Direille á Sra. deputada que a elección destes puntos negros nas estradas provinciais foi con estudos e informes na Xefatura Provincial de Tráfico, polo tanto, hai informe, e se é necesario fáiselle chegar a vostede, con traballos de estatísticas, de sinistralidade, etc., etc.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar o Plan de Vías provinciais de 2001, 4ª fase que a seguir se relaciona e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 123.102.490.-ptas. con cargo á partida 0401/511B/601.03:

CÓDIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
01.1110.0006.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO NA E.P. 0301 DE PARADA A CONGOSTO POR PTE. ARANGA TREITO P.K. 8+300 Ó 11+570	82.602.491
01.1110.0007.0	ACONDICIONAMENTO E AFIRMADO DA E.P. 0503 DE BORDEIRAS Ó PORTO DE SUEVOS	29.999.999
01.1110.0008.0	REFORZO DO FIRME DA E.P. 1906 DA C-552 Ó CAMPO DA FEIRA DE CARBALLO	10.500.000
<b>TOTAL.....</b>		<b>123.102.490</b>

2º.-Aprobar a obra que a continuación se relaciona como supletoria desta fase ó plan e que se financiará con cargo ás baixas que se produzan na adxudicación do plan:

CÓDIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
01.1110.0005.0	AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 0102 DE LEMA A ORTO	64.166.202
<b>TOTAL.....</b>		<b>64.166.202</b>

3º.-Expor ó público os proxectos mediante anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia no prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

## **20.- APROBACIÓN DO PLAN DE MELLORA DE SEGURIDADE VIAL 2001.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar o Plan de mellora da seguridade vial 2001 que a seguir se relaciona e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 50.000.000.-ptas. que se corresponde coa achega provincial que se estableceu no convenio suscrito coa Dirección Xeral de Tráfico do Ministerio de Interior (aprobado polo Pleno en sesión celebrada o día 16 de maio de 2001 e formalizado o 24 de maio de 2001), con cargo á aplicación 0401/511B/601.03:

CÓDIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
01.7480.0001.0	MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NAS E.P. 0701 SANTIAGO A SANTA COMBA, E.P. 1914 CARBALLO A PORTOMOURO E E.P. 3109 VILABOA A PEIRO	12.500.000
01.7480.0002.0	MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NAS E.P. 1706 DO TEMPLE A CAMBRE, E.P. 3802 DE ORDES A PONTECARREIRA E E.P. 5813 DE OLEIROS A SADA	12.500.000
01.7480.0003.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NAS E.P. 3607 BALÓN A SAN JORGE, E.P. 5002 PILADELEÑA A LAGARES, E.P. 6111 BALEO A CORBELLE E E.P. 6901 CAMPOLONGO A BREAMO	12.500.000
01.7480.0004.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 4501 DA PICOTA A LA BEBA, P.K. 3+250 AL P.K. 3+900	12.500.000
<b>TOTAL.....</b>		<b>50.000.000</b>

2º.-Expór ó público os proxectos mediante anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que se producisen reclamacións, considerarase definitivamente aprobados.”

**21.- SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA EXECUTAR AS OBRAS DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 0102 DE LEMA A ORTO E AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 0301 DE PARADA A CONGOSTO POR PONTE ARANGA, TREITO P.K. 8,300 Ó 11,570.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de ampliación e mellora de trazado na E.P. 0102 de Lema a Orto e ampliación e mellora do trazado da E.P. 0301 de Parada a Congosto por Ponte Aranga, treito P.K. 8,300 ó 11,570, de conformidade co art. 52 da Lef e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.

2.-Someter a información pública o referido expediente expropiatorio mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, cun prazo de 15 días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se formulasen.”

## **22.- PROXECTO REFORMADO CASA DO SARTEGO, FENE. PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR.**

### INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

No que respecta á Comisión de Ambiente, Pesca, Agricultura e Benestar Social, ó ter unha diferenciación nos tres puntos de voto, e cunha argumentación distinta, anunciar que no punto número 22, do proxecto reformado da Casa de Sartego, o Bloque vaise abster, porque hai unha subida de orzamento, e faremos intervención no resto dos puntos.

Sr. Fernández Moreda

Para continuar, imos votar favorablemente os puntos 22, 23, 24 e 25.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o proxecto reformado da obra: Cuberta do edificio municipal no Sartego, incluída no Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular polo seu orzamento de contrata de 12.232.108.- ptas., o que representa un incremento respecto ó anterior de 2.247.258. ptas.

Polo que a situación actual sería:

<u>Obra</u>	<u>Código</u>	<u>Importe</u>
Cubierta do edificio municipal		

no Sartego. Fene	99.4100.0059.0	9.984.850.-
Cuberta do edificio municipal no Sartego. Fene	99.4100.0059.8	2.247.158.-

2.-Dispor a exposición pública do proxecto reformado mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local e, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración Local de Galicia.”

## **23.- MODIFICACIÓN DE CONVENIO ADMINISTRATIVO DE URBANIZACIÓN DE POLÍGONO DE TAMBRE, SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

### INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

En primeiro lugar queriamos destacar que, dado que no Pleno celebrado no mes de outubro quedou sobre a mesa, para nosoutros está confundido, cando na orde do día vén unha modificación dun convenio que aínda está sen aprobar formalmente por parte deste Pleno.

En todo caso, como se trata de pasar para aprobación o texto inicial coas modificacións que se sinalan no expediente, direi que o grupo provincial do BNG vaise abster, e fundamentalmente coa argumentación coa que nos vimos abstendo normalmente nos convenios parciais, con determinadas institucións, que é a última moda que se leva nesta Deputación provincial.

En todo caso, neste tema direi que, efectivamente, recoñezo que posiblemente, o Polígono do Tambre teña necesidade de acometer unhas obras, e que efectivamente a coordinación entre distintas institucións que poidan ter competencias sobre o tema podiamos facer crer, se non temos coñecemento doutras cousas, que podía ser o noso voto favorable á sinatura deste convenio, sen embargo nosoutros pensamos que, como noutros sectores, noutras áreas desta deputación, séguese facendo unha política parcial e, en todo caso, permítanme que respecto deste convenio poñamos un exemplo.



Este grupo provincial, non hai moitos días, tivo unha entrevista coa Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón onde nos estiveron comentando todo o tipo de dificultades, e todo o tipo de obras pendentes que ten esta deputación respecto do Polígono de Sabón. Curiosamente o Polígono de Sabón é un polígono de titularidade provincial, en todo caso, tamén o Polígono de Sabón necesitaría unha intervención, ou cantidade de polígonos industriais que se están consolidando en toda a provincia.

Neste senso, e unha vez máis, nosoutros insistimos en que o traballo que tería que acometer a Deputación en Promoción económica é englobar o tema dos polígonos industriais do seu funcionamento e das súas necesidades, e en todo caso ir establecer convenios con aquelas institucións, titulares dos polígonos, naqueles casos en que fora necesario. Como non se fai este tipo de traballo, senón que, en base ás peticións, imaxino, que por parte do Concello de Santiago de Compostela, ou ben da Consellería de ordenación do Territorio ou do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que son os organismos que neste momento estamos implicados neste convenio, por calquera deles chámase á porta da deputación e esta deputación responde, é unha maneira de facer as cousas que nosoutros non compartimos e, polo tanto, insistindo que non é que nosoutros teñamos dúbidas de que, efectivamente, o Polígono de Tambre necesita acometer determinadas obras, pero como este, outros moitos da provincia, nosoutros imos seguir mantendo a posición de abstención neste punto.

Sr. Varela Rey

Desde o goberno da Deputación provincial entendemos que este é un convenio moi importante, non soamente para o Concello de Santiago, senón para toda unha área que abrangue moita poboación e, sobre todo, cando estamos falando de aspectos que é a promoción e a posibilidade de crear instalacións de carácter industrial, de incentivar o que é o risco e a ilusión de tódolos empresarios que se queren incorporar a este polígono, e sobre todo estamos falando de postos de traballo, fundamentalmente. Creo que hai outro aspecto engadido que é o sentido de colaboración polo cal se rubrica este convenio, onde participa o Instituto Galego de Vivenda e Solo, o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación provincial, pois chámase á porta da Deputación provincial e eu creo que a deputación debe responder no senso en que o fixo.

E se se quere falar do Polígono de Sabón, creo que para falar nese sentido habería que facer mención ó importante labor que no seu momento fixo a deputación, o promover na área metropolitana da Coruña ese polígono no seu momento, significou o asentamento de moitas e importantes industrias, co cal hai un tecido en Sabón agora mesmo, industrial, a creación de moitísimos empregos e empresas de primeiro nivel, non soamente no ámbito da provincia da Coruña senón de España e mesmo mundial e, polo tanto, se a liña que poida levar o Polígono de Tambre vai asimilada á que levou o Polígono de Sabón, nosoutros tamén nos daríamos por satisfeitos e, polo tanto, eu creo que aí temos que apostar, aí temos que

apoiar decididamente neste campo. E se nalgún momento pode haber algunha situación de carencia no Polígono de Sabón, que do coñecemento que ten este grupo de goberno, non é así, entendemos que está magnificamente atendido, pero se calquera detalle ou situación houberse sen atender, que non lle caiba a menor dúbida á deputada de que isto será posto de inmediato para facer fronte a el.

#### Sra. Vázquez Veras

Seguirei insistindo en que a nosoutros, desde logo, parécenos unha política absolutamente parcial a que está levando esta deputación respecto ós polígonos industriais, non sei cal pode ser a resposta, se a partir de agora, como pode ocorrer noutros puntos de características similares, tódolos polígonos industriais, que me imaxino que terán necesidades, e todos se dedican á promoción do emprego, á creación de postos de traballo e á creación de riqueza, pasan pola ventaiña desta deputación para pedir tamén a colaboración da deputación que, ó mellor, tiñase que facer, pero en todo caso facendo un esforzo orzamentario que tiña que ter recoñecido, e en base ás necesidades de cadaquén.

O que xa me parece bastante ruborizante é dicir que o Polígono de Sabón goza dunhas magníficas instalacións, despois de escoitar tódalas carencias que eu penso que coñecen os servizos técnicos, e da persoa responsable política desta casa da xestión do Polígono de Sabón.

Direi que ten unhas instalacións magníficas, cando se nos puxo sobre a mesa a posibilidade de que parte do polígono estea neste momento sen auga potable, ou canto menos, cunha depuradora que ten un funcionamento bastante deficiente polo tipo de instalación, de depuración, que se meteu, ou ben que falta aínda por terminar, despois de tantos anos de funcionamento, toda a rede de saneamento do polígono e obras que eles consideraban menores, como podía ser o tema de iluminación pública, tema de viarias, etc., etc., paréceme bastante..., de tratar de enmascarar unha situación que é real e, en todo caso, a ninguén lle podemos achacar a culpa, porque todos sabemos que este polígono industrial ten unha titularidade clara que é a Deputación Provincial da Coruña. Entón, non queremos enmascarar situacións reais que existen neste momento, e eu teño que dicir que en todo caso, visto así a cousa, é un agravio comparativo para o Polígono de Sabón, en concreto, ou ben outros polígonos con outras carencias, que se asine un convenio co Polígono de Tambre e non se faga con outros polígonos.

Polo tanto sigo insistindo, que a nosa intención con esa abstención nos tres puntos é poñer sobre a mesa un tipo de política que a nosoutros, sigo insistindo, parécenos parcial, e que se debería de encarar dunha maneira absolutamente distinta.

#### Sr. Varela Rey

Eu creo que posición do Bloque o que está tratando é de xustificar, ó mellor, o que ten difícil xustificación, e tratar de desviar a atención da axuda, da achega ó Polígono de Tambre, con calquera problema que puidera haber en Sabón, calquera problema que loxicamente, nosoutros non compartimos nin estamos de acordo. O polígono está en magníficas condicións, iso é o que nosoutros entendemos, e que se houbera, reitero, calquera pequeno problema, a deputación está para correxilo.

E, polo tanto, loxicamente, aí diferimos, igual ca en moitas outras posicións políticas onde o Bloque entende que todos son iguais, o grupo de goberno entende que non, que non é o mesmo un polígono asentado na zona limítrofe da provincia da Coruña, ou na parte de Santiago ou de Ferrol, por exemplo, porque son cidades máis importantes, ó mellor, que outra que ten menos habitantes. Entón, en política, e cando tes que tomar decisións, o importante tamén é priorizar, e loxicamente este goberno entende que debe de priorizar naquelas áreas que teñen maior demanda, que teñen máis posibilidades de crecemento e que teñen máis posibilidades de que haxa un compromiso e un establecemento de entendemento entre o que é a achega de carácter público e o que debe de ser a iniciativa privada. Polo tanto nosoutros seguimos mantendo que esta é unha posición que debe dar resposta o goberno provincial para axuda, para estímulo do que ten que ser o tecido de carácter industrial, non só en Santiago, senón en toda a comarca.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que se vai subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Galego de Vivenda e Solo, a Consellería de Industria e Comercio, o Excmo. Concello de Santiago de Compostela e Xestión Urbanística da Coruña, S.A., para promover o financiamento das obras de urbanización do polígono de Tambre en Santiago de Compostela.

2.-A achega provincial prevista no convenio, para o ano 2001, ascende a un total de 40.000.000 de pesetas e poderá efectuarse, de acordo coas previsións e requisitos fixado no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/432.C/75400 do vixente orzamento da Corporación.

3.-Condicionar a eficacia do presente acordo a que en cada un dos exercicios ós que estende a súa vixencia 2002, 2003 e 2004, habilítase o crédito suficiente con que facer fronte á achega provincial establecida no convenio, que ascende a 40.000.000 de pesetas para cada unha das anualidades citadas.

4.-Exceptuar, no que se refire a porcentaxes, o réxime de financiamento de gastos plurianuais establecidos no artigo 155.3 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, en aplicación da posibilidade conferida ó pleno polo apartado 5º do citado artigo 155.

5.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, A CONSELLEIRÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E XESTIÓN URBANÍSTICA DA CORUÑA, S.A.**

Dado en Santiago de Compostela, a        de        de 2001.

**REUNIDOS**

Dunha parte, a Consellería de Industria e Comercio, e no seu nome e representación o conselleiro de Industria e Comercio, o Excmo. Sr. D. Juan Rodríguez Yuste, nomeado polo Decreto 255/1999, do 24 de setembro, en virtude das facultades que lle confire o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no seu nome e representación o seu director xeral, Ilmo. Sr. D. José Antonio Redondo López.

Doutra parte a Excm. Deputación Provincial da Coruña, e no seu nome e representación o seu presidente, o Ilmo. Sr. D. José Luís Torres Colomer, segundo o disposto no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 29 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Doutra parte o Excmo. Concello de Santiago de Compostela, e no seu nome e representación o seu alcalde presidente, o Ilmo. Sr. D. José A. Sánchez Bugallo, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

E doutra parte Xestión Urbanística da Coruña, S.A., e no seu nome e representación o presidente do Consello de Administración, D. Jesús Almuiña Loeda.

Tódalas partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, coa capacidade legal necesaria para asignar o presente convenio de colaboración, e para o efecto

## **EXPOÑEN**

Que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS) é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 3/1998, do 27 de abril, encargado de executa-la política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita Lei e no artigo 12 do Decreto 288/1998, do 29 de setembro, de desenvolvemento da antedita lei, subscribi-los correspondentes convenios con outros organismos e entidades, coas corporacións locais, así como con empresas con participación pública maioritaria, ás que, segundo se dispón no artigo 13 do citado decreto, poderá encomenda-la xestión de obras de construción ou urbanización.

Que a Consellería de Industria e Comercio ten encomendada, entre outras, a execución de política da Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento industrial da Comunidade Autónoma.

Que segundo se establece tanto na Lei 7/1985, do 20 de abril, reguladora das bases do réxime local, como na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, as deputacións provinciais e os concellos teñen atribuídas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, competencias relativas á xestión e fomento dos intereses propios da provincia e do municipio, e correspondendo á Xunta de Galicia a prestación de cooperación e asistencia activa que outras Administracións poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, conforme ó establecido polo artigo 55.d) en relación cos artigos 10.1 e 57 da antedita Lei 7/1985 e no artigo 195 da referida Lei 5/1997, contéplase a figura do convenio administrativo coma un instrumento xurídico adecuado para a colaboración das administracións locais e autonómicas nos asuntos de interese común.

Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña ten atribuída a competencia de prestar asistencia técnica e económica ós concellos da provincia na prestación dos servizos de competencia municipal.

A Lei de Administración local de Galicia nos seus artigos 109 e 118 establece que:

Artigo 109.

Serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis. As competencias propias exerceranse en réxime de autonomía.

Son competencias propias, en calquera caso, as seguintes:

\_\_\_(...) d) En xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia

Artigo 118.

Compételles ás deputacións provinciais rexer e administra-los intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servicios que teñan por obxecto o fomento deles: (...)

Que a Xestión Urbanística da Coruña, S.A. é unha empresa pública, pertencente ó IGVS, constituída conforme ó Decreto 305/1990, do 24 de maio, e entre o seu obxecto social atópase a actividade urbanizada, que abrangue tanto a promoción da preparación do solo e renovación ou remodelación urbana coma a realización de obras de infraestrutura urbana e dotación de servicios para a execución de proxectos de ordenación; podendo o órgano de representación da sociedade asinar convenios para a realización do seu obxecto social.

Polo anteriormente exposto, as partes relacionadas no encabezamento, de acordo cos principios de colaboración, cooperación e coordinación ós que deben de axusta-la súa actuación as Administracións públicas galegas, e en exercicio das competencias que lle son propias, acordan a formalización do presente convenio en base ás seguintes

## ESTIPULACIONES

**Primeira.-** O presente convenio ten por obxecto a execución do proxecto de obras de urbanización para a mellora das infraestructuras do Polígono Industrial do Tambre, en Santiago de Compostela, redactado por D. Julio C. Rojo Martínez.

**Segunda.-** Xestión Urbanística da Coruña realizará a contratación das obras, o seu seguimento e control ata a súa total realización, así como a contratación dos técnicos facultativos necesarios para a dirección delas. O IGVS aprobará expresamente a adxudicación definitiva dos contratos de obra e de dirección facultativa das obras e ratificará as recepcións destas, parciais ou totais. Para estes efectos Xestión Urbanística da Coruña, S.A. elevará a proposta correspondente e os textos destes contratos.

**Terceira.-** O orzamento total das actuacións que se han levar a cabo ó abeiro do convenio ascende á cantidade total de SEISCENTOS CORENTA MILLÓNS (640.000.000) de pesetas, (3.846.477,47 \_uros), IVE incluído.

As Administracións asinantes cofinanciarán ditas actuacións do xeito seguinte:

1.-A Consellería de Industria e Comercio achegará a cantidade de CENTO SESENTA MILLÓNS (160.000.000) de pesetas, (961.619,37 \_uros), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.661.C.760.0 de acordo coa seguinte distribución, nas anualidades e importes que de seguido se expresan:

2002 .....	53.333.333	ptas. (320.539,79 _)
2003 .....	53.333.333	ptas. (320.539,79 _)
2004 .....	53.333.334	ptas. (320.539,79 _)

2.- O IGVS achegará a cantidade de CENTO SESENTA MILLÓNS (160.000.000) de pesetas, (961.619,37 \_uros), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 06.60.331.A.740.00, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

2001 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)
2002 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)
2003 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)
2004 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)

3.- O Concello de Santiago de Compostela, con cargo ós seus orzamentos, achegará a cantidade de CENTO SESENTA MILLÓNS (160.000.000) de pesetas, (961.619,37 \_uros), IVE incluído e de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

2001 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)
2002 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)
2003 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)
2004 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)

4.- A Deputación Provincial da Coruña, con cargo ós seus orzamentos, achegará a cantidade de CENTO SESENTA MILLÓNS (160.000.000) de pesetas, (961.619,37 \_uros), IVE incluído e de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

2001 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)
2002 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)
2003 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)
2004 .....	40.000.000	ptas. (240.404,84 _)

**Cuarta.-** O orzamento xeral constará dos conceptos que son os seguintes:

O orzamento de execución material das obras segundo o proxecto de obras de mellora da infraestrutura viaria do Polígono Industrial do Tambre.

O 19% sobre o importe da partida anterior, en concepto de gastos xerais (13%) e beneficio industrial (6%) da contrata.

O 10% do orzamento de execución por contrata de imprevistos para custear obras de gasto de imposible determinación previa, para o orzamento de seguridade e saúde, para os honorarios de dirección e inspección de obra, control de calidade e gastos de xestión de obra.

Os impostos e taxas de aplicación ós pagos dos conceptos incluídos e previstos na execución do proxecto, agás o IVE, de aplicación no momento da facturación, serán por conta de Xestión Urbanística da Coruña, S.A.

Se a adxudicación definitiva das obras contivera unha baixa con respecto ó orzamento xeral, sufrirán igualmente a baixada correspondente tódolos conceptos en que se reparte dito orzamento, a excepción dos honorarios correspondentes ós facultativos encargados da dirección e inspección das obras, da provisión destinada a custear a realización de obras e gastos de imposible determinación previa, as porcentaxes que ha percibir Xestión Urbanística da Coruña, S.A. e os gastos de xestión de obra e control de calidade.

Durante o transcorrer das obras, Xestión Urbanística da Coruña, S.A., con cargo ó 10% previsto para obras e gastos de imposible determinación previa, poderá realizar as actuacións necesarias non contempladas no proxecto sempre que estas non supoñan unha substancial modificación daquel. Neste suposto deberá xustificar suficientemente ante as administracións asinantes do presente convenio a necesidade ou conveniencia de ditas actuacións, de forma que a cantidade correspondente á devandita porcentaxe que a xuízo daquelas non resulte xustificada deducirase na última anualidade.

**Quinta.-** Os aboamentos que o IGVS deberá efectuar a favor de Xestión Urbanística da Coruña, S.A. axustaranse ó seguinte réxime de anualidades:

2001 .....	120.000.000	ptas. ( 721214,53_)
2002 .....	173.333.333	ptas. (1041754,31_)
2003 .....	173.333.333	ptas. (1041754,31_)
2004 .....	173.333.333	ptas. (1041754,31_)



Con carácter previo a cada aboamento, e a requirimento do IGVS, as partes asinantes achegarán as contías comprometidas contra as certificacións xustificadas da execución das obras.

As achegas da Consellería de Industria e Comercio ó I.G.V.S. materializaranse mediante as oportunas modificacións de crédito na Consellería de Industria e Comercio a prol dos créditos da Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Vivenda destinados a financia-las transferencias de capital ó I.G.V.S.

As outras Administracións asinantes do convenio, é dicir, a Deputación Provincial e o Concello, deberán ingresar no prazo dun mes a contar desde dito requirimento e na conta do IGVS que para o efecto se indique, as cantidades correspondentes ós seus compromisos. Estes ingresos producirán a correspondente xeración de crédito no estado de gastos do orzamento do IGVS na aplicación 06.60.331-A.740.00.

**Sexta.-** A recepción da obra faraa Xestión Urbanística da Coruña, S.A. con arranxo ós termos do correspondente documento de formalización do contrato de obra. Dita recepción deberá ser notificada ó IGVS para a súa ratificación.

**Sétima.-** O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ó da súa sinatura e enténdese ata o 31 de decembro de 2004, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

De producirse causa xustificada, e sen que para isto sexa precisa autorización previa do Consello da Xunta de Galicia, o réxime de anualidades previsto poderá ser obxecto de reaxuste en anualidades posteriores, tendo en conta as disponibilidades presupostarias, e sempre que isto non implique rebordar o período de vixencia establecido.

**Oitava.-** Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

A comisión de seguimento e control informará ás partes sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación.

**Novena.-** Son causas de resolución do presente convenio:

- 1.-O seu incumprimento total ou parcial.
- 2.-O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

**Décima.-** Ó presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos do Estado, conforme ó disposto no artigo 3.1 do R.D. 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas, coa salvidade, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolve-las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio, en sextuplicado exemplar, no lugar e data antes citados.

O DIRECTOR XERAL DO IGVS,

O CONSELLEIRO DE  
INDUSTRIA E COMERCIO,

Asdo: José Antonio Redondo López

Asdo: Juan Rodríguez Yuste.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA,

O ALCALDE-PRESIDENTE  
DO CONCELLO DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA,

Asdo: José Luís Torres Colomer

Asdo: José A. Sánchez Bugallo

O PRESIDENTE DO CONSELLO DE ADMÓN. DE  
XESTIÓN URBANÍSTICA DA CORUÑA, S.A.,

Asdo: Jesús Almuíña Loeda”

## **24.- MODIFICACIÓN DAS BASES DO PLAN XXI PARA O FOMENTO DO TURISMO DE NATUREZA.**

### INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

Debe ser a terceira ou cuarta modificación que se fai nas bases do Plan XXI para o fomento do turismo de natureza, o que pasa é que, efectivamente, aínda que sexa difícil, témonos que afacer a que practicamente a maioría dos puntos que se tratan neste pleno sexan modificacións de traballos feitos, e que pouca andadura levan adiante.

En todo caso, direi que na modificación que se propón o noso voto vai ser en contra porque entendemos que, dado xa que aquí, no que é a estrutura orzamentaria que se nos presenta vaise a plenos con cantidades fixas sen ningún tipo de proxectos en concreto, e que despois estes proxectos apróbanos os concellos, nosoutros o que entendemos é que o lóxico é que haxa un control destes proxectos por parte do que son os plenos dos concellos, e nese sentido non imos apoiar a modificación das bases que deixa en posibles delegacións nas comisións de goberno dos concellos respectivos, a posibilidade de aprobar estes proxectos.

Polo tanto, imos votar en contra da modificación.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1-Modificar o teor literal das bases 2.4 e 5 das de convocatoria do Plan XXI para o fomento do turismo e natureza na provincia da Coruña para substituír as referencias que figuran nelas ós acordos plenarios municipais de aprobación dos proxectos ou memorias técnicas polos dos órganos municipais que teñan atribuída a dita competencia en cada concello. O teor literal das bases quedaría establecido como segue.

#### “2.4. Memorias e proxectos técnicos

Os concellos que formulen a súa solicitude de participación no plan, deberán xuntarlle as memorias ou proxectos técnicos nos que quede definido o investimento que se ha realizar con indicación detallada das unidades e prezos unitarios, porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (13 e 6% respectivamente), e o correspondente ó IVE...

...As memorias ou proxectos técnicos deberán ser subscritos por técnicos competentes por razón da materia á que vaian dirixidos, terán un prazo de execución que non poderá ser superior ó ano e deberán ser aprobados polo órgano municipal competente.”

5.-Documentación

...A solicitude para as obras, subministracións ou servizos que interesen realizar na anualidade 2001 que deberá formularse en impreso normalizado. Axuntaráselle a seguinte documentación:

Documentación de carácter administrativo:

a.1. Certificación de acordo plenario municipal no que se acorde: aprobar a solicitude de incorporación ó plan e en que se acepten expresamente as bases do plan; compromiso de dispoñibilidade dos bens e instalacións sobre os que se pretenda realizar o investimento; así como o compromiso firme do concello de que realizará tódolos trámites que sexan precisos en orde á obtención de cantas autorizacións, concesións, permisos e licencias sexan necesarios para a correcta execución dos investimentos...

...a.2. Certificación de acordo ou resolución de aprobación das memorias ou proxectos técnicos presentados.”

2.-Dispor a exposición pública da presente modificación das bases de convocatoria mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de dez días se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non se presentar ningunha.

3.-Facultar ó presidente para todo canto resulte necesario para a correcta execución do presente acordo.”

## **25.- MODIFICACIÓN DE CONVENIO COA CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS E O CONCELLO DE SANTIAGO SOBRE DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO BÁSICO Ó PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para dotar de equipamentos básico o novo parque de bombeiros de Santiago.

**CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SOBRE A DOTACIÓN DO EQUIPAMENTO BÁSICO DO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Dado en Santiago de Compostela, o        de outubro de dous mil un.

## **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. Antonio Pillado Montero, Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E o Excmo. Sr. D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

## **EXPOÑEN**

1. Que as partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Lei galega 2/1985 de protección civil, na súa exposición de motivos, manifesta que a protección civil constitúe a afirmación dunha ampla política de seguridade que encontra o seu primeiro fundamento no artigo 15 da Constitución española, que obriga ós poderes públicos a garanti-lo dereito á vida e a integridade física como primeiro e máis importante de tódolos dereitos fundamentais.

Dende esa perspectiva, a protección civil ten que considerarse como un servizo público organizado de forma coordinada polas distintas Administracións que xestionan competencias nesa materia.

O Decreto 161/2000, do 29 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, encoméndalle á Dirección Xeral de Administración local a planificación e coordinación dos plans e programas dos servizos contraincendios e salvamento local, sen prexuício das competencias que lles correspondan á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil no relativo á función operativa da protección civil, así como das atribuídas por lei ás Administracións locais.

A normativa aplicable en materia de réxime local atribúe ás Deputacións a competencia de cooperación cos concellos, asegurando a prestación integral e axeitada dos servizos de competencia municipal, entre eles a cooperación mútua, e coa Xunta de Galicia, en materia de programación, posta en marcha e sostemento dos parques de bombeiros, nos seus respectivos ámbitos territoriais de actuación.

Correspóndelles, igualmente ós Concellos, desenvolver todas aquelas actividades que contribúan e redunden na satisfacción dos intereses da comunidade veciñal.

3. Que a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación da Coruña, e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra aprobaron un convenio marco de colaboración para a conversión en parque comarcal de bombeiros, con extensión do seu ámbito de actuación a tódolos Concellos relacionados, do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela.

Este convenio marco requiría, á súa vez, convenios de desenvolvemento para a súa execución, tanto no referido a dotación de equipamentos, como para construción da sede do Parque e dotación de medios humanos.

Por todo isto e co fin de establece-las condicións de colaboración necesaria e acada-lo fin proposto, a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribi-lo presente convenio de execución segundo as seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.-OBXECTO.**

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento do convenio-marco de colaboración entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación Provincial da Coruña, e os concellos de, Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, no referente á adquisición do equipamento básico establecido na cláusula segunda do referido convenio.

Así mesmo, e en virtude do presente convenio, o parque de bombeiros formará parte, como Centro Asociado, do Servizo 112 de Emerxencias, e así se deberá facer constar na rotulación dos vehículos que se adquiran.

### **SEGUNDA.-RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DO PARQUE.**

As tres Administracións acordan a renovación do equipamento do Parque de Bombeiros.

Esta renovación concrétase na adquisición dos seguintes equipos con carácter inmediato, despois dos acordos corporativos necesarios:

#### Equipos:

Un auto-escala automático con cisterna e bomba

Un auto-bomba primeira saída para rescate en accidentes

Un auto-bomba subministrador

Valoración total dos equipos

132.000.000.-ptas

A adquisición realizaraa a Deputación Provincial e financiaranna as tres Administracións. O custo total de dita adquisición será financiado polas tres Administracións nas seguintes porcentaxes:

Deputación Provincial	40%
Xunta de Galicia	40%
Concello de Santiago	20%

A licitación realizaraa a Deputación polo sistema de concurso, despois da acreditación do compromiso financeiro contraído polas demais Administracións, e de acordo coa normativa legal aplicable.

As características técnicas detalladas do material expresado fixaranse por unha comisión técnica integrada polo xefe do Parque de Bombeiros de Santiago, o enxeñeiro industrial, xefe de Servicio de Mantemento da Deputación e un técnico nomeado pola Dirección Xeral de Administración Local.

### **TERCEIRA.- FINANCIAMENTO.**

As achegas das distintas Administracións para a adquisición destes equipos serán as seguintes, como máximo:

Xunta de Galicia.....	52.800.000 pts.
Deputación da Coruña.....	52.800.000 pts.
Concello de Santiago.....	26.400.000 pts.

A achega da Xunta de Galicia farase con cargo á partida orzamentaria 13.05.760.1, Programa 811B. dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001.

A achega da Deputación da Coruña farase con cargo á partida 0305/223.A/662.99 dos orzamentos xerais da Deputación da Coruña para o ano 2001.

A achega do Concello de Santiago de Compostela farase con cargo á partida orzamentaria 22376.00 dos orzamentos xerais do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2001.

A Consellería e o Concello remitiranlle á Deputación os documentos xustificativos da retención de crédito correspondente ás achegas ás que quedan obrigadas en virtude do presente convenio.

No relativo á achega correspondente á Xunta de Galicia, a través da aplicación orzamentaria 13.05.811B, 760.1, sinalar que, de conformidade co establecido no artigo 41.2.4 e 41.3, d, da lei 4/2000, do 27 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, á sinatura deste convenio, poderá autorizarse o anticipo desta achega e despois da remisión, por parte da Deputación dos documentos que xustifiquen a aprobación do expediente de contratación dos vehículos.

Caso de producirse xuros de mora, deberán ser asumidos, na proporción que lle corresponda, pola Administración que os tivera provocado, séndolles repercutidas as cantidades correspondentes pola Deputación se as causantes foran algunha das outras dúas Administracións asinantes do presente convenio.

No suposto de non producirse o gasto pola totalidade das cantidades máximas previstas no presente Convenio, procederase á minoración das achegas de acordo ás porcentaxes sinaladas na cláusula segunda, debendo reintegrar as cantidades achegadas por exceso no suposto de que efectuara a achega total algunha das Administracións asinantes.

#### **CUARTA.- SERVICIO DO PARQUE.**

Unha vez que se proceda á recepción do material relacionado na cláusula segunda, o Parque de Bombeiros de Santiago deberá escomenzar a presta-lo seu servizo nos concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, nas mesmas condicións nas que o veña prestando no propio Concello de Santiago de Compostela.

#### **QUINTA.- CARÁCTER DO PARQUE**

En virtude do convenio marco asinado con data do 27 de setembro de 2001, e dos convenios de desenvolvemento que del se derivan, o Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela terá o carácter de Parque Comarcal de Incendios con extensión a tódolos concellos asinantes, sen prexuízo das potestades en canto á organización e funcionamento interno do Parque, que seguirán correspondendo, con carácter pleno, ó Concello de Santiago de Compostela.

#### **SEXTA.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN**

Para supervisar a prestación do servizo prevista no presente convenio constituirase unha Comisión de Coordinación integrada por dous representantes da Consellería de Xustiza; dous da Deputación Provincial; dous do Concello de Santiago e dous en representación dos demais concellos asinantes deste acordo, designados por votación maioritaria entre os alcaldes destes.



Esta comisión reunirse ó menos unha vez ó trimestre para coñecer e avalia-la prestación do servicio no seu ámbito comarcal e para adopta-las medidas que se estimen necesarias para a mellor efectividade do servicio.

Corresponde especialmente á comisión de coordinación garantir, con competencia plena que a prestación do servicio se efectúe sen ningunha diferenciación en canto á súa calidade, celeridade e emprego dos medios que resultaran necesarios en cada actuación, calquera que sexa o concello onde esta actuación se produza.

#### **SÉTIMA. PRAZO DE VIXENCIA**

O presente convenio terá vixencia, no que respecta á súa execución económica, de acordo coa cláusula terceira deste convenio, ata 31 de decembro do 2001, sen prexuízo de que a adxudicación e recepción dos vehículos por parte da Deputación sexa posterior a esta data.

#### **OITAVA.- INCUMPRIMENTO**

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á resolución deste e no seu caso, a devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de mora correspondentes se fora o caso

No suposto de que o Concello de Santiago de Compostela incumprise os compromisos asumidos, deberá devolver ó resto das Administracións contribuíntes unha cantidade equivalente ó valor venal dos vehículos ós que se refire o presente convenio, calculado con referencia ó momento en que este incumprimento resulte, efectivamente, determinado, e detraendo a cantidade correspondente á achega do propio Concello de Santiago de Compostela.

#### **NOVENA.-NATUREZA XURÍDICA**

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con el serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas existentes estarase ó disposto, no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas, e demais lexislación de aplicación Xeral.

2º) Facultar á Presidencia para canto resulte procedente en orde ó correcto desenvolvemento do presente acordo.”

(Sae o Sr. Cobas García).

#### **26.- CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DO CICLO CONMEMORATIVO DE G.VERDI**

## INTERVENCIONES

### Sra. Santiago López

Para anunciar a intención de voto neste bloque de Cultura, Deportes e Xuventude, o noso voto vai ser afirmativo nos puntos 26, 27 e 29, e no caso do punto 28, manifestamos unha intención de abstención, basicamente pola existencia dun informe técnico que cuestiona a necesidade da integración desta deputación dentro do padroado, xa que é un órgano con entidade xurídica propia que é probable que leve a esta deputación a maiores compromisos cós que aparecen polo momento no convenio existente. Entón, como dicía, o noso voto vai ser de abstención neste punto.

### Sr. Fernández Moreda

Para anunciar tamén o voto favorable do grupo socialista ós puntos 26, 27, 28 e 29, e anunciar tamén o voto favorable ó punto 30 e 31.

## ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Apróbase a subscripción dun convenio de colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera para o financiamento de actividades do ciclo conmemorativo de G. Verdi, conforme co seguinte texto:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DOS AMIGOS DA ÓPERA DA CORUÑA.

A Coruña, de de dous mil un.

## REUNIDOS

O Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e

D. Antonio Vasco Pardavila, presidente da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

## EXPOÑEN

1.-Que na data do 1 de febreiro de 1989 e, ó abeiro do disposto na Lei de asociacións 191/64, aprobáronse os estatutos vixentes da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, co obxecto de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

2.-Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.-Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ó patrocínio das actividades correspondentes ó último trimestre do ciclo conmemorativo do centenario de G. Verdi, que a Asociación de Amigos da Ópera vén celebrando ó longo do presente ano e, en tal sentido, no orzamento correspondente ó presente exercicio figura unha subvención nominativa, por importe de 6.000.000.- ptas.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ámbalas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O presente convenio ten por obxecto colaborar no financiamento das actividades do último trimestre do ciclo conmemorativo do centenario de G. Verdi, que se vén celebrando ó longo do presente ano.

A achega da deputación destínase, en concreto, ó financiamento dunha exposición conferencias e concertos, sendo o programa total do ciclo o que se detalla na seguinte cláusula.

**SEGUNDA.-** O programa do ciclo, do que a denominación é: Verdi nos festivais de ópera da Coruña, é o que segue:

Proxección de vídeos comentados, con fragmentos ou representacións completas de óperas de Verdi realizadas ó longo dos anos nos que vén desenvolvendo a súa actividade a Asociación de Amigos de la Ópera.

-Febreiro 21: Selección de escenas de óperas de Verdi que foron representadas no Teatro Colón: A Traviata, Nabucco, A Forza do Destino, Aida, Rigoletto, Il Trovatore.

- Marzo 27: Proxección de "Simón Bocanegra" que foi representada no pazo da ópera.
- Abril 27: Selección de óperas de Verdi que se representaron no pazo da ópera.
- Maio 24: Proxección da ópera Nabucco que foi representada no pazo da ópera.
- Xuño 19: Proxección da ópera A Traviata que se representou no pazo da ópera.

### **Derradeiro trimestre de 2001.**

**-Exposición: Verdi no fondo musical "Canuto Berea" da Excma. Deputación Provincial da Coruña.** En colaboración coa Biblioteca Provincial.

**-Conferencias: Verdi na Coruña en tempos de Verdi** polo musicólogo X..M. Carreira.

Dúas conferencias sobre o tema **Verdi: un proxecto para o ano 2001**, polo crítico musical e musicólogo Arturo Reverter.

**-Concertos: A música de Verdi nos salóns da burguesía. Selección de óperas de Verdi.**

Cantantes: Ángeles Blancas (soprano)

Genaro Sulvarán (barítono)

Daniel Muñoz (tenor)

**TERCEIRA.**-A Deputación da Coruña destina ó financiamento do presente convenio a cantidade de seis millóns de pesetas (36.060,73 euros) para o obxecto sinalado no parágrafo primeiro.

**CUARTA.**- As obrigas da Asociación dos Amigos da Ópera serán as seguintes:

- A. Aboar tódolos gastos de produción.
- B. Aboar tódolos gastos derivados do transporte, montaxe e seguros de materiais.
- D. Adoptar as medidas de seguridade que sexan necesarias para evitar que se produzan accidentes, dos que non se fará responsable a deputación.
- E. Xestionar a cesión dos locais para a celebración de tódalas actividades.
- F. Aboar e xestionar tódolos gastos de publicidade e difusión en prensa.

G.- Proporcionar os textos informativos necesarios.

**QUINTA.**- As obrigas da deputación serán as seguintes:

A.-Achegar a cantidade de 6.000.000.- ptas.

Esta achega supón un coeficiente de financiamento do 65,04% do orzamento correspondente ás actividades do derradeiro trimestre do ano (9.225.000.- ptas., 55.443,37 euros), consonte co orzamento que figura como anexo do presente convenio.

B.-Realizar os traballos de imprenta de todo o ciclo (programas, carteis, etc.).

C.-Ceder a sala de audiovisuais da Biblioteca Provincial para realizar distintos actos.

**SEXTA.**- O importe da cantidade sinalada na cláusula terceira será aboado á Asociación dos Amigos da Ópera da forma seguinte:

- 90% á sinatura do presente convenio, en concepto de anticipo prepagable, despois da presentación de aval, que se ha xustificar ó cumprimento do convenio.
- 10% unha vez finalizado o ciclo e despois da presentación de memoria das actividades levadas a cabo e certificación detallada dos gastos realizados, expedida polo Sr. Secretario da Asociación dos Amigos da Ópera, co visto e praxe do seu presidente.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto orzado, minorarase proporcionalmente a achega da deputación ata a cantidade xustificada, consonte co coeficiente de financiamento indicado na cláusula quinta, apartado A.

No caso de que os gastos xustificados foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na cláusula terceira.

O dito pagamento requirirá os informes da Sección de Cultura e Deportes e dos Servicios de Patrimonio e Contratación e Fiscalización.

**SÉTIMA.**- A achega da deputación non será incompatible coa doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto, non podendo superar a suma das achegas de todas elas o importe total dos gastos realmente xustificadas.

Para tal efecto xunto coa xustificación dos gastos realizados, achegarase declaración das subvencións obtidas doutras entidades públicas ou privadas.

**OITAVA.**- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador do ciclo, polo cal deberá facerse constar de forma expresa o dito patrocinio en toda a publicidade que del se realice.

**NOVENA.**- O prazo de vixencia do presente convenio finaliza o 26 de decembro do presente ano.

A xustificación documental dos gastos materiais e persoais derivados do cumprimento do presente convenio deberá presentarse antes do 31 de decembro do presente ano; a falta de presentación da dita documentación no prazo indicado, sen que medie solicitude razoada de prórroga, dará lugar ó reintegro do importe percibido e non xustificado ó que se deberá engadir o correspondente xuro de mora, calculado desde a data da chegada do primeiro prazo.

**DÉCIMA.**- A solución dos conflitos que puideran surxir con motivo do presente convenio corresponderalle á xurisdicción contencioso-administrativa.

Así o din, asinan e outorgan, na data sinalada no encabezamento.

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.: Antonio Vasco Pardavila

Perante min  
O secretario da deputación

Asdo.: José Luis Almau Supervía

### **ORZAMENTO**

Concertos.....8.750.000.-  
Conferencias..... 250.000.-  
Exposicións. .... 225.000.-

Total.....9.225.000.-"

2.-Aprobar a chegada da deputación por importe de 6.000.000.- ptas. (36.060,73 euros) que supón unha porcentaxe de financiamento do 65,04% do orzamento das actividades do derradeiro trimestre do ano.”

## **27.- CONVENIO CO CONCELLO DE BETANZOS PARA O FINANCIAMENTO DO II CONGRESO DE PEQUENAS CIDADES ESPAÑOLAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-En razón á especial importancia da actividade formulada, concederlle ó concello de Betanzos unha subvención nominativa por importe de 5.000.000.- ptas., destinada ó financiamento do II Congreso de pequenas cidades españolas, que terá lugar na cidade de Betanzos os días 16, 17 e 18 de novembro.

2.-Aprobar a subscrición dun convenio de colaboración co concello de Betanzos para o financiamento do II Congreso de pequenas cidades españolas, de conformidade co texto que se une como anexo.”

### **CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BETANZOS PARA REALIZAR O II CONGRESO DE PEQUENAS CIDADES ESPAÑOLAS, QUE TERÁ LUGAR NA CIDADE DE BETANZOS, OS DÍAS 16, 17 E 18 DE NOVIEMBRE DE 2001.**

A Coruña, de outubro de dous mil un.

#### **REUNIDOS**

D. José Luis Torres Colomer, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña en nome e representación desta, asistido por D. José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Excma. Deputación provincial.

D. Manuel Lagares Pérez, alcalde-presidente do Concello de Betanzos, en nome e representación deste, asistido por don Cristóbal Fraga Bermejo, secretario xeral do concello.

#### **MANIFESTAN**

1.-Que ámbalas partes teñen plena capacidade para subscribir o presente convenio.

2.-Que a Deputación da Coruña, en virtude das competencias que lle son propias e ó abeiro do disposto nos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, considera procedente a celebración dun convenio co concello de Betanzos, co fin de que colabore economicamente na celebración do II Congreso de Pequenas Cidades Españolas.

3.-Que este congreso contará coa participación daqueles concellos que teñen entre 5.000 e 20.000 habitantes, así como outros menores que reúnen características singulares.

4.-Que a finalidade do congreso será abordar temas relacionados cos fondos europeos e os concellos, o financiamento local, as federacións de municipios, o patrimonio cultural, o turismo, as novas tecnoloxías, a distribución do territorio e a preservación do ambiente.

5.-Que, por todo o exposto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración consonte coas seguintes:

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.**- O obxecto do presente convenio é regular as condicións da colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos, coa finalidade de organizar o II Congreso de Pequenas Cidades Españolas, que terá lugar na cidade de Betanzos os días 16, 17 e 18 de novembro de 2.001.

**SEGUNDA.**- A Deputación da Coruña aboará ó Concello de Betanzos a cantidade máxima de 5.000.000.- ptas. (30.050,61 euros) para desenvolver os actos que se relacionan a continuación:

- A) Organización do Congreso
- B) Axudas de custa, aloxamento, manutención e desprazamento dos relatores.
- C) Manutención e desprazamentos dos participantes no congreso.
- D) Gastos derivados de visitas guiadas dos participantes a Santiago de Compostela e A Coruña.
- E) Gastos de imprenta
- F) Publicidade, difusión e comunicación.

En caso de que os gastos foran inferiores estarase ó disposto na cláusula terceira B do presente convenio.

**TERCEIRA.**- A achega da deputación aboarase da seguinte forma:

A) Dous millóns cincocentas mil pesetas (15.025,30 euros), á sinatura do convenio, co carácter de anticipo prepagable “para xustificar”, co fin de facilitar o desenvolvemento da organización do congreso.

B) Unha vez finalizado o período de vixencia do convenio, o concello presentará certificación-liquidación, na que se detallan os pagamentos realizados polo concello, que se corresponderán cos conceptos sinalados na cláusula segunda.



En ningún caso a achega total da Deputación será superior a 5.000.000.- ptas., aínda no caso de que o importe dos pagamentos fose superior a 20.000.000 ptas.

Se o importe dos pagamentos fose inferior a 20.000.000.- ptas., a deputación aboará o 25% dos pagamentos efectivamente realizados polo concello, unha vez descontado, o importe de anticipo.

Para o aboamento das achegas provinciais, requirirase o informe previo da Sección de Cultura e Deportes e dos Servicios de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

**CUARTA.-** A achega da Deputación da Coruña será compatible con calquera outra achega, tanto de entidades públicas como privadas.

**QUINTA.-** A xustificación dos pagamentos deberá realizarse antes do 30 de marzo de 2002.

**SEXTA.-** O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar a resolución deste e, se é o caso, á devolución das cantidades percibidas.

**SÉTIMA.-** A solución dos conflitos que puideran surxir con motivo do presente convenio corresponderalle á xurisdicción contencioso-administrativa.

**OITAVA.-** Este convenio estará en vigor ata o 30 de marzo de 2002.

#### **ANEXO ORZAMENTO DE GASTOS**

Gastos de organización	10.000.000.-
Axudas de custa, desprazamentos, visitas guiadas, agasallos de relatores e participantes	5.000.000.-
Gastos de imprenta	2.000.000.-
Publicidade, difusión e comunicación	3.000.000.-
Total	20.000.000.-

Faise constar que este convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº con data do .

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN,

O ALCALDE-PRESIDENTE DO

CONCELLO DE BETANZOS,

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.: Manuel Lagares Pérez

O SECRETARIO DA DEPUTACIÓN,

O SECRETARIO DO CONCELLO

Asdo.. José Luis Almau Supervía

Asdo.: Cristóbal Fraga Bermejo

**28.- RATIFICACIÓN DA INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO PADROADO DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA E ABOAMENTO DAS ACHEGAS CORRESPONDENTES ÓS ANOS 2000 E 2001.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Ratifica-la integración da Deputación da Coruña no Padroado da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña.

2.-Aboar ó Padroado da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña as achegas correspondentes ós anos 2000 e 2001, por importe de 550.000.- ptas. cada unha delas.

3.-Calquera modificación da achega no futuro deberá recollerse expresamente nas Bases de execución do presuposto provincial para o correspondente exercicio.”

**29.- CONVENIO CO CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DE MÚSICA PARA O FINANCIAMENTO DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a subscrición dun convenio de colaboración co Consorcio para a promoción da música para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galicia, conforme co seguinte texto:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA NO ANO 2001.**

A Coruña, de de 2001, no pazo provincial.

**REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

O Excmo. Sr. D. Francisco Vázquez Vázquez, presidente do consorcio para a promoción da música.

**EXPOÑEN**

1º.-Que a Deputación provincial ten entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia e máis concretamente o fomento en materia de cultura, educación e deporte, así como a prestación de asistencia económica e técnica ós seus concellos.

2º.-Que o Concello da Coruña en sesión plenaria celebrada o día dezanove de abril de mil novecientos noventa e un aprobou a constitución do organismo denominado Consorcio para a promoción da música, que asumirá a xestión directa da Orquestra Sinfónica de Galicia e terá por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

3º.-Que a Deputación da Coruña, por outra parte, reconece o labor cultural que vén desempeñando a Orquestra Sinfónica de Galicia do Concello da Coruña e considera que este tipo de actividades se deben fomentar e promocionar.

4º.-Que no orzamento da Deputación da Coruña aprobado para 2001 figura consignada unha subvención nominativa por importe de 100.000.000.- ptas. ó nome do Consorcio para a Promoción de Música da Coruña. Orquestra Sinfónica de Galicia.

5º.-Que, co obxecto de efectuar a colaboración sinalada acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

**Primeira.-** A Deputación da Coruña contribuirá ó financiamento das actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia, no ano 2001, coa cantidade de 100.000.000 de pesetas, (601.012 euros).

**Segunda.-** A achega indicada na cláusula anterior destínase ó financiamento dos gastos correspondentes ó financiamento e realización das actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia, durante o ano 2001.

**Terceira.-** A colaboración da Deputación da Coruña farase constar ó menos en toda a difusión publicitaria que se realice dos concertos didácticos da Orquestra Sinfónica de Galicia.

**Cuarta.-** A Orquestra Sinfónica de Galicia realizará a estrea da obra *El monte de las ánimas* de Andrés Valero Castells, gañadora do IV premio de composición musical Andrés Gaos, convocado pola Deputación da Coruña.

A data e lugar de estrea serán fixados de mutuo acordo.

**Quinta.-** A Deputación da Coruña recibirá un mínimo de 3.500 butacas infantís no auditorio para o ciclo de concertos de primaria e para o ciclo de xoves, e 5.640 entradas para visitas colectivas gratuítas ás instalacións museísticas do concello da Coruña: Casa das Ciencias, Domus e Acuario.

As ditas entradas serán distribuídas pola Deputación da Coruña entre alumnos de ensino obrigatorio de toda a provincia.

As datas das visitas serán fixadas de mutuo acordo.

**Sexta.-**A achega económica da deputación aboarase na súa totalidade (100.000.000.- ptas, 601.012,10 euros) trala sinatura do convenio, en concepto de gastos para xustificar.

O Consorcio para a promoción da música xustificará a dita achega mediante a presentación de certificación de gastos derivados das actividades obxecto do convenio.

**Sétima.-** A achega sinalada supón o 6,32% do orzamento por operacións correntes do Consorcio para a Promoción da Música para o presente ano 2001, que ascende a 1.582.269.017.- ptas. (9.509.628,32 euros), non obstante a achega da deputación

manterase sempre que a cantidade xustificada sexa superior ou igual a 100.000.000.- ptas. (601.012,10 euros).

**Oitava.-** A achega da Deputación da Coruña, en ningún caso, será superior a 100.000.000.- ptas., (601.012,10 euros) por ser o importe máximo que figura consignado no vixente orzamento.

**Novena.-** Este convenio terá vixencia durante un ano contado desde a súa sinatura.

2.-Aprobar a achega da deputación por importe de 100.000.000.- ptas. (601.012,10 euros), que supón unha porcentaxe de financiamento de 6,32% do orzamento por operacións correntes do consorcio para o presente ano 2001.”

### **30.- MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO, ANO 2002.**

#### INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

No Pleno que se celebrou o día 28 de setembro deste ano iniciouse un debate sobre a política de persoal que estaba levando esta deputación, centrada naquel momento nun punto en concreto, que era a proposta de que se incrementara a partida orzamentaria para o ano 2001, para pagar un incremento no concepto de produtividade adicional.

Naquel momento o grupo provincial do Bloque votaba en contra e entendendo que estabamos en contra do mesmo concepto, en primeiro lugar porque era unha maneira de enmascarar que se estaban realizando horas extras maiores das oitenta legalmente establecidas e que, polo tanto, deixábase entrever que había un problema de creación, ou da necesidade de creación de novos postos de traballo, dado que se estaban xerando tal cantidade de horas extras, e en segundo lugar porque aquelas persoas que se propoñía a través da Presidencia para o cobramento desta produtividade adicional, no senso de que estaban cumprindo os obxectivos no traballo, nosoutros entendiamos que non había criterios obxectivos suficientes como para primar a determinado persoal desta casa cunha produtividade adicional en contra doutra. E xa apuntabamos que dentro do funcionamento e dentro do persoal laboral que traballa na Deputación da Coruña, tiña uns temas de persoal que estaban pendentes. Entón, e efectivamente así se nos informou tamén nunha Comisión Informativa de Persoal, máis ou menos celebrada nas mesmas datas, estaba en marcha o que parecía ser un proceso de negociación con todo o persoal para acometer determinados puntos que levaban pendentes durante anos na Deputación Provincial.

¿Cal é o problema do expediente que se nos presenta neste momento para aprobación plenaria, preceptiva á aprobación do orzamento para o ano 2002? ben, pois fundamentalmente, para o grupo provincial do BNG, é que desafortunadamente para os traballadores da deputación existe, efectivamente, unhas propostas de modificación do cadro de persoal e de creación dunha oferta pública de emprego, onde si xa consta, por unha parte necesidades novas que ten a deputación, e por outra a reconversión de determinados postos que estiveron cubertos por traballadores con contratos temporais durante anos, que se reconverten en traballo fixo, pero por outra parte, preséntasenos unha RPT que para nosa sorpresa, non varía en absoluto a que estivo vixente nesta Corporación Provincial en anos anteriores, e isto despois dun proceso de negociación que se frustrou e que fracasou estrepitosamente, o cal fixo que, así como se nos fixo chegar unha proposta para debater na Comisión de Persoal, convocada para informe preceptivo antes deste Pleno, na mesma comisión tívose que retirar da orde do día e presentarnos unha que, en todo caso, tiña as características que comentaba antes, é dicir, hai unha creación de novos postos de traballo, pero a RPT vén a ser un calco da que existiu en anos anteriores. E eu, como isto é a fase final dun proceso que se abriu desde hai tempo nesta deputación, permítanme que faga un pouco de historia para saber o que pasou e nas condicións que estamos neste momento.

Recordar que a inicios do mandato, o 28 de abril do ano 2000, aprobouse un prego de condicións para a contratación dunha asistencia técnica para realizar un estudio dos procedementos administrativos existentes nesta casa, que levaba implícito, en todo caso despois co documento que se nos pasou da empresa que gañou o concurso e que tiña que facer este tipo de asistencia técnica, leva implícito en todo caso unha avaliación e unha valoración dos postos de traballo e se existía unha adecuación, ou non existía unha adecuación ás necesidades desta Deputación Provincial. En todo caso, na defensa destes puntos houbo dous obxectivos que se utilizaron moito, un era a eficacia no cumprimento dos traballos encomendados á Deputación e outro era a eficiencia no senso de procurar aproveitar os recursos que se tiñan o mellor posible.

Isto, teoricamente, tiña que desencadear un proceso que tería que terminar en abril deste ano coa entrega dun documento, onde se se puidera, que servira para sentar as bases dun plan de modernización da deputación. No 23 de novembro do ano 2001 descoñecemos se esta asistencia técnica tivo algún tipo de resultado porque non temos coñecemento de que se elaborara ningún documento, nin que se fixera, ou cando menos, ultimara, ningún tipo de estudio, porque temos un descoñecemento total e non se nos pasou, nin na Comisión de Persoal nin neste Pleno, como cando se creou a Comisión de Racionalización, a fins do ano 1999, fixébase como maneira de colectivizar e de pasar a toda a Corporación os resultados e os obxectivos do Plan de modernización.

Con isto quero dicir que, despois de dous anos, a persoa que é responsable de persoal, que tiña tamén ó seu cargo o Plan de modernización, comentaba xa en setembro que, ou ben piso o acelerador ou non nos encontraremos nun novo mandato desta Corporación, con tódolos aquí presentes, ou non, con novas incorporacións, estando exactamente igual, e eu penso que a eficacia e a eficiencia que se proclamaba naquel momento brillan pola súa ausencia. En todo caso, eu que son traballadora, en excedencia neste momento, dunha empresa eléctrica, temos a sorte, como dicíamos nosoutros, que menos mal que hai centrais, hai fíos conductores e hai contadores que permiten que a electricidade chegue a casa, pois aquí na deputación pasa igual, menos mal que temos diñeiro para pagar nóminas, para ter un persoal que traballa na deputación e, polo tanto, máis mal ca ben, van saíndo as cousas.

¿Por que fago esta referencia ó Plan de Modernización respecto da modificación do cadro de persoal?, pois evidentemente porque foi ese horizonte que se formulou ós representantes dos traballadores para chegar, cando menos, a falar e a negociar con eles, tres aspectos que sempre estiveron no poleiro e que nunca foron tratados coa racionalidade e coa rigorosidade que se debía de facer, que eran en concreto esta valoración dos postos de traballo, unha posible reclasificación nos niveis de complemento de destino e, polo tanto, na posibilidade retributiva dos funcionarios e do persoal laboral, e en algo que é desexo por parte do persoal desta casa, que sería abrir e facilitar a posibilidade dunha maneira administrativa profesional que posibilitara estes niveis de promoción interna que hoxe son inexistentes nesta Corporación.

Sen ter resultados deste famoso estudio e asistencia técnica abriuse unha negociación coa Xunta de Persoal porque o presidente da Comisión de Persoal viu necesario abri-la ¿cales foron os resultados desta negociación?, pois que neste momento encontrámonos exactamente como estamos. Eu penso que o presidente da deputación o único que foi capaz nesta negociación foi de armar tal lea e proxectar tal insatisfacción en todo o persoal que traballa na deputación, que se viu obrigado a retirar a proposta que tiña sobre a mesa, sobre a mesa da Xunta de Persoal e sobre a mesa da Comisión de Persoal que, como xa dixen antes, tívose que retirar o mesmo día en que tiñamos convocada a Xunta. ¿Cal é o resultado final?, pois que seguimos estando como estamos, quero dicir, se queren, e pasando a chiste o que pode ser esta realidade, é que se produce o que se comentaba con aquela persoa eivada que ía a Lurdes a conseguir un milagre e cando tivo problemas dixo “que me quede como estou”, quero dicir, que eu penso que ó final, o persoal desta casa eu non sei se se terá que agradecer que por parte dos orzamentos do Estado se lle reconeça un mínimo incremento que non lle vén nin a paliar o incremento do IPC que está producindo estes anos, e que cando menos poida ter a satisfacción de que queda como está, ¿por que? porque a proposta tan desatinada, tan discriminatoria, que afondaba aínda moito máis no que é a diferenciación entre uns grupos de traballadores e entre outros, sen solucionar o problema

fundamental, que era o de reclasificar os niveis retributivos de distintas categorías destas empresa que, o final, tivo que deixala porque, senón, o balbordo podería ser magnífico.

Polo tanto, e en conclusións, nosoutros entendemos que o produto do expediente que nos vén aquí é seguir mantendo a situación como está, que deixe ó descuberto que nesta Deputación Provincial non existe ningún tipo de política de persoal prefixada, se non é manter o que hai neste momento haxa os problemas que haxa e, polo tanto, nosoutros neste senso, pendentes da negociación que se abrirá a partir das novas eleccións sindicais, que teñen como produto unha nova Xunta de Persoal, a raíz da demisión obrigada por toda esta situación, da actual Xunta de Persoal, nosoutros ímonos abster neste punto, o que non podemos é apoiar o inmovilismo en algo que está afectando o que é a capacidade adquisitiva e a capacidade retributiva dos funcionarios desta casa.

#### Sr. Rodríguez Rodríguez

Tocante á intervención da representante do BNG habería que dicir, en primeiro lugar, qué é o que realmente sometemos á aprobación deste Pleno é un dobre aspecto: en primeiro lugar, o incremento do cadro de persoal necesario para facer efectivo o compromiso da deputación cos concellos da provincia con motivo da sinatura de renovación do compromiso da deputación de facerse cargo da recadación de tributos. Creo que ese novo convenio é a expresión dunha vontade decidida da Deputación de prestarlle servicio a tódolos concellos, e o cadro de persoal responde a esa necesidade dotando de novas prazas na Tesourería, na Recadación, nos Servicios de Xestión Tributaria e de Fiscalización.

Creo que esta creación de persoal é un compromiso da deputación que vai conseguir, pola rapidez coa que imos dar lugar á promoción destas prazas, dentro dos principios constitucionais, e con suxeición a tódolos requisitos legais, de que realmente a deputación está en situación de demostrar cómo é capaz de prestar un servicio eficiente a tódolos concellos da provincia.

O segundo aspecto que contén esta proposta que se presenta ó Pleno é o relativo a máis de 20 prazas, 22 prazas en concreto, dotalas suprimindo postos de carácter temporal que se estaban cubrindo na deputación durante moitos anos. Era unha situación que se estendía en moitos casos desde o ano 97 na que, necesidades permanentes da Deputación, viñan sendo atendidas a través de contratacións temporais que se ían renovando ano a ano. Isto, en definitiva, non era correcto, porque se estaba utilizando un instrumento inadecuado para resolver a necesidade permanente da deputación, e a súa xustificación histórica estaba relacionada cos problemas que se derivaban das limitacións que as leis de orzamentos impoñían á dotación de prazas vacantes no cadro de persoal, existían prazas vacantes, pero as leis de orzamentos impedían a súa cobertura, existía unha necesidade e a deputación, para resolver esa necesidade, utilizaba contratacións temporais.



Cando analizamos esta situación consideramos que isto había que rompelo, e aproveitamos un instrumenot legal, que é unha figura recoñecida, que é a consolidación do emprego temporal, que nos permite non ter en conta estas limitacións na cobertura de prazas, en función do expediente que se está realizando, e polo tanto, crear estas prazas de funcionarios, sen ningún custo adicional para a deputación, porque isto determina a supresión de créditos temporais polo mesmo importe, e proceder á súa cobertura de forma legal, sen prexuízo de que tendo como temos unha posición favorable dos sindicatos neste senso, poida nomearse persoal interino ás persoas que o estaban desempeñando, e que despois serán cubertas a través de concurso-oposición, consonte cos principios constitucionais de mérito, capacidade e publicidade e concorrència. Este é o contido deste expediente. Pero como é natural, como a intervención da señora deputada referíase a outros aspectos, eu non teño inconveniente en comentalos tamén.

En primeiro lugar, o que se refiere ó Plan de modernización da deputación. Nosoutros temos un compromiso político que se anunciou ó inicio desta lexislatura, cando tomamos posesión, que ó final dela poidamos dotar á deputación dun sistema de xestión, funcionando, que coloca á Deputación da Coruña entre as primeiras Administracións públicas de España. E ten os tres principios básicos: un principio básico é que tódolos traballos que se realizan na Deputación repousarán sobre un sistema informático; un segundo principio é que calquera cidadán se poderá dirixir á Deputación a través de Internet, dos sistemas de información, para poder obter unha resposta formal, ou poder obter información sobre calquera expediente; e o terceiro principio fundamental é que calquera documento que se presente na deputación, non teña que reiterarse de novo en calquera expediente que se formule. Teremos así unha Deputación Provincial que, recollendo un slogan xa coñecido, pero moi difícil de aplicar na práctica, está aberta as 24 horas do día, os 365 días do ano.

E, sentindo, diríamos, o pesimismo que manifesta a señora deputada do BNG, dicímoslle que o imos conseguir, e dicímoslle que cando nosoutros completemos o noso labor na deputación iso estará feito, e estamos traballando niso. Iso non é un proxecto de catro días nin de catro meses, é un proxecto moi complexo que ten distintas fases, unha delas que se cumpriu xa, que é a análise de procedementos da deputación, está entregada a documentación por parte da empresa adxudicataria, estamos completando a documentación encargada, porque esta documentación ten algúns aspectos que requiren ampliación, e nosoutros, no primeiro trimestre do ano que vén, sacaremos a licitación a segunda fase do proxecto, que é a implantación do novo modelo de xestión, en base ós estudos realizados ata agora e iso non é lentitude. O que coñeza, o que sexa un profesional da Administración, sabe que un proceso de reforma integral dunha Administración pública non se fai nun ano, nin en dous, necesita tempo, necesita maduración, e isto é o que estamos desenvolvendo e levando á práctica.

Paralelamente a este proceso estamos desenvolvendo outro, e este outro proceso é o de implantar na deputación a dirección por obxectivos e a valoración ó rendemento, seguindo o modelo doutras Administracións públicas, e en concreto a Xunta de Galicia. O que podo dicir neste senso é que o día 4 deste mes imos convidar a tódolos funcionarios da deputación e ós representantes sindicais correspondentes, e como é natural, estensible a tódolos membros desta corporación que o consideren interesante a coñecer en profundidade o sistema que se está aplicando, neste caso, na Xunta de Galicia, que queremos unha implantación na deputación tamén nesta lexislatura. E iso cerraría o proceso de modernización administrativa, e poderíamos marcharnos tranquilos ou cumprir tranquilos o noso compromiso coa Deputación ó final desta lexislatura.

(Entra o Sr. Cobas García).

Cousa distinta é modificacións retributivas que non veñen a este Pleno, nin negociación con respecto a determinados retoques que se poderían facer no sistema retributivo da Deputación. Iniciamos un camiño neste sentido, e cando vimos que ese camiño non resolvía tódolos problemas que queríamos formular, simplemente aprazamos a decisión, e ese aprazamento creo que foi ben recibido por tódolos membros desta deputación, por todo o persoal, e que todo o persoal sabe que a deputación cando presenta ante este Pleno un proxecto vai ter os consensos necesarios e vai ter a solidez necesaria. Entre tanto, non o presentamos nin temos por que dar outras explicacións, e simplemente dicir que cando tomamos decisións tomámolas con toda conciencia, e que os traballos previos demostráronnos que hai determinados obstáculos, determinados problemas que advertidos estes problemas, aconselláronnos prudentemente, que en definitiva é o que fixemos, non traer a este Pleno desta Corporación medidas que non sexan plenamente satisfactorias. Pero para nada, e quero dicilo así, os estudos da empresa consultora teñen que ver directamente con temas retributivos, senón que se refiren á organización da Deputación, á organización informática, ós procedementos administrativos e, en definitiva, a tecnoloxías da información e a súa aplicación a esta Deputación.

Isto é o que podo dicir, e en definitiva o que estamos facendo son cousas concretas, sensatas, importantes, que benefician á casa, que melloran substancialmente, creo que esas 22 prazas vai mellorar moito a efectividade de servizos, entre eles, fundamentalmente, a asistencia a municipios, e que cando teñamos modificacións retributivas presentáremolas a esta Corporación. Creo que hoxe hai un consenso xeral na casa de que se nos deixe traballar con tranquilidade e de que debemos, cando traíamos medidas neste sentido, traelas con ese consenso que nosoutros consideramos adecuado.

Moitas gracias.

Sra. Vázquez Veras

Moi brevemente para responder, en todo caso, ós tres aspectos que efectivamente, tratou o Sr. presidente da Comisión de Persoal, pero tamén deixando ben claro que, efectivamente, é potestativo por parte do equipo de goberno iniciar e ultimar unhas negociacións, pero nada nos aclarou respecto ós temas, única e exclusivamente unha cousa que, efectivamente, xa dixen na miña intervención, que existe un novo aprazamento. Claro, un novo aprazamento, cando falamos de dous ou tres meses, ó mellor, non é moi grave, un aprazamento, cando se fala de anos de nula política de persoal da deputación, efectivamente, estamos falando doutra cousa. Eu xa comentaba antes, é que o conflito é que ó final, ata ó final os funcionarios desta casa van ter que dar gracias porque se retirara esa proposta, pero se dan gracias porque se retire esa proposta será porque realmente era francamente mala e lesiva para os seus intereses.

En todo caso, respecto ós dous puntos, Plan de modernización, ben, foi un obxectivo que se fixou o equipo de goberno, que non nos fixamos a oposición nin foi a demanda da oposición, foi un dos obxectivos políticos que se fixou, insisto, o equipo de goberno desta Deputación, un Plan de modernización que tivo as súas fases, que tivo os seus pasos de axuda de asistencia técnica externa e onde se fixeron uns prazos que non fixemos nosoutros para nada. Sen embargo, insistir que eses prazos, neste momento, están incumpridos e o Sr. presidente da comisión o único que nos pide é que volvamos a ter un dogma de fe, e que creamos que realmente vai existir ese Plan de modernización dentro de ano e medio. En todo caso, nosoutros, cando menos, o que temos que dicir é que pouca axilidade houbo e pouca eficiencia houbo nos traballos que se fixeron ata o momento, e en todo caso direi que tamén se anuncia aquí que existe un documento onde xa existe unha valoración da situación actual dos procedementos administrativos por parte da asistencia técnica, está incumprindo o compromiso que adquiriu cando se creou a Comisión de Racionalización, de información a toda a deputación, vía Comisión de Persoal, vía Pleno da Deputación, destes estudos, e agora, proponse a posibilidade de meterlle a racionalidade e de entrar no que son os niveis retributivos dos funcionarios e, efectivamente, asínase un convenio coa Xunta de Galicia para tratar de implantar dentro da Deputación un directorio por obxectivos que, Sr. Rodríguez, polo coñecemento que ten esta persoa que lle fala do cumprimento na mesma Xunta de Galicia, está tamén en fase de estudos, non hai ningunha Consellería, que esta deputada saiba, nin ningún departamento, que esta deputada saiba, que teña xa feito e realizado o directorio por obxectivos, está en fase de estudio na comisión de avaliación, imaxínese que longo nolo fía para tratar de implantar algo que neste momento non está en marcha naquela Administración, que xa o fixo hai tempo, tratar de implantalo e de adecualo a esta casa. En todo caso, ó final, o único que lle queda por parte dos funcionarios e os traballadores desta Deputación é agardar a unha negociación, que agardemos que sexa máis fructífera cás que se fixeron ata agora, para tratar, cando menos, de ver reflectido algo, aínda que iso sexa algo do que están demandando neste momento.

Sr. Rodríguez Rodríguez

En relación a esta segunda intervención, a verdade é que a miña perplexidade é bastante grande. En primeiro lugar, a Sra. deputada fala duns prazos concretos, materiais, de que as fases... non hai tal incumprimento de prazos, nesta Deputación adquirimos un compromiso, que é nesta lexislatura converter en realidade a transformación dos sistemas de xestión da deputación nun novo modelo organizativo, e ímolo conseguir. E en segundo lugar, non hai ningún incumprimento con respecto ás relacións coa Comisión de Racionalización porque esta Comisión terá coñecemento no seu momento do final da primeira fase e da convocatoria da segunda. Polo tanto, todas esas declaracións que fan a Sra. deputada non teñen nada que ver coa realidade.

Tamén dicía que levabamos moitos anos cun réxime retributivo que había que modificar, hai un réxime retributivo legal nesta deputación, que corresponde á aplicación das normativas existentes de carácter retributivo, coas categorías e os conceptos retributivos de soldo, complemento de destino, antigüidade, etc., que se están mantendo, iso non quere dicir que ese sistema poida ser mellorado, pero optamos pola prudencia, optamos pola seriedade e non temos que dar explicacións de traballos previos, senón simplemente dicir que si queremos no seu momento mellorar o noso sistema retributivo, pero temos que facelo coa necesaria prudencia e co necesario coñecemento de tódolos datos.

O que si xa me deixa absolutamente abraiado, por utilizar un termo suave, é a manifestación da Sra. deputada de coñecemento do sistema de valoración ó rendemento e de dirección de obxectivos da Xunta de Galicia. O seu coñecemento é especialmente importante e significativo, a desgracia é que non ten nada que ver coa realidade, porque obviamente está falando de oídas. Eu suxeriríalle que cando fale dun tema, non fale de oídas, que fale del con tranquilidade, tendo os datos pertinentes, dalgunha maneira axudándonos a todos a tomar unha decisión mellor.

A avaliación ó rendemento da Xunta de Galicia ten un sustrato legal, modificación da Lei da función pública da comunidade autónoma, ten unha serie de decretos de desenvolvemento, e ten unha avaliación de unidades administrativas que, desde hai tres anos, publicase no Diario Oficial de Galicia e nestes momentos está publicada a avaliación do último ano, na que se avaliaron tódolos servizos da Xunta de Galicia, cunha determinada cualificación, que é un resultado dunha análise do traballo realizado durante o ano anterior, cada ano faise esta avaliación, na que se fixa uns determinados obxectivos das unidades, que poden cumprir ou non, e en función do cumprimento destes obxectivos realízase unha valoración, valoración que é aprobada por unha comisión que existe en cada consellería, na que forman parte o secretario xeral, os directores xerais, representantes de inspección de servizos dos sindicatos, e que se lle dea capacidade de alegación ós responsables destas

unidades e que, ó final, nese proceso formal, publícase esa avaliación no Diario Oficial de Galicia.

É a primeira Administración Pública do Estado que é capaz de realizar unha avaliación global, de publicala dando valores diferentes a cada unidade, estamos falando de máis de 13.000 persoas as que están afectadas por isto, todas unidades de xestión da Xunta de Galicia, e un sistema que nestes momentos estase pedindo información por moitas Administracións públicas do Estado, entre elas, como é natural, a Deputación Provincial da Coruña. E quero dicir que dicir que iso está en réxime de estudio é ter un craso descoñecemento do que se está producindo. Eu non teño ningún inconveniente, cando termine este Pleno, de subministrarlle á Sra. deputada a información precisa sobre todo isto, e mesmo o libro onde están publicados os resultados da última avaliación, e o Boletín Oficial da Xunta de Galicia, o Diario Oficial, onde esta avaliación se publica con carácter xeral.

Sr. presidente

Dicia a Sra. deputada que hai por parte desta Deputación, do seu presidente e a Corporación que a sustenta, de que hai un inmovilismo cara ó persoal, eu dígolle que é negativo, a súa apreciación é negativa por completo neste aspecto. Eu creo que hai unha vontade persoal e política, e está demostrada, en atender as demandas de todos e cada un do persoal desta deputación, pero tamén a min me gusta ser autocrítico e, ás veces, as cousas non se fan coa idoneidade que quixeramos todos, e polo tanto, aí está o tema de quedar paradas as demandas deste persoal en xeral.

Pero tamén hai que dicir que non hai nada de inmovilismo porque está a partida orzamentaria, aí está a partida orzamentaria, que se non é suficiente aumentarase co remanente para atender todas estas demandas que nos estaba facendo o persoal, para intentar compensarlle a cada un todo o que merece. Polo tanto, inmovilismo cara o persoal, iso non é verdade, e polo tanto, insisto, aí está a partida nos orzamentos deste ano para aplicala no 2002, e esperemos que no prazo de tempo máis curto posible, ou breve, resolvamos este problema con todos e cada un dos persoais coas negociacións que sexan oportunas.

## **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

## **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Conforme co establecido nos arts. 90 e seguintes da Lei 7/85, do 2 de abril, 126 e seguintes do Real decreto 781/86 do 18 de abril e demais lexislación vixente, aprobar as modificacións do cadro de persoal e relación de postos de traballo para o ano 2002 que figuran a seguir:

### **1) CREACIÓN DE NOVAS PRAZAS E POSTOS DE TRABALLO POR ASUNCIÓN DE NOVAS COMPETENCIAS POR PARTE DA DEPUTACIÓN.**

#### **PERSOAL FUNCIONARIO:**

**-Tesourería Provincial:** creación dunha praza de vicesoureiro, configurada como de funcionario de habilitación nacional, grupo A de funcionarios de carreira, nivel 28 de complemento de destino, equiparado para efectos de retribucións a interventor adxunto.

**-Servicio de Recadación:** creación dun posto adxunto ó xefe de sección, grupos A/B/C e nivel 22 de complemento de destino e complemento específico e de produtividade equivalentes ós xefes de sección. Creación de 2 postos de xefe de negociado grupos B/C con nivel 22 de c. de destino.

**-Servicio de Fiscalización:** creación dunha praza de técnico de xestión tributaria e 1 praza de técnico de xestión económico financeira, ambas grupo B de funcionarios de carreira, escala de Administración especial e nivel 19 de c. de destino.

**-Servicio de Xestión Tributaria:** creación de 5 prazas de técnico de xestión tributaria grupo B, de funcionarios de carreira, escala de Admón. especial e nivel 19 de c. de destino e creación de 3 prazas de auxiliar de Admón. xeral, grupo D e nivel 14 de c. de destino.

### **2) CREACIÓN DE NOVAS PRAZAS POR CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL. LEI 50/89 DE MEDIDAS FISCAIS, ADMINISTRATIVAS E DE ORDE SOCIAL.**

#### **PERSOAL FUNCIONARIO**

##### **-Servicio de Asistencia a Municipios:**

Creación de 8 prazas de asesor de sistemas de xestión municipal, escala de Admón. especial, subescala técnica, clase de técnicos de grao medio, grupo B con nivel 19 de complemento de destino.

**-Biblioteca provincial:**

**CREACIÓN DAS SEGUINTES PRAZAS:**

-1 técnico de biblioteca e arquivo: escala de Admón. especial, subescala técnica, clase de técnicos superiores, grupo A con nivel 22 de complemento de destino.

-2 especialistas en educación infantil: escala de Admon. especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares, grupo C con nivel 18 de c. de destino.

-1 auxiliar administrativo: escala de Admón. xeral, subescala auxiliar, grupo D, nivel 14 de complemento de destino.

**-Conservatorio de Danza:**

-Creación de 2 prazas de pianista, escala de Admón. especial, subescala técnicos de grao medio, grupo B, nivel 21 de complemento de destino.

**-Servicio de Informática:**

-Creación de 2 prazas de programadores de aplicacións, escala de Admón. especial, subescala técnicos auxiliares, grupo C, nivel 18 de complemento de destino.

-Creación dunha praza de técnico de explotación nocturna: escala de Admón. especial, subescala técnicos auxiliares, grupo C, nivel 18 de complemento de destino.

**-Intervención**

-Creación de 2 prazas de auxiliares administrativos: escala de Admón. xeral, subescala auxiliar, grupo D, nivel 14 de complemento de destino.

**-Patrimonio e Contratación:**

-Creación de 2 prazas de auxiliares administrativos: escala de Admón. xeral, subescala auxiliar, grupo D, nivel 14 de complemento de destino.

**-Tesourería**

-Creación dunha praza de auxiliar administrativo: escala de Admón. xeral, subescala auxiliar, grupo D, nivel 14 de complemento de destino.

### **-Planificación e control:**

-Creación de 2 prazas de técnicos superiores Unión Europea: Escala de Admón. especial, subescala técnica, clase de técnicos superiores. Grupo A, nivel 22 de complemento de destino.

-3 técnicos superiores informática: escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnicos superiores. Grupo A, nivel de complemento de destino 22.

### **-Recadación**

-Creación de 2 prazas de auxiliares administrativos: escala de Admón. xeral, subescala auxiliar, grupo D, nivel 14 de complemento de destino.

## **PERSOAL LABORAL**

**-Fogar infantil de Ferrol:** crear unha praza de director do Fogar infantil, grupo I.3, do vixente convenio colectivo, coas retribucións equivalentes a un grupo A, nivel 22 de funcionarios.

## **3)CREACIÓN E AMORTIZACIÓN DE PRAZAS E POSTOS DE TRABALLO:**

### **PERSOAL FUNCIONARIO**

#### **CREACIÓN:**

**-Servicio de Informática:** Creación dunha praza de monitor técnico, grupo C, nivel 18 de complemento de destino para efectos de retribucións.

**-Fogar infantil Emilio Romay:** creación dunha praza de velador/a, grupo E de funcionarios de carreira, con nivel 13 de complemento de destino.

#### **AMORTIZACIÓN:**

-Intervención Xeral: 1 praza de interventor adxunto.

-Tesourería: 1 posto de xefe de sección, grupo A.

-Recadación: 1 praza de técnico de Admón. xeral.

-Fogar Infantil Emilio Romay: 1 praza de celador/a.

## **PERSOAL LABORAL**



### **AMORTIZACIÓN:**

- Conservatorio de danza: 1 praza de gaitero.
- Fogar infantil de Ferrol: 1 praza de operario/a servicios varios vacante.

### **PERSOAL EVENTUAL**

#### **CREACIÓN:**

- 1 asesor nivel 28 asimilado para efectos de retribucións a oficial maior.
- 2 técnicos nivel 19 con exclusiva asimilado para efectos de retribucións a técnico de xestión.
- 2 administrativos, nivel 18, con exclusiva, asimilados para efectos de retribucións a administrativos de Admón. xeral.

#### **AMORTIZACIÓN:**

- 1 técnico con exclusiva nivel 24, asimilado para efectos de retribucións a xefe de sección.
- 1 administrativo con exclusiva.
- 1 auxiliar sen exclusiva.

En consecuencia, o persoal funcionario, laboral e eventual para o ano 2002 quedaría como segue:

## **EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA** **CADRO DE PERSOAL 2002**

### **PERSOAL FUNCIONARIO**

#### **FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL**

#### **GRUPO-PAZAS**

Secretario xeral: A-1

Interventor xeral: A-1  
Tesoureiro: A-1  
Oficial maior: A-1  
Viceinterventor: A-1  
Interventor adxunto: A-1  
Vicetesoureiro: A-1  
Xefe de servizo de asistencia económica: A-1

## **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

### **SUBESCALAS**

Técnica: A-24  
Administrativa: C-46  
Auxiliar: D-134  
Subalterna: E-20

## **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

### **SUBESCALA TÉCNICA**

#### **CLASE TÉCNICOS SUPERIORES**

Letrado asesor xurídico: A-1  
Arquitecto: A-1  
Enxeñeiro industrial: A-1  
Enxeñeiro vías e obras: A-2  
Arquiveiro bibliotecario: A-1  
Técnico de organización: A-2  
Xefe Servizo de Informática: A-1  
Técnico superior informática: A-3  
Técnico superior unión europea: A-2  
Analista: A-8  
Administrador sistemas/rede: A-1  
Tradutor de galego: A-1  
Xefe Servizo Xestión Tributaria: A-1  
Xefe Servizo Inspección Tributaria: A-1  
Inspector de tributos locais: A-1  
Profesor B.U.P.-C.O.U. Colexio H. Puga Ramón: A-24  
Profesor F.P. teóricas C. Calvo Sotelo: A-6

Director Servicio Asist. a Municipios: A-1  
Letrado asesor Xefe Serv. Asist. Municipios: A-1  
Letrado adxunto: A-1  
Xefe Serv. Asist. Técnica: A-1  
Adxunto xefe S. Asistencia Técnica: A-1  
Periodista: A-1  
Administrador do contorno informático: A-1  
Técnico de xestión cultural: A-1  
Recadador de tributos locais: A-1.  
Técnico prevención riscos laborais: A-1  
Médico especialista medicina traballo/diplomado medicina empresa: A-1  
Técnico biblioteca e arquivo: A-1

### **CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO**

Profesor música: B-1  
Profesora de danza: B-2  
Pianista: B-2  
Arquitectos técnicos: B-3  
Enxeñeiros técnicos vías e obras: B-4  
Enxeñeiro técnico agrícola: B-1  
Enxeñeiro técnico industrial: B-1  
Analista programador: B-2  
Encargado imprenta: B-1  
Asistentes sociais: B-3  
Profesor fogar colexio H. Puga Ramón: B-1  
Axudante arquivo e biblioteca: B-12  
Enxeñeiros técnicos en topografía: B-2  
Técnicos de xestión económico-financeira: B-18  
Profesor E.F. Colexio Puga Ramón: B-1  
Profesor E.C. Colexio Puga Ramón: B-1  
Monitor: B-1  
Analistas técnicos: B-3  
Subinspector de tributos locais: B-2  
Técnicos de xestión tributaria: B-18  
Profesores de F.P. prácticas: B-11  
Profesor de F.P. teóricas: B-1  
A.T.S./D.U.E. de empresa: B-1  
Asesor sistemas xestión municipal: B-8

### **CLASE TÉCNICOS AUXILIARES**

Delineante encargado xeral de mantemento: C-1  
Delineantes: C-6  
Programador de sistemas: C-3  
Técnico explotación nocturna: C-1  
Programador de aplicacións: C-8  
Operador de ordenador: C-3  
Preparador de traballos: C-1  
Encargado de protocolo: C-1  
Capelán: C-1  
Monitor técnico: C-2  
Axentes tributarios: C-3  
Especialista en educación infantil: C-2

## **SUBESCALA DE SERVICIOS ESPECIAIS**

### **PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS**

Condutores mecánicos: D-7  
Auxiliares protocolo e relacións públicas: D-2  
Auxiliar de caixa: D-1  
Auxiliares gravadores: D-2  
Subgobernanta: D-1  
Condutores mecánicos: E-10  
Telefonista: E-4  
Auxiliar repartidora B.O.: D-1  
Celadoras: E-36  
Veladoras: E-3

### **PERSOAL DE OFICIOS**

Oficial operario de servizos: D-1  
Capataz de Vías e Obras: D-16  
Oficiais industriais imprenta: D-4  
Cociñeiros: D-2  
Zapateiros: D-2  
Especialistas oficios varios: D-1  
Capataz encargado: D-1  
Axudantes de Cociña: E-5  
Costureiras: E-2  
Camareiras: E-7

Operario de servicio: E-1  
Peóns vixilantes: E-2  
Operaria de servicios varios: E-4  
Limpadoras: E-4  
Cociñeiras: E-2

### **PERSOAL LABORAL**

Recadador de tributos locais: 3  
Oficiais maiores: 5  
Oficiais 1ª (R): 10  
Oficiais 2ª (R): 23  
Profesores de B.U.P.-C.O.U.: 1  
Axudante de arquivo biblioteca: 1  
Director fogar infantil Ferrol: 1  
Profesor de música e pianista: 1  
Profesor de danza: 3  
Xastra: 1  
Técnico de son: 1  
Gaiteiros: 3  
Oficial operario de servicios: 3  
Auxiliares administrativos: 7  
Contable administrativo: 1  
Administrativos: 2  
A.T.S.: 1  
Oficial mantemento: 1  
Oficial carpintería: 1  
Ordenanzas: 2  
Subalternos: 6  
Serenos: 1  
Telefonistas: 2  
Axudante de cociña: 5  
Oper. serv. varios: 10  
Perruqueira: 1  
Celadoras: 23  
Encargadas de portería: 2  
Corrector de imprenta: 2  
Responsables fotocomposición, impresión: 2  
Oficiais de imprenta F.P. II: 6  
Oficiais industriais: 1  
Auxiliar de taller: 1  
Impresor: 1

Gravadores de texto: 3  
Deseñador gráfico: 1  
Repartidor do B.O.P.: 1  
Gobernanta Pazo de Mariñán: 1  
Cociñeira: 8  
Camareira: 2  
Oper. agrícola: 3  
Operario agrícola encargado: 1  
Auxiliar técnico en topografía: 2  
Mozo de servicio: 3  
Conductor: 1  
Veladora: 1

#### **PERSOAL EVENTUAL**

Asesores: 3  
Técnicos: 7  
Técnicos: 5  
Administrativos: 6  
Auxiliares: 8”

### **31.- MODIFICACIÓNS DO ACORDO NEGOCIADO DE FUNCIONARIOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Modificar o artigo 53º.2 do vixente acordo negociado de condicións de traballo e dereitos sindicais dos funcionarios da Deputación Provincial da Coruña, que queda redactado como segue:

Artigo 53º.-Anticipos.

-----

A contía dos citados anticipos será de ata catro mensualidades cun tope máximo de 1.000.000 de pesetas.”

### **32.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS VARIOS.**

#### INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Para absternos neste punto.

Sr. Fernández Moreda

Para expresar a nosa abstención, Sr. presidente.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 15 deputados (11 do PSOE e 4 do BNG)

### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Nomear representantes da Corporación ós deputados que se indican nos organismos que a seguir se relacionan:

Comisión Galega de Delimitación Territorial

D. José Blanco Pazos

Comisión Galega de Protección Civil

D. Manuel Taboada Vigo

Comité Galego de Defensa dos Montes contra Incendios Forestais

D. Manuel Taboada Vigo

Comité Provincial de Caza

D. Miguel Prado Patiño

Consellos Comarcais e Padroados de Goberno das Fundacións para o Desenvolvemento das Comarcas:

Arzúa: D. Miguel Prado Patiño

Bergantiños: D. José Blanco Pazos

Melide: D. Miguel Prado Patiño

Ordes: D. Manuel Taboada Vigo

Consello de Administración Xestur, S.A.

D. Antonio Campo Fernández, en substitución de D. José Toja Parajó

Consello Territorial de Propiedade Inmobiliaria da Coruña-Provincia

D. José Blanco Pazos”

### **33.- PRESUPUESTO XERAL PARA O EXERCICIO 2002 E BASES DE EXECUCIÓN.**

#### INTERVENCIONES

Sr. presidente

Entramos no punto número 33, que é o orzamento xeral para o exercicio 2002 e as súas bases de execución. Neste punto hai unha emenda do grupo provincial socialista, que a poden defender por afastado ou conxuntamente co orzamento, por suposto a votación será afastada no seu momento, pero antes de empezar o debate simplemente direi dúas palabras, direi que este orzamento é un orzamento histórico nesta deputación, histórico por varios motivos, primeiro porque é o primeiro orzamento que imos aprobar en euros, que entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2002, que é o maior orzamento na historia en euros, en euros e en pesetas, por suposto, na historia desta deputación, e que é un orzamento enormemente investidor. Eu, sen máis, doulle a palabra ós grupos que queiran intervir.

Sr. Rodríguez Doval

Eu, a verdade pensei que o Sr. Erias íanos presentar o orzamento. Sendo un orzamento histórico, case poderíamos convertelo en histórico artístico, se o Sr. Erias o presentara porque, efectivamente, é un orzamento novidoso, non soamente como dixo o presidente porque se fixera un traballo importantísimo para pasalo a euros, que é ademais dabondo complicado, senón porque, efectivamente, hai certas novidades que se conteñen no documento orzamentario. En calquera caso, nosoutros desde a análise que fixemos a este documentos imos dividir un pouco a nosa intervención en tres partes, unha que se refire ó tema procedimental, importante porque quero lembrar aquí que este é, ou pasaría por ser, un dos debates máis importantes desta institución, porque vai condicionar a política que se vai facer durante o período dun ano, durante o período do ano 2002, e porque naturalmente, polo menos en teoría, é un orzamento dirixido a mellorar as condicións de calidade de vida das mulleres e dos homes da nosa provincia que a fin de contas é o que queremos facer, creando benestar, ou creando infraestructuras, ou creando investimentos.

A primeira referencia que eu quería facer ten dabondo que ver coa introducción que fixo o presidente da Deputación, e é unha observación que nosoutros levamos facendo



machaconamente dende hai bastante tempo porque tamén introduce a dimensión da importancia que este debate ten. O debate sobre o que imos facer con 24.000 millóns de pesetas, o que se vai facer, onde se van investir, é un debate moi importante, se se fai sobre todo unha análise, unha avaliación do que se estivo facendo ata agora, e de cales son as cousas que temos que reconducir, se temos tamén ese espírito crítico que xa vexo que, efectivamente, tamén existe dentro desta casa.

Nosoutros levamos demandando desde hai moitísimo tempo, que ante un tema destas características, o prazo sexa un prazo prudente para que os grupos da oposición poidamos ter o documento, analízalo, estudialo e mesmo facerlle algún tipo de modificacións, non soamente esa análise global, senón análises moitísimo máis concretas. E eu quería felicitar ó equipo de goberno porque aquí si que houbo un cambio, pero o cambio foi que nos deu o documento con menos tempo có ano pasado. E entón eu aquí quero diferenciar tamén para que se entendan as cousas. Nosoutros, por exemplo, algunha documentación que tivemos que analizar, tivémola case, case 24 horas antes de que se celebrara a Comisión Informativa correspondente, co cal, eu quero dicir aquí que nosoutros pensamos que o debate, en certa maneira, queda bastante cortado se se dispón da documentación, é dicir, se tiveramos esta documentación con 24 horas de antelación a que se celebrara a Comisión Informativa, e despois pasan tres días, non é o mesmo que se temos desde hai dez días.

E quero facer especial fincapé en que a nosa crítica non vai polos problemas de tipo administrativo ou técnico que poida haber, que sabemos que non os houbo, é máis, nosoutros queriamos recoñecer o traballo importantísimo que sabemos ademais que se fixo por parte dos servizos correspondentes para ofrecernos o documento orzamentario. A tardanza, entendemos nosoutros, e os problemas que houbo dalgunha documentación que mesmo se moveu e se cambiou, non foron debidos, en absoluto, ó grao de dilixencia dos servizos desta casa, todo o contrario, senón posiblemente ás necesidades políticas do grupo de goberno de andar cambiando cousas con certa improvisación, que eu creo que tamén houbo algo diso.

E digo unha cousa ademais, se o nivel de cumprimento e de efectividade que tivo o funcionamento, o tivera o grupo de goberno soamente nun 50%, neste caso, en pasarnos o documento orzamentario, estaríamos aquí ante outro tipo de debate.

Como conclusión, e xa como lectura primaria do documento no seu conxunto, queriamos dicir que a filosofía, a lectura, a análise que puidemos facer, que seguramente non puido ser tan profunda como se faría noutras condicións, que esa lectura, que ese análise, veu evidenciar, para a nosa sorpresa e, desde logo, para unha posición nada positiva respecto da análise do documento, que non percibimos que o Partido Popular, que a maioría do grupo de goberno, forzárase, esforzárase dalgunha maneira, ou puxese toda a carne no asador, para abordar os grandes temas que ten esta casa pendente, que é evidente son

bastantes, os grandes temas que se refiren á función que ten que prestar esta institución, non a outras cousas, é dicir, os temas de efectividade, os temas da creación desa maior riqueza, etc., etc., o tema de efectividade na política de cooperación local, etc., etc. Nosoutros percibimos que o grupo de goberno pospón, de novo, o debate sobre as grandes cousas, e mesmo nalgunhas cousas, e hai que volver por forza ó debate tamén anterior respecto da política de persoal, parece que cada vez que intentamos abordar un debate para melloralo, o que facemos é complicalo máis. Entón non se está abordando un tema que para nosoutros é fundamental, que é a racionalización, fundamentalmente, na actuación de cara ó exterior, de cara ós concellos, de cara á cidadanía, por parte da Deputación da Coruña.

Vou xa, claramente, a unha análise máis pormenorizada por capítulos, unha gran análise porque non pode ser moito máis concreta polas razóns que xa dixen antes.

Capítulo de ingresos, aquí estamos dando un debate desde hai bastante tempo, esta institución móvese entre o real e o virtual, o virtual sería que isto é unha corporación local ó uso, somos unha corporación local ó uso, as corporacións locais xa se sabe que son os concellos, pero isto non é unha Corporación local ó uso, isto ten moitísimas diferencias cunha corporación local tradicional. A foto fixa de calquera que lea o capítulo de ingresos desta Deputación dá xa unha foto moi rara de corporación local, porque é unha foto fixa dunha corporación que no capítulo de ingresos ten máis do 70% correspondente a ingresos que se fan de transferencias do Estado, iso non é a foto tradicional da maioría das institucións, oxalá o fora, ou oxalá non o fora, pero en todo caso non o é. Se a ese máis do 70% que corresponde do Estado, do que vén de fóra sen necesidade practicamente de apretar ningún botón, sen necesidade, como diría o outro, case case de pedilo, se a isto lle engadimos a escasa, por non dicir nula, capacidade tributaria propia que ten esta Deputación, porque excepto o que recadamos pola recarga do imposto sobre actividades económicas, que e a partida máis grande que temos a ese nivel, e a necesidade de apelación ó crédito, é dicir, a permanente necesidade de pedir créditos para poder facer as obras, para poder facer os deberes, como se di tradicionalmente, esta institución convértese en máis atípica, temos un capítulo de ingresos que é rarísimo, é o que vén do Estado, un recargo que facemos sobre unha cousa que nin sequera ten nada que ver co que fai a deputación, que é o imposto de actividades económicas, e despois a capacidade que teñamos para endebedarnos a través de créditos abundantes, de moitísimas pesetas, ou como diría o outro, de moitísimos euros.

A recarga do IAE, por ir a temas xa concretos que veñen aquí, a dous deles, xa non falo das transferencias do Estado, senón a dous deles, que se refiren ó que é a actividade concreta da Deputación, a recarga do IAE, vai ser en concreto este ano no capítulo de ingresos de 7.061,880 euros, subindo por primeira vez, paréceme a min, ós 1000 millóns de pesetas, en concreto situándonos nos 1.175 millóns de pesetas, cunha subida ademais importantísima de máis de 162 millóns de pesetas, 973.627 euros, respecto do ano pasado. Partida máis grande por este concepto, por este concepto de recadación, e partida máis

grande que se fai sobre unha cousa que aínda non está resolta como se vai sustanciar, e que é o tema do futuro do imposto de actividades económicas. Intúo que cando, aquí non soamente se mantén, senón que ademais aumenta as previsións no tocante á recarga do imposto de actividades económicas, é que non se vai modificar o imposto de actividades económicas, intúo iso, e reitero o que xa dixó o noso grupo en numerosas ocasións, que levamos moitísimos anos de engano, porque o Partido Popular tiña un compromiso, non soamente electoral, senón a nivel do conxunto da sociedade, en buscarlle unha alternativa a este imposto que nosoutros denominamos, claramente anacrónico, e que ademais canto máis se mantén, máis mantén o seu anacronismo.

A apelación ó crédito, ben, supoño que algo terá que ver co que os orzamentos do ano que vén posiblemente, ó mellor, se executen, non tanto no 2002 senón no 2003, e no 2003 hai de novo eleccións municipais. Aínda que non sexa así é evidente que a subida nun 57% da apelación ó crédito, respecto do que apelamos o ano pasado, é dicir, hai un 57% de subida neste concepto con respecto ó que tiñamos no ano 2001, e imos subir, máis nada e nada menos, que unha cantidade próxima ou superior, un pouco superior ós 800 millóns de pesetas respecto da apelación ó crédito que fixemos no ano 2001, é dicir, nos orzamentos que aprobamos hai agora xustamente un ano.

Polo tanto, é evidente que con esta estrutura orzamentaria asumimos que o papel que cumpre esta Deputación, polo menos no capítulo de ingresos, é un papel moi secundarizado, porque depende, somos unha institución ponte que parece que nunca se vai presentar a necesidade de dar un xiro dentro do que ten establecido mesmo a propia lexislación. Non nos formulamos iso e, polo tanto, seguimos, como sabemos que o diñeiro vén fora, e podemos apelar ó crédito e hai unha situación que nos permite facer iso, efectivamente, e entón nunca nos formulamos a necesidade de ir facendo incluso pequenos cambios no senso racionalizador dos recursos públicos, dentro do que está hoxe establecido, que é naturalmente, unha constitución, que lle atribúe unhas competencias ás deputacións, pero que poden ser xestionadas ou utilizadas dunha maneira completamente diferente.

Polo tanto, hai esa asunción de que o capítulo de ingresos non hai nada que facer, asumimos o de sempre, e non nos formamos sen maiores problemas a necesidade de facer algún cambio, nin cualitativo, nin cuantitativo neste senso.

E ¿que pasa co capítulo de gastos, no que é máis importante, no que é o debate central? Ben, eu creo que aquí se percibe que a autocrítica que dicimos que asumimos, xa se ve, que se percibe ademais que nosoutros pluralizamos, pero vou singularizar esa autocrítica, esa reflexión que o grupo de goberno di que fai, despois na práctica non se dá, porque non hai modificacións, non hai cambios no que está sendo a actuación concreta en determinados apartados. Eu creo que se o grupo de goberno realmente fora minimamente reflexivo, soamente cos dous anos e pico que leva gobernando, hoxe tiñanos que traer aquí

proposicións concretas, canto menos, sobre algúns aspectos específicos que levan funcionando, dunha maneira evidente, bastante mal. Se alguén colle a orde do día do Pleno de hoxe, verá que aquí estamos no 80% dos temas, que van a Pleno, que son reformados de proxectos de obras, e continuamos, porque a curva en lugar de descender parece ser que vai ascendendo, e eu non vexo por ningures un debate político que nos diga como se vai resolver iso. Polo tanto, eu creo que esa autocrítica, efectivamente, non se está dando, e ademais pola estrutura que colle o orzamento, efectivamente, parece que non se vai dar.

Un dos compromisos reiterados que había aquí, tanto en debates que nosoutros promovemos, cunha iniciativa en concreto que falaba, que presentamos a principio desta nova corporación, pero que xa reiteráramos noutras, que era a necesidade de unificar os instrumentos de cooperación local para racionalizar mellor para que isto funcione dunha maneira moitísimo máis efectiva.

O pasado ano incluso nosoutros fixemos mención, nesta mesmo debate orzamentario, fixemos mención a que existía un amplo abano que dispersaba algo que para nosoutros era fundamental que estivera nunha soa dirección, que eran os instrumentos de cooperación local. ¿A cada concello que lle interesa saber respecto das Administración das que recibe axuda?, o diñeiro que vai ter, os mecanismos a través dos cales se vai facer ese diñeiro, e os procesos que ten que facer el. Se iso conseguimos, xa non digo conxuntamente coa Administración autonómica, que sería un gran paso, pero si eso conseguimos que o poida dar esta Administración, a Deputación, dunha maneira unificada, nun só acto, estaríamos dando un paso de xigante, materialmente, para permitir que iso o concello faga un proxecto único, que non estea pendente do Boletín Oficial da Provincia cada quince días para ver se sae unha cousa nova, ou dos acordos que tome esta deputación.

¿Como se resolve este tema de cará o 2002?, pois máis do mesmo, como diría o outro. Para o ano 2002 temos máis nada e nada menos que catro programas de investimento realizados pola deputación nos concellos, cinco programas de achega da deputación ós investimentos municipais e seis programas de subvencións da deputación para actuacións nos concellos. Isto son tres procedementos completamente distintos que van dirixidos ó mesmo fin, a que os concellos teñan unha axuda da Deputación para as súas necesidades máis urxentes, fundamentalmente en materia de obras ou de infraestructuras, non se pregunta porque non é posible aprobar todo isto hoxe aquí dunha maneira unitaria, e que sexan os concellos, en nome desa autonomía municipal, por certo, que tanto se predica, os que despois fagan, naturalmente co seguimento, coa racionalidade que ten que haber, partimos desa base, fagan o investimento que lles corresponde.

Os programas desas tres fases diferentes que hai, os programas supoñen un total de 52.317 euros, máis de 8.000 millóns de pesetas, aumentando case 2000 millóns de pesetas respecto do pasado ano; as transferencias a concellos non integrados en programas son de

máis de 431 millóns de pesetas, e en total sumamos, máis nada e nada menos, que 54.908.000 euros que son, máis nada e nada menos, que 2.418.455.854 pesetas, case 2.500 millóns de pesetas en programas de transferencias a concellos que deberan de estar encadrados de maneira unitaria, e que se articulan dunha maneira totalmente independente e disperso. Claro, se o grupo de goberno materializa desta forma a promesa de que vai atender á unidade, a uniformidade, na convocatoria e na xestión dos plans, que veña Deus e o vexa, é dicir, é un curioso modo de resolver un problema, creándoo e ademais reproducíndoo.

Por certo, e indo xa ó cerne dalgunhas cousas que a nosoutros nos preocupan, proque é o tema de debate desde que levamos aquí nesta Corporación, aproximadamente dous anos e medio vai haber, o tema famoso dos reformados. Tomámonos a liberdade de facer un balance, simplemente do que vai deste ano, aínda nos queda o Pleno do mes de decembro, no que vai deste ano, incluídos os reformados de hoxe, foron a Pleno en total 79 proxectos reformados, o 73% deses 79 proxectos foron reformados con aumento da cantidade económica correspondente para facer os reformados, e a cantidade exacta que suma cos engadidos que houbo que facer nese conxunto de 79 reformados, son máis nada e nada menos que 470.687.269 pesetas, ¿como van resolver vostedes esta cadea cara non sabe onde de reformados?, que xa no é que no aspecto procedemental nos leven a moitísima perda de tempo, senón que no aspecto económica nos levan tamén a moitísima peda de diñeiro. É dicir, habería que mirar de quen é a responsabilidade política de que neste ano, só neste ano, tiveramos que engadir case 500 millóns de pesetas, para reformados sobre obras que se venderon coma o non vai máis, proxectos, concursos de ideas, proxectos estrela, que despois ó final acaban estrelándose os proxectos e estrelando tamén, por certo, todo hai que dicilo, a economía desta propia institución.

En segundo lugar, o tema da política de subvencións, este si que aquí é un tema que aquí é espiñento, non se quere resolver, non se entra, e o que é peor, non é nada transparente, este é o tema máis opaco que hai na política da Deputación da Coruña, e voulle explicar o porqué. Aquí houbo numerosos debates, fundamentalmente ós que se deron ó fío da subscrición de determinados convenios, que puxeron sobre a mesa a necesidade urxente e case case diría eu, imperativa, se hai algo de sentido común, de que encontremos unha vía de consenso, de debate, pero fundamentalmente de transparencia, para que aqueles casos de axuda desta institución, que non poidan estar regulados, o ideal é que se regulen todos, que non poidan estar regulados en programas específicos da deputación, fáganse co maior nivel de publicidade, de transparencia e, por suposto, tamén hai que dicilo, de participación do conxunto dos grupos que estamos na deputación que para algo nos deron os votos os cidadáns, representamos o que representamos, pero estamos aquí, e hai quen confunde que representamos un sector minoritario e, polo tanto, parte da base de que non estamos aquí, entón, estamos aquí, representamos un corpo electoral, representamos unha cidadanía e temos dereito a participar no curso, na utilización que se dá ós recursos públicos

-vexo que hai caras raras, que parece que non me están entendendo, pero agora vou dicir e voume explicar moitísimo mellor-. Nos numerosos convenios que viñeron aquí -por certo, algúns deles, bastantes, con informe negativo, polos informes que viñan aquí- nosoutros estamos que ademais, a estratexia do grupo de goberno está camiñando no sentido contrario, é dicir, en lugar de dar ese debate, segue con convenios que non se sabe moi ben a que veñen.

No capítulo de subvencións, en concreto, para o ano 2002, é exactamente de 14.167.050 euros, 2.357 millóns de pesetas longos; e hai outras transferencias de capital, a empresas que se denominan privadas e familias e institucións sen fins de lucro, é dicir, nunha palabra, outro capítulo de subvencións, que suman a cantidade de 485 millóns de pesetas.

Dicía eu que os que estamos aquí e representamos un corpo electoral minoritario pero existente, estamos asistindo desde hai bastante tempo, quizais demasiado, como meros espectadores ó reparto de tal inxente cantidade de diñeiro que se fai, sen que poidamos nin participar na elaboración das bases, nin participar na resolución, nin, o que é peor, tendo información. É dicir, o sistema máis opaco que hai é o sistema de distribución das subvencións que ten esta casa. Non participamos nas bases, a min chámame moitísimo a atención, pero síntome moi defraudado cando ás veces fun a comisións, para que o presidente da comisión me informe de que saíron publicadas no Boletín Oficial da Provincia as bases de convocatoria das subvencións, Sr. presidente da comisión, podíase -non me refiro a esta actual, que eu non estou lamentablemente agora na Comisión de Cultura, digo lamentablemente porque teño moi boa relación co Sr. presidente, igual que con todos-, pero a min que me convoquen á Comisión de Cultura para dicirme que no Boletín Oficial da Provincia se convocaron as bases de subvención da Deputación, está ben, está bastante ben, pero é que eu son tamén un cidadán normal pero eu ¿non podería ter outra participación eu, sabelo un pouco antes de que saia no boletín?, home, se incluso contarades comigo para que opinara, sería fabuloso, que eu, que son un cargo electo, que puidera opinar aquí; ben, pois non é o caso, non opinamos niso, nas bases, non opinamos na resolución, nosoutros fixemos propostas concretas para que na comisión de avaliación estiveran presentes os grupos de oposición, mesmo con voto ponderado, para que garanta o que se ten que garantir, que nosoutros non o imos romper que é a maioría do Partido Popular, e fundamentalmente, eu creo que chama poderosamente a atención que teñamos que ser nosoutros os que esteamos continuamente solicitando listaxes de subvencións que xa se concederon, que algunha delas xa saíron publicadas nos medios de comunicación, e que non se nos conteste, é dicir, deputados e deputadas desta Corporación, que pedimos listaxes concretas de subvencións que se concederon e que non se nos dan. Entón, un pregúntase ¿que é o que hai que ocultar nisto, se é que hai que ocultar algo?, algo debe de haber, ¿a que ten medo o grupo de goberno a que saibamos como se repartiron despois as subvencións?, ah, aí eu non contesto, simplemente deixo a pregunta ¿a que ten medo en que saibamos como se reparten?, ¿acaso hai cousas raras, hai xente que leva máis ca outra, non hai criterios operativos?, póñase

encima da mesa. Entón, animo a tódolos presidentes de comisións que cando pidamos listaxes, que nolos dean, e ánimoos incluso a que nos dean as listaxes antes de que llelas pidamos, porque é unha fórmula de transparencia e de bo funcionamento desta deputación.

E teño que dicir unha cousa, estamos falando do reparto, máis nada e nada menos, que máis do 10% do orzamento desta Deputación, non estamos falando do reparto de 5.000.000 de pesetas entre 24.000 millóns de pesetas, estamos falando case case do 10%, ou sen case, do total do orzamento desta Deputación que se fai desta forma, canto menos tan rara. E vou ó capítulo III, que é evidente que tamén podería ser o primeiro, porque é quizais dos máis interesantes onde nosoutros observamos que aí cae polo seu propio peso calquera interese en modificar e racionalizar o tema dos recursos, o que son os investimentos provinciais. É evidente, eu non o nego, que este ano preséntase como unha das estrelas o tema das vías provinciais, non nego que isto tenda a unha certa normalidade na actuación do grupo de goberno respecto ó que son as cuantiosas necesidades e importantísimas necesidades que teñen as vías provinciais, pero nosoutros cremos que aínda se queda curto, é dicir, pensamos que ese esforzo que se fai, fundamentalmente no tema de investimentos e expropiacións, e tamén no caso concreto da rede viaria local, quédanse aínda curtos, fundamentalmente os dous primeiros, os que se refiren á rede viaria provincial, porque hai miles de quilómetros, hai centos de quilómetros importantísimos que habería que abordar aí e, sobre todo, a nosoutros parécenos que xa ía sendo hora na metade desta lexislatura, no ecuador desta lexislatura, se souberamos se é que vai haber algún día aquí unha negociación coa Administración autonómica respecto da posibilidade dun plan de estradas, díxose que si unha vez, díxose que si, e eu entrei aquí desde o ano 87 e o ano 87 xa había Plan de estradas coa Xunta de Galicia, pero eu nunca o vin, entón simplemente deixo esa pregunta, cando poderemos ter a posibilidade de negociar coa Xunta de Galicia para chegar á resolución de problemas que sabemos que se nos están creando polo tema competencial nas diferentes estradas.

O tema dos criterios á hora de distribuír os fondos públicos que se refire ó tema dos investimentos. Nosoutros dixemos, volvo ó debate ó que me referín antes, unha das primeiras iniciativas que tomamos aquí foi a necesidade, por un lado, de chegar a ese acordo único, no que era o tema da convocatoria dos investimentos, dos plans desta Deputación, e tamén volver a debater e precisar moitísimo máis os criterios que estamos aplicando á hora de facer o reparto, onde se aplican porque noutros casos non se están aplicando. Ben, se botamos unha ollada ó que son o capítulo de investimentos, os plans da Deputación, os plans ou os programas da Deputación, chámese como queira, vemos que soamente no caso do Plan de Obras e servizos, o caso do Plan de obras e servizos é o único que está sometido á definición duns criterios no tocante ó número de habitantes, parroquias, esforzo fiscal, etc., etc., que poden ser discutibles, seguramente todo é discutible, están aí o tema dos núcleos de poboación, da dispersión e tal, poden ser discutibles, pero están aí; ben, se quitamos o Plan de obras e servizos, o resto dos plans, naturalmente, vemos que se están repartindo,

naturalmente con bases que se aproban aquí, pero nunca acoplados a criterios que un poida constatar despois na realidade, e en concreto teño que dicir que temos aquí a política de subvencións, o Plan 2000 deportes, o Plan operativo local, Parques de bombeiros e protección civil, Plan 2000 de arquitectura popular, Fomento da natureza, Infraestructuras locais de transporte e outros programas, suman en total estes programas, dos cales non hai unha definición concreta de criterios á hora de facer o seu reparto, fanse por bases que despois se modifican a un ano de estar publicadas, como acabamos de modificar aquí algunhas, é dicir, que tamén no aspecto procedemental deixamos moito que desexar. Suman en total estes plans máis de 8.000 millóns de pesetas do total dos orzamentos ¿non lle parece ó grupo de goberno unha cantidade importantísima, fundamental no tocante á actividade desta deputación, para que dunha vez por todas, unifiquemos e fixemos criterios claros no tocante ó reparto?, proque a min non me vale, seguramente se me vai dicir, que cada un destes plans ten as súas bases, naturalmente, pero ¿como se fai o reparto despois desas bases?, co reparto lineal dos cinco millóns famosos de cando foron as inundacións, ou con outros repartos que pretenden redistribuír, pero que redistribúen dunha maneira, digamos, un pouco rara, ou simplemente sen criterios claros porque nalgúns deles quen nos fai o reparto é a Xunta de Galicia, como por exemplo o Plan de deportes que se fai asinando convenios con eles. ¿Cando se vai resolver unha fórmula para que poidamos repartir máis nada e nada menos que oito mil e pico de millóns de pesetas cuns criterios claros, e dunha maneira uniforme, homologada e coordinada?, nosoutros preguntámonos cando, e ademais preguntámonos por que aproveitando a metade da lexislatura, o ecuador da lexislatura, o grupo de goberno non deu ese paso que, por certo, aquí asumía na teoría pero que despois non o asume na práctica, habería que ver, naturalmente, cando imos facelo.

Non vou facer unha intervención respecto do tema da política de persoal, simplemente dicir que me guió porque algún medio de comunicación comentou, e incluso fixo un pequeno titular ó día seguinte da rolda de prensa que fixo o equipo de goberno e dicía máis ou menos que “o cadro do persoal terá que esperar”, pois esa é a situación real, o persoal terá que esperar porque é evidente que a min non se me pode dicir que coa proposta dun 2% de suba, que tampouco non sei en base a que sae, na maioría dos concellos non se está facendo, precisamente, a subida do 2%, estase aplicando outro índice que parece ser que é o que ten marcado o Estado, entón aquí non sei se é que chegou ou non chegou o recado, en calquera caso eu creo que co 2% non se resoven os problemas que ten a política de persoal desta Deputación, polo tanto, segue sendo, xa o explicou moi ben a miña compañeira, segue sendo naturalmente unha asignatura pendente.

Eu termino dicindo o que é bastante claro e evidente que se desprenderá da miña intervención, no tocante á incapacidade para tratar os problemas reais que ten esta deputación, de nada vale que nosoutros ocultemos con grandes cifras, ou con grandes números o que despois está perdido na incapacidade por racionalizar os recursos, e ese é un problema que non se resolve neste caso concreto, e sobre todo, que pensamos que,



efectivamente, afróntase esta nova etapa, estes dous anos que quedan, coa mesma política de seguir como estabamos, unha política de certo conformismo, de non dar eses pasos, e mesmo, xa digo, no aspecto concreto do que é a política de cooperación local, complicando en lugar de racionalizar os instrumentos de cooperación local.

Polo tanto, por riba de que, efectivamente, como dixo o Sr. presidente, sexan uns orzamentos, nosoutros compartimos, que son históricos, efectivamente, no senso de que son máis amplos no tocante ó contido orzamentario e, efectivamente, naturalmente, que é a primeira vez que se fai en euros, desde logo non pasarán á historia por dar o debate sobre os temas, os grandes temas que preocupan a esta deputación. Neste senso, nosoutros queremos dicir que o noso voto naturalmente, vai ser un voto negativo, pero si quixeramos que non caera en saco roto debates que son singularizados, fundamentalmente, os que se refiren á necesidade de homologar e de racionalizar os instrumentos de cooperación local, que aínda que vaian definidos así no orzamento, nosoutros pensamos que este grupo de goberno aínda está a tempo, cando faga as convocatorias concretas, de rebobinar e de demostrarnos na práctica que é o autocrítico que di na teoría. Entón, esperamos a que no que se poida, tómesese boa nota do que se pode facer, que iso non implica nin cambiar a lei, nin cambiar a deputación, nin nada, senón cambiar a mentalidade, que nosoutros pensamos que é o máis importante que habería que facer neste momento.

Moitas gracias.

Sr. Fernández Moreda

Se me permite farei, e sen esgotar o tempo que temos establecido para a intervención por parte dos grupos da oposición, unha pequena disertación sobre un tema que non ten relación co debate que estamos tendo sobre os orzamentos da deputación, e esta disertación vén ó fío dun comentario que me fixo o meu compañeiro de escano, don Antonio Lagares, hai un momento dicindo: “Salvador, estás falando en galego”, e efectivamente, estou falando en galego neste Pleno, cousa que non é habitual en min, para mostrar o meu apoio á Academia da Lingua Galega na disposición que adoptou hai unha semana. E vou falar nun galego que non é, por desgracia, nin sequera o galego normativizado, nin por suposto é o galego lusista, é o galego que aprendín cando era pequeno na miña vila e que falei desde que nacín, e que sigo falando agora, un galego que cando din: dous elevado ó cubo, di: dous elevado ó cubo e non dous elevado ó caldeiro, un galego que cando fala dos campos magnéticos, fala dos campos magnéticos e non de leiras magnéticas, un galego que cando fala de Largo Caballero fala de Largo Caballero e non de Longo Cabaleiro, e un galego que cando fala en galego e se refire a Galicia, di Galicia e non Galiza. E quero facer isto como testemuño humilde de apoio á Real Academia de Galicia porque está sendo inxustamente atacada por aqueles que queren impoñer non só o galego, senón que queren impoñer un galego determinado, froito dunhas especulacións nos despachos, e non o galego que fala o

pobo. Unha Real Academia que está sendo atacada e acusada de subordinación política, precisamente por aqueles que queren subordinar politicamente á Academia Galega. Nestes momentos, que o fago porque para min é un acto dunha relevancia política e social máis importante cós orzamentos da deputación e que o debate que estamos dando neste lugar, como apoio á Academia de Galicia para que siga defendendo o galego, para que non permita que o noso idioma sexa colonizado, nin subordinado a ningunha lingua estranxeira, e para que saiba que o galego imponse desde a razón e non desde a imposición, para que si se sinta apoiado nestes momentos que está sufrindo ataques, somos moitos máis os galegos que coincidimos con ela, que os galegos que a están atacando e denigrando, acusándoa de subordinación.

E comenzaba a miña intervención dos orzamentos o pasado ano dicindo que ía ser breve, citando a Baltasar Gracián, de que o bo, se breve, dúas veces bo, dicía que non sabía se o que ía dicir era bo, pero desde logo, ía ser breve. Diciamos cando debatíamos os orzamentos do ano 2001, que tiña dúas novidades con respecto ó anterior: un Plan de pequenas infraestruturas e un Plan de turismo, o resto era máis ou menos igual que o orzamento do ano 2000. Estes plans seguen neste orzamento, o Plan de turismo increméntase en 200 millóns de pesetas, créanse outros novos, como o de rehabilitación de dolmens, cun importe de 100 millóns, e o que vostedes chaman plan estrela da Deputación, o Plan XXI de infraestruturas locais de transporte, que por si só merecería o voto favorable deste grupo, pois as estradas foron e serán no futuro un tema recorrente deste grupo político. Sempre solicitamos máis diñeiro para estradas e solicitamos e seguiremos solicitando máis diñeiro para estradas, apreciando o enorme esforzo que a Deputación fai neste orzamento ó destinar 2.500 millóns de pesetas para estradas locais.

Poderíamos dicir que este orzamento diferénciase en pouco do orzamento en vigor, e que mereceu o ano pasado o noso voto negativo; certamente existen algúns cambios.

Quizais o máis importante é que, e como non pode ser doutra maneira, é que se presenta en euros, hai unha nova partida de investimentos, rechamante, desde logo, a que denominan Plan XXI de infraestruturas locais de transporte, por importe de 15.025.300 euros, 2.500 millóns de pesetas en números redondos, e desaparecen, ou ó menos non as encontramos, as partidas referentes á ventañña única, por certo, descoñecemos que se fixo neste senso co que estaba previsto nos orzamentos do ano 2001, e non sabemos se dorme o sono dos xustos, ou é que funciona e funciona tan ben, que nin sequera nosoutros nos decatamos.

E vemos tamén con satisfacción que se reducen algunhas outras partidas; baixan, por exemplo, as transferencias de capital destinadas a empresas privadas e familias e institucións sen fins de lucro, pasando de 3.981.000 euros, a 2.914.000 euros; non hai moitas novidades, pois. Pero dito isto, téñolles que dicir que, aínda sen satisfacernos, este é

o mellor orzamento, na nosa opinión, que vostedes presentaron desde que gobernan a deputación, e apreciamos e aplaudimos, o esforzo que fan desde que gobernan a Deputación e apreciamos e aplaudimos, o esforzo que fan ó crear este novo plan de vías locais que se vai xestionar, e así se nos asegurou, os criterios cos que se xestiona o Plan de obras e servicios, plan que vai destinado a vías locais, e que se distribuirán os fondos cos criterios pactados entre todos, que se distribúe o Plan de obras e servicios, e que sen querer restarlle un ápice de protagonismo a vostedes, teñen todo o protagonismo á hora de decidir este investimento, dalgunha maneira está xustificado polas graves deficiencias, e despois dos temporais do pasado ano, que teñen as estradas locais. Apreciamos o esforzo por atender estas necesidades dos municipios da provincia, expresadas reiteradamente polos alcaldes, peticións que sei que nunca foron desoídas polo Sr. Pose, alcalde, á súa vez de Arteixo e presidente da Comisión de Vías, pero cremos que o esforzo podería e debería ser maior, sen renunciar a manter as partidas que, ó noso xuízo, son innecesarias.

Nosoutros presentamos unha emenda que despois pasarei a considerar, onde destinariamos máis recursos ó Plan de obras e servicios, é unha decisión política que teñen vostedes, nosoutros consideramos que mellorariamos o orzamento fundamentalmente.

Sempre criticamos os orzamentos da Deputación por incrementar o gasto corrente e diminuír os investimentos, e en honor á verdade, e saben vostedes que somos serios, ou ó menos tratamos de ser serios, e que nos gusta facer as cousas con seriedade, e que este voceiro que lles fala caracterízase sempre por dicir o que pensa e o que sente, rendendo culto á razón e nunca á demagogia, direilles que se vostedes admitisen a emenda que nosoutros imos presentar, aínda sen estar de acordo noutras moitas cousas, estaríamos encantados de votar favorablemente este orzamento, porque en honor á verdade, e tamén o teño que dicir, este orzamento non é moi diferente ó que fariamos nosoutros se tivesemos que presentar o orzamento da Deputación.

O orzamento onde se contén o gasto corrente, hai un incremento moderado do gasto corrente, e sempre, en tódolos debates, pedimos que se moderase o incremento do gasto corrente. É un orzamento onde se incrementa substancialmente o investimento, e o investimento destinado ós municipios, e sempre pedimos que se incrementasen os investimentos da Deputación nos municipios. É un orzamento onde se suprimen partidas que aparecían en anteriores orzamentos e que nosoutros, en tódolos debates orzamentarios, pediamos que desaparecesen por innecesarias, e é un orzamento onde se diminúen os importes doutras partidas, tal como pediamos nosoutros noutros debates orzamentarios.

Polo tanto, en honor á verdade, temos que dicir isto, e dicilo publicamente, é certo que se nosoutros tivesemos a obriga de presentar este orzamento variaríamos substancialmente as cantidades que se asignan a algunhas partidas, as nosas prioridades

serían outras nalgúns temas e, desde logo, non habería tanta improvisación como nosoutros detectamos que existe neste orzamento.

Porque todos vostedes saben, e sabemos todos, que o orzamento da deputación son fabas contadas, os ingresos son os que son, veñen de onde veñen e a única posibilidade real de aumentalos é cunha maior apelación ó crédito; hai pouca marxe de manobra no campo dos ingresos, a non ser que nos decidamos por unha política desbocada de endebedamento, característica da época do Sr. Lendoiro, onde a irresponsabilidade puxo en difícil situación financeira esta institución, ademais de complicar e enlear a xestión da Deputación. Por certo, a débeda acumulada segue sendo preocupante tamén neste orzamento.

Os gastos e investimentos están, na maioría dos casos, predeterminados; temos que manter o funcionamento da deputación, temos que pagar o persoal, temos que manter o gasto corrente da deputación.

E, por outra parte, temos que facer uns investimentos obrigados en Plans de rede viaria local, Plans de obras e servicios, Plan de vías provinciais, POL, o Plan operativo local, que non podemos obviar, e que moitas veces non se xustifica que sexan inferiores ás doutros anos, aínda que neste orzamento tamén hai unha baixada substancial na partida destinada ó Plan de obras e servicios.

Logo, queda un remanente que se adica a outros plans, a outros proxectos, e aí entra a discrecionalidade do equipo de goberno á hora de decidir e priorizar, e sempre se reserva unha cantidade, digamos, entre comiñas, para facer política, cantidade que sempre lles criticamos por considerar innecesarios algúns casos e desorbitados outros. Estes plans poden englobarse nun plan único que sempre defendemos, ou continuar, como continúan vostedes, cunha dispersión de plans, creando novos plans que se solapan con outros xa existentes, xerando desta forma confusión cos concellos, e dificultando a súa xestión, e dispersando esforzos en materia de cooperación local, xustamente facendo o contrario do que se pretende na Lei de bases de réxime local.

Por certo, toda esta multiplicidade de plans non se reflicte no orzamento co detalle establecido na Lei de facendas locais, non se identifican os investimentos que se han realizar, nin no Plan operativo local, nin no novo Plan XXI de infraestruturas locais de transporte, nin no Plan XXI de reinvestimento de baixas para obras municipais, nin no Plan 2000 de parques de bombeiros e instalacións de Protección civil, nin no Plan 2000 de arquitectura popular, nin no Plan XXI de turismo da natureza, nin no Plan de vías provinciais. Creo que non poderíamos formular esta demanda seriamente no primeiro orzamento deste equipo de goberno, creo que a poderíamos presentar no segundo orzamento, pero desde logo é ineludible dicirle ó goberno desta deputación que faga as cousas, xa non digo se con programación, ou planificación, con programación ou con planificación, pero que faga as

cousas pensadas, porque xa levan tres anos gobernando, e se detecta neste orzamento unha certa improvisación e unha carencia de planificación nas actuacións establecidas desta Corporación.

Existe, como dicía, demasiada improvisación, e un exemplo claro disto témolo no chamado plan estrela e fago votos, e votos sinceros, como facía o Sr. deputado do Bloque Nacionalista Galego, para que este plan non sexa un plan estrelado, porque este plan non se vai poder executar no vindeiro exercicio. Isto afirmoo aquí, e o tempo dará ou quitará razóns, porque pregunto: ¿que estradas se van ampliar, que curvas se van eliminar, que travesías se van executar, se non hai proxectos?, e unha vez que se fagan e se aproben eses proxectos ¿como se van contratar as obras se non temos os terreos a disposición? Falamos moitas veces de que hai demora na execución dos plans da deputación, e sabemos todos que estas demoras son imputables, na maioría das veces, ós concellos, pero son imputables ós concellos porque non teñen capacidade para presentar os proxectos, para conseguir os terreos nos prazos que fixa a Deputación. Por iso, esta é unha ocorrencia que aplaudimos, que é unha boa idea, pero responde a unha certa improvisación, e non á planificación ou programación da que vostedes, de vez en cando, fan gala.

E digo isto, sen pretender restarlles, como dicía antes, ningún ápice de protagonismo, valorando positivamente esta idea, aínda que consideramos que é unha idea mal xestionada e mal programada. Esta crítica que fago non quere dicir que esteamos en desacordo, aprobamos e apoiamos, e dicimos que isto xustifica só este orzamento, 2.500 millóns de pesetas nun Plan de estradas locais, que solicitamos que se faga con tempo e con planificación, para que se poida executar no ano 2002.

Non consideramos tampouco nin conveniente, nin xusto, que a Deputación da Coruña achegue máis á Xunta de Galicia do que a Xunta de Galicia achega á Deputación. Isto non é razoable, e temos que acabar con esta política que se segue mantendo neste orzamento. Esta Deputación, a Deputación da Coruña, achega o 50% de tódalas transferencias correntes que realizaron as catro deputacións á Xunta. Non só achegamos máis do que a Xunta nos dá, senón que nosoutros sós achegamos o 50% do que achegan as catro deputacións de Galicia. Cremos que é necesario un esforzo moito maior nas estradas provinciais, valoramos positivamente xa o esforzo que o vindeiro ano se vai facer nas estradas locais, pero ¿que pasa coas estradas provinciais?, hai carencias graves de sinalización horizontal e vertical, as gabias de moitas delas están totalmente obstruídas, a maleza invade moitas veces a calzada, os programas de limpeza e roza non se executan nos prazos previstos e nos tempos oportunos. É necesario dotar xa de travesías moitos deses tramos de estradas provinciais, hai unha carencia grande nese orzamento cara as estradas provinciais, diminuíndo mesmo a cantidade, xa insuficiente, que estaba prevista no pasado ano. Non nos importaría en absoluto, ó contrario, aplaudiríamos un maior incremento desta partida, aínda que iso leve consigo un incremento do gasto corrente porque a partida de

conservación de estradas está contemplada no capítulo II do orzamento da deputación. Isto desde o punto de vista da conservación.

Desde o punto de vista do investimento, nada se modifica tampouco. Desde hai anos, a deputación non é sensible ó tema das infraestructuras viarias, e non se lle dedica, ó noso xuízo, os recursos necesarios. Sr. Pose, vostede que non foi insensible ás peticións dos concellos, e crea ese plan de 2.500 millóns de pesetas para estradas dos concellos, pídolle que faga un esforzo tamén, aínda que non se fai neste orzamento, que faga un esforzo co superávit, e dedique unha parte importante dese superávit, que o vai haber, e grande, ás estradas locais, e o grupo socialista está disposto a mostrarlle a súa colaboración e o seu apoio para convencer ós seus compañeiros de goberno, para que dediquen unha parte importante dese superávit ás estradas provinciais que tanto o necesitan.

Unha vez dito isto reitérolle que este orzamento é o mellor orzamento de tódolos que se presentaron ata agora. É certo que hai unha subida moderada do gasto corrente, e hai un incremento importante do investimento, aínda que tamén é certo que isto débese, exclusivamente, ó novo Plan de estradas municipais. Tamén é certo que hai neste orzamento unha importante apelación ó crédito, equiparable este ás previsións de investimentos de estradas, a apelación ó crédito prevista para o ano 2002 alcanza o importe de 14.235.000 euros, 2.400 millóns de pesetas, fronte ós 9.045.232 euros, 1.504 millóns de pesetas, do orzamento do ano 2001, cun significativo incremento do 57,38%. Incrementábase nun 57,38% a apelación ó crédito neste exercicio, e esta tamén é unha gran novidade dos orzamentos deste ano, ese recurso á apelación ó crédito é unha porcentaxe tan importante.

Solicítase un crédito de 14.235.000 euros, e aplícase exclusivamente para financiar o Plan XXI de infraestructuras locais de transporte, plan co que manifestamos a nosa conformidade, e que responde, como xa dixemos, a unha necesidade sempre preferente, pero que se fixo máis perentoria dos temporais do pasado ano, e que esperamos que a súa xestión se realice, como dicía antes -e encárgome de resaltar, porque tamén era unha preocupación que expresaba o Sr. Doval-, que se realice distribuíndo os fondos deste plan cos criterios cos que se distribúe o Plan de obras e servizos.

Realízase, pois, unha forte apelación ó crédito para equilibrar o orzamento, alcanzando unha cantidade significativa e preocupante ó volume da débeda da deputación, e este é un tema moi importante; pásase de 57 millóns de euros, 9.500 millóns de pesetas no ano 95, a 111.694.218 euros, 18.600 millóns de pesetas, no ano 2002, é dicir, en seis anos, que se corresponden co mandato do Partido Popular baixo a presidencia do Sr. Lendoiro, e a presidencia do Sr. Torres, a deputación duplicou a súa débeda, e este dato, por si só, é preocupante, e debemos de ser sensibles a esta situación, porque se non se corrixe esta tendencia, estamos poñendo á deputación no límite da súa capacidade de endebedamento, e

estamos atando de pes e mans á próxima corporación que saia das eleccións do ano 2003, e isto nin é serio nin é responsable.

Sei que vostedes intentarán minimizar esta crítica, aludindo á evolución da carga financeira que, efectivamente, diminúe. Non cabe dúbida de que a baixada dos tipos de interese baixaron substancialmente, e os períodos de carencia na negociación dos créditos, axudan a explicar, en gran parte, este descenso. Pero o que realmente interesa para coñecer a verdadeira situación financeira da deputación é o volume de débeda, non a carga financeira, tal como se pon de manifesto no informe do interventor xeral desta deputación. Deberíamos, pois, de preocuparnos polo volume que alcanza esta débeda e porque se duplicara en cinco anos e polas consecuencias que para o futuro desta institución pode ocasionar, porque se temos en conta que dentro de dous anos entra en vigor a Lei de estabilidade orzamentaria, podemos ter dificultades financeiras, e gustaríame que a deputación, o goberno da Deputación me dixese cal pode ser a repercusión desta lei nos orzamentos, no endebedamento dos vindeiros exercicios da deputación.

Presentamos unha emenda que, como lles dicía anteriormente, se vostedes a votasen favorablemente, o grupo socialista votaría favorablemente o orzamento da deputación para o ano 2002, e é unha emenda que vai en liña co que defenden vostedes nese orzamento, é unha emenda que reduce o gasto corrente e incrementa os investimentos dirixidos ós concellos, porque cremos na autonomía local, cremos na autonomía dos concellos, e cremos que a deputación debe de estar, fundamentalmente, ó servizo dos concellos. É unha emenda que, aclaro e aproveito para dicir, que contén un erro; por un erro mecanográfico duplicamos unha partida, unha partida de 408.000 euros, que son 68 millóns de pesetas, pero é unha emenda que supón o destinar 6.298.000 euros a dúas partidas fundamentais, ó POS de obras e servizos para incrementar o POS para os concellos, e unha partida testemuñal e pequena dedicada ás vacas tolas.

Como vostedes saben, o goberno da nación anunciou que ía reducir os créditos para afrontar o problema das vacas tolas, de 153.000 millóns de pesetas a 10.000 millóns de pesetas, querendo repercutir nos gandeiros a solución deste grave problema que temos na gandería deste país. Non é lexítimo, non é lóxico, nin é razoable, ó noso xuízo, que teñan que soportar os gandeiros, que son totalmente inocentes nesta cuestión, os custos do problema das vacas tolas. Sabemos que non é competencia da deputación, sabemos que a Deputación Provincial da Coruña non ten ningunha competencia nista materia, pero queremos testemuñar a solidariedade e queremos poñer de manifesto a gravidade deste problema, que afecta a un sector importante para o desenvolvemento futuro de Galicia, cunha pista, un sinal, a Deputación Provincial da Coruña está disposta a axudar a estas persoas, e con esta pista testemuñal, ou con este testemuño da nosa emenda, dicirle á Xunta de Galicia, aborde vostede ese problema, porque se está anunciando que van aparecer máis

vacas tolas, aborde vostede ese problema, dedique recursos e dedique medios para que non entre en crise un sector importante do noso futuro económico.

E esta é, a grandes rasgos, a nosa emenda, sei que vai ser difícil que a acepten, non é a nosa pretensión que a acepten, oxalá fose así, se fose así estaríamos dispostos a votar favorablemente o orzamento porque reitero, é o mellor orzamento, ó noso xuízo, que presentan, e tamén reitero que se tivesemos que gobernar fariamos un orzamento moi similar a este, onde se contén o gasto corrente e onde se incrementa substancialmente o investimento. Poderíamos conter e reducir máis o gastos corrente, poderíamos aumentar máis o investimento, esta é unha decisión política, é un criterio político que o goberno da deputación non ten, pero que nosoutros queremos poñer de manifesto. Máis nada e moitas grazas.

#### Sr. presidente

Eu, antes de cederlle a palabra ó Sr. Erias, simplemente unhas matizacións, porque me dá a impresión de que algúns destes plans non se entenderon perfectamente, quero facer referencia a este Plan de 2.500 millóns de pesetas que está no capítulo VII, que se vai transferir ós concellos, dándolle a autonomía suficiente, independentemente -e ademais van contratar eles e a facer eles, e eles van habilitar os terreos correspondentes-, independentemente de ser específico, ou case con preferencia para vías municipais cen por cento, pois tamén se algún concello ten que arranxar outras vías, que poida ter a liberdade de derivalo a outras infraestruturas necesarias. Ou sexa, que vai ser un plan con preferencia a vías municipais, pero tamén aberto a outras infraestruturas, polo tanto, teño a plena convicción de que estes 2.500 millóns de pesetas se van investir no ano 2002, porque á parte deste plan, aquí falouse tamén moito das vías provinciais que están necesitadas, temos un plan de estradas provinciais, un plan plurianual, que ademais se vai presentar, esperemos, voume reunir profundamente co Sr. responsable de estradas neste próximo mes de decembro, imos presentar ese plan con nomes e apelido de tódalas estradas, un plan plurianual de dous ou tres anos -se é posible en dous, senón en tres-, de 4.500 millóns de pesetas. Para ese plan neste orzamento serán, en principio, 500 millóns de pesetas, que cremos que son suficientes para, a partir do 1 de xaneiro, empezar con proxectos e con expropiacións onde sexa necesario, e tamén adxudicar aqueles proxectos que estean listos, e co remanente de marzo engadirémoslle 1000 millóns de pesetas. Isto por suposto, independentemente da Rede viaria local, que ten tamén cerca de 500 millóns de pesetas, e independentemente do mantemento das estradas, que están en 800 millóns de pesetas.

Simplemente era facer esta aclaración, quizais que é bo para o futuro debate deste orzamento.

#### Sr. Erias Rey



A verdade é que estamos ante un debate no que é necesario cada un responder das responsabilidades que desenvolve e, desde logo que desde o grupo de goberno non temos ningunha dificultade en debater tanto sobre a filosofía como as cifras concretas e, polo tanto, cremos que este é o momento oportuno, igual que previamente, cando se emitiron dictames sobre os asuntos nas comisións respectivas, alí puido darse o debate que, se é o caso, os señores deputados prefiren gardar para o momento do Pleno, o cal nos parece razoable e non temos ningún inconveniente, pero, en todo caso, cada un imos responder daquelas responsabilidades que temos, e eu en termos xerais teño varias consideracións que vou facer, pero en orde a aclarar todas e cada unha das cuestións formuladas, creo que vai ser necesario que entremos, en primeiro lugar, no que representa a emenda presentada a estes orzamentos, por parte do grupo socialista, e a partir de aí contestarei presentando o que desde o grupo de goberno se estima adecuado para a Deputación provincial a través deste proxecto de orzamentos, e en terceiro lugar vou contestar a todas e cada unha desas cuestións que formularon. Imos entón con esa orde que creo que é bo para que nos entendamos.

Mire, as emendas deben de conter o financiamento, os posibles cambios, a quen vai afectar e, posteriormente, deben de ser presentadas nun prazo para que sexan informadas da mesma maneira que se fai o orzamento, isto vostedes presentárono onte, eu recoñezo e asumo que o elaborar o orzamento leva o seu tempo e, polo tanto, a vostedes tamén lles leva o seu tempo lelo e estou seguro de que están poñendo un gran esforzo porque así vímolos comprobando, e non é mellor maneira que comprobalo que para ter reputación, pero claro, non imos dar unha de cal e outra de area, nosoutros imos analizar o orzamento, e imos analizar o presuposto co rigor que este documento require, Sr. Moreda, e eu hai cousas coas cales teño que discrepar de maneira importante, a pesar de que os coñecementos, en principio, presupoñense capaces para chegar ó fondo dos temas.

Vostedes desenvolveron un traballo moi importante, vostedes analizaron o orzamento, vostedes fixeron unhas valoracións sobre determinadas partidas, vostedes din que se equivocaron á hora de transcribir os termos, eu díxenllo ó comezo dos pleno, dame igual que llo dixera eu que mo diga vostede neste Pleno, iso dá o mesmo, o feito concreto é que hai un erro, pero hai máis cousas ca ese erro, e polo tanto, como hai máis cousas que o erro, e quero ser serio neste tema, porque a min tamén me gusta desde a profesionalidade e o que un cre e entende que debe ser a acción pública, pode render contas disto. Mire, imos ir programa por programa dos que vostedes pretenden que se suprima. Din suprimir o programa de Promoción de asociación de veciños, eu voulle dicir que este programa, a Federación de Asociación de Veciños da Coruña sacou un manifesto, que non por afinidade ó grupo que goberna nesta deputación, senón por responsabilidade no seu momento, e que teño aquí fotocopia dun periódico do martes do 16 de outubro de 2001, no cal valora de maneira moi favorable este tipo de accións. Eu creo que un programa que está no segundo...

-Sr. González Garcés, insisto en que eu pretendo escoitalos, e gustaríame tamén que neste caso se entendera ben o que digo-, cando estou falando do Sr. Folgueira e do comunicado da Federación de Asociación de veciños, non o estou utilizando para lexitimizar en ningún caso o que se está facendo desde esta casa, estou dicindo que é un programa que vai na segunda fase, que é un programa que está tendo ampla aceptación e que era unha carencia evidente que tiñan este tipo de colectivos para poder desenvolver a participación, que a todos se nos enche a boca cando expresamos este vocábulo, pero que poucos poñemos os recursos para que esta participación se poida efectuar. Polo tanto, eu creo que non é moi coherente suprimir esta partida e entón, a min gustaríame que pensaran, non só en riscar cousas senón en ver porque as riscamos.

Logo din, suprimir a partida destinada á adquisición de equipos para as aulas municipais de informática; vólvolle a repetir o mesmo, este é un programa que está na súa segunda anualidade, eu creo que levaría emparellado deixar a uns concellos que non tiveran aula de informática e outros que si a tiveran equipada. Creo que non é demasiado coherente para uns si e para outros non. Desde esta deputación fanse cousas para todos, non se exclúe a ningún dos concellos, fanse as cousas para todos, e fanse as cousas con criterios, e eses criterios son obxectivos, e eses criterios proxectamos sobre eles a transparencia, porque rendemos conta nas comisións previamente, rendemos conta no Pleno e, é máis, nas bases de execución orzamentaria, teño que dicirle que tódalas subvencións nominativas volven a pasar outra vez polo Pleno, no cal incluso poderíamos ter algunhas dúbidas de se era necesario ou non, pero preferimos, en aras a esa transparencia, e en aras a ese compromiso con que traballamos para todos, en traelas aquí dúas, tres, catro ou catorce veces, as que sexan necesarias, con tal de que se vexa claramente que o que se desenvolve desde a Presidencia Provincial responde ós criterios cos cales hai que responder á hora de desenvolver o gasto público.

Pero seguimos, mire a supresión da partida 451H226.99 levaría emparellado, voulle dicir algo que lle vai sorprender, levaríalle emparellado suprimir esta partida, pois suprimir os premios González Garcés, o Ksado, o Torrente Ballester, así como o Otero Pedrayo, que ademais no ano...si, si, si, vostede tome nota do que lle digo, ca igual có error estou no certo, porque eu estudieino durante bastante tempo e comprobado, sorprendeume porque sei que o fan vostedes con moito empeño, pero o resultado é o que eu lle estou dicindo, non o que vostede me di. En todo suporía que o Otero Pedrayo que organiza a Deputación no 2002, tamén habería que suprimilo e estoulle falando da partida que vostedes marcan aí, 451H226.99. Eu repito que estou seguro que non creo que a súa intención nin a do seu grupo, sexa suprimir este tipo de accións, porque creo que son boas, polo tanto, creo que aí hai algún tipo de erro pero non de interpretación; se é o caso, porque vostedes téñeno por escrito, téñeno aí diante de vostedes e pódeno comprobar se o que estou dicindo é correcto ou non.

O que dixo respecto á partida de 408.690 euros, de promoción de actividades deportivas, xa se ve que o repetiron vostedes dúas veces, na primeira páxina, e volvérono a pór na segunda, ben, non pasa nada. Pero tamén, fíxese vostede, vostedes din que pretenden coa emenda eliminar as axudas ós distintos clubs deportivos e ás federacións provinciais e ademais escoiteille que estamos aquí financiando á Xunta de Galicia, eu creo que isto é un erro de planteamento, aquí non estamos transfirindo á Xunta de Galicia nada, aquí o que estamos desenvolvendo é unha política que, a pesar de que vostede diga que faría os mesmos orzamentos, eu creo que serían bastante diferentes, é unha política de cooperación interinstitucional, no senso de que aquelas cousas que cremos que unha Administración soa, e ademais co compromiso municipalista que desde esta deputación temos cos concellos, cando hai que facelas conxuntamente, fanse conxuntamente, non se está facendo, o que tiñan que facer os demais, igual que cando nosoutros recibimos transferencias doutros ambientes non é porque os outros ambientes puideran facelo, claro; sorpréndeme ademais que reclamen plans únicos e outras cousas únicas e logo que critiquen o pensamento que autodenominan único, eu non acabo de entender estas cousas, eu creo que hai determinadas singularidades que requiren actuacións específicas e que, polo tanto, hai que poñer esas bases, consonte con vostede estamos totalmente e co seu grupo, que sexan obxectivas, que sexan unhas bases que representan a todos, que sexan unhas bases que non exclúan a ninguén, pero en todo caso isto non é o que vimos facendo, sempre tódolos plans teñen as súas bases, adaptamos as bases deses plans ós obxectivos que o propio plan pretende cumprir, pero non sustraemos en ningún caso, repito, que algo ou alguén intentemos deixalos quedar fóra.

Mire, no que se refire ás supresións no servizo de promoción e incentivos económicos, as partidas 226.99, a 489.99 e as 789.99 do programa 463B significaría cernar substancialmente o programa de subvencións dirixidas a familias e institucións sen fins de lucro, e destinadas a financiar pequenos investimentos comunitarios, como conducción de augas, como arranxos de camiños, como promoción do medio ambiente, como pequenos proxectos de desenvolvemento rural e actividades de éxito tales como aquelas que eu sempre lle escoitei a vostede, por exemplo, Voz Natura, Neria, o proxecto Euroeume, todo iso está aí, dentro do que vostedes me piden que suprima, claro, eu, repito... -non, non, comprobe, é o que eu lle estou dicindo, non hai dúbida ningunha, e senón os servizos da casa poden dicir se é correcto ou non-. En todo caso non se trata diso, trátase tamén de que, fíxese, eu creo que nesta emenda o que pasou, por algunha cuestión de premura foi que se utilizaron un pouco epígrafes doutros anos, epígrafes que neste orzamento algúns non están, e outros son diferentes, porque tamén non acabo de entender que pidan vostedes que se apoie o sector gandeiro e que pidan que se suprima a partida 7116739.99 porque significaría eliminar as axudas ás Confrarías de Pescadores, eu non creo que vostedes defendan isto, non mo podo crer, pero sen embargo é o que din vostedes no papel. Nosoutros así os orzamentos non os facemos, creo que algo aprendemos nestes tres anos que levamos aquí.

Eu creo, polo tanto, que tampouco están de acordo vostedes en suprimir o programa Breogán, un programa para premiar ós concellos que desenvolven con compromiso, con calidade, con eficiencia, o que teñen que facer, que son determinadas obras, determinados proxectos e que iso o premie a deputación como algo bo, vostede, tamén o pedía que se suprimira.

E xa para terminar un pouco, e xa non seguir así con esta lupa proxectada sobre o documento, porque cun pouquiño de sol podería queimarse, eu creo que non se pode pretender eliminar 30.050 euros da partida 227.99 porque eu non creo que o grupo socialista pretenda eliminar o Plan de formación dos funcionarios da deputación, Plan de formación dos funcionarios da deputación, 30.050 euros, isto vostedes tamén pretenden que os suprimamos, pois non estamos de acordo niso, e creo que unha das cousas fundamentais polas cales a deputación debe loitar, é que a formación se adecúe ás necesidades desa Administración que queremos facer para o futuro, e iso require unha formación continua para os funcionarios, probablemente tamén para nosoutros os políticos, nosoutros temos que facer un esforzo no día a día de estar en contacto con esa realidade, entón eu non entendo moi ben, repito por que se propoñen suprimir todas estas accións, e creo que ten que ver máis ca nada, tal e como o dixen, co desexo de facer unha achega, unha achega ó que é mellorar o apoio a toda a cooperación local, que a compartimos nosoutros non imos dicir que non aviso, se é o que estamos facendo con estes orzamentos, con estes orzamentos desenvolvemos un esforzo tremendo en apoiar ós concellos, en multiplicar o investimento, en que sexan os propios concellos os que contraten, en potenciar a autonomía municipal, e o que é máis importante, tódolos plans novos, vostede di que non hai novidades, pero claro, probablemente sexa a linguaxe política, porque non quere velas, pero novidades podo dicirlles moitas e importantes. Mire, os plans XXI que se presentan, un deles, por exemplo, incentiva a calidade, potenciando, non discriminando, senón que potenciando favorablemente, nun 20% máis como é plurianual, a todos aqueles que cumpriran na primeira fase cos obxectivos tal e como os técnicos, que serán os que neutralmente avalíen o resultado dese plan, non os políticos, os técnicos, e entón os técnicos ós cales sempre felicitamos tódolos grupos, e nosoutros sumámonos gustosos a esa felicitación, teño que dicirlle que, por primeira vez, no Plan de turismo da natureza, nun plan provincial, introdúcense criterios de premio para que na segunda anualidade ese concello vexa incrementada a contía. Pero sigo dicíndolle, tamén por primeira vez, en moitos dos plans que ata agora se desenvolvían, e isto si que non ten que ver con mirar cara o pasado, senón que se facían cofinanciados cos propios concellos, tendo que achegar eles determinadas cantidades, pois no caso dos plans que propoñemos, o cen por cento do financiamento para esas actuacións que a entidade provincial considera prioritarias, e que vai definir unhas bases suficientemente cubertas como para que cada un, desenvolvendo a súa autonomía municipal e dispoñendo dos recursos convenientes e posibles, porque a todos nos gustaría que en vez de 2.500, foran 14.000, 20.000 ou 50.000, pero claro, este tipo de desexos chocan coa

realidade que é tüzara, e esta Administración ten os ingresos que ten, ten as fontes que ten, e proveñen de onde proveñen, polo tanto, como hai aquí un pequeno corsé que entre todos tamén poderamos contribuír a que isto mellore se somos capaces de que avance o que se chama pacto local, eu creo que están traballando os gobernos neste tipo de accións, que están traballando tamén os distintos colectivos que representan o movemento municipalista, é moi probable que teñamos outras deputacións, pero tendo as deputacións que temos, volvo Sr. Moreda a sinalarlle, que por primeira vez os plans provinciais non lle esixen achega ó concellos para poder levar a cabo determinadas actuacións que considera importantes a Deputación provincial. Creo que isto son avances, non son avances probablemente cuantitativos da envergadura que nos gustaría que tivera, pero si son avances cualitativos, si son avances no estilo, si son avances na maneira de implementar a política, e si son avances de facer unha provincia entre todos e unha provincia para todos, e isto é o que pretenden estes orzamentos, vostedes como grupo estou convencido de que tamén o desexan, e eu, neste caso, volvo repetir, creo que a emenda é froito, un pouco, desa improvisación, e dese copiar as partidas e que logo, probablemente, como estaban en euros, tamén é máis sinxelo, ás veces, que nos equivoquemos. Reitero que o tema da introducción da moeda única píllanos algunhas dificultades á hora de comparación, comprendo e tamén nese senso me gustaría que tódolos documentos se tiveran cun mes de anticipación, adiantamos o Pleno para poder cumprir con ese compromiso que temos de que o día 1 de xaneiro poidan entrar os orzamentos en vigor pero, sen embargo, o que xa non comparto é que se supriman, e o noso grupo non o comparte porque o debatemos previamente, porque a moción entrou adecuadamente en tempo e forma, estudiámola, valorámola, e traemos aquí unha análise pormenorizada dela. Neste senso, o grupo de goberno rexeita a moción presentada por parte do grupo socialista.

En segundo lugar quero entrar nunha análise, e pídlle ó meu compañeiro que me dea os papeis que teño por aquí escritos, que son convenientes. É necesario nesta segunda parte da exposición facer referencia, e a min gustaría que fora un pouco antes a hora, pero non me queda, eu creo, que outro remedio, pola responsabilidade que detento, de explicalo cun pouquiño de calma.

O Sr. Rodríguez Doval dicía que era un orzamento histórico-artístico, eu en temas retóricos non creo que haxa que facer moitos máis malabarismos, porque el xa fai bastante ó forzar desta maneira a linguaxe, pero o que si teño que dicir é que é necesario que vexamos con claridade todos o que son os ingresos, o que son os gastos, e o que son as necesidades de financiamento, e o que é o endebedamento da deputación. Creo que demostramos en máis dunha ocasión que continuar falando de endebedamento total é querer falar de cousas que os economistas non debemos de falar desa maneira, non, non, Sr. Moreda, pero imos ver, vostede non faga comparacións entre os anos que gobernaron vostedes e os anos que gobernou o Partido Socialista, vostede non provoque, entre comiñas, alarma, que tamén sei que non é a súa intención, pero tampouco provoque, entre comiñas, alarma, que tamén sei

que non é a súa intención, pero tampouco provoque alarma dicindo que estamos nunha situación próxima a esa necesidade de ....., iso é absolutamente falso, e iso os informes de intervención non din para nada iso, absolutamente para nada, é máis, ata graficamente o pode visualizar claquera que analice a memoria de Intervención. Hai un discorrer paralelo entre o que é o límite legal e un discorrer paralelo entre o que son os ingresos e o que é o treito máximo que está alcanzando o noso nivel de endebedamento, pero en todo caso, e referíndonos ó endebedamento, o que hai que falar sempre sabe vostede que é de endebedamento neto, porque vostede sabe que o endebedamento bruto, a necesidade de financiamento, está padecendo a amortización que hai que desenvolver no período, nosoutros a ese endebedamento bruto de 2.400 millóns de pesetas, como se amortizan 1.100 millóns no período, temos un endebedamento neto, que é no que realmente se incrementa o endebedamento total, o endebedamento total vaise incrementar nesas 2.400, pero ¿que imos facer?, reducir, porque outra parte, 1.100 millóns de pesetas.

Pero mire, se nos fixamos noutro dato, e isto non hai ningún analista financeiro que poida discutilo, e facemos 18.000 millóns que di vostede, e o que é o aforro neto, temos un resultado para ese coeficiente de 2,5, é dicir, necesitaríamos o aforro de dous anos e medio para pagar o total da débeda. Como ve vostede, a situación é tan saneada que calquera equipo de goberno que pretendera desenvolver este tipo de acción, podería facelo, e de aí que as entidades financeiras cando concursan ó que nosoutros temos para necesidade para cubrir os nosos orzamentos, ofrézannos ó 0%. é dicir, de prima, 0%, ¿por que razón?, pois porque a deputación é saneada, porque a deputación está en condicións financeiras de poder desenvolver os compromisos que adquire, e iso sábeno porque as contas, repito que están aí, e os datos e os números son moi tozudos, moi tozudos.

Pero imos xa a analizar os ingresos e o gasto, mire, telegraficamente, os orzamentos son importantísimos, 24.500 millóns de pesetas, 147 millóns de euros, importantísimos, un crecemento en volume do 8,2%. Os gastos correntes contéñense, crecen o 2,25%, por riba da taxa de inflación interanual, que é o valor que utilizamos ese 3,5% de taxa interanual, non estamos actualizando coa inflación prevista do 2% para o exercicio do 2002, nin tampouco coa inflación acumulada, porque eu noutros foros tamén xa o dixen, é dicir, se a inflación acumulada nestes momentos está no 2,8, non ten moito senso que esteamos actualizando con indicadores, como algúns reclaman, do 4%, porque entón en vez de estar facéndolle un beneficio ó sistema público que pretendemos representar, ou que representamos, o que estamos facéndolle é un enorme prexuízo, estamos indiciando con inflación pasada e, polo tanto, vostede sabe coma min, que atribuiremos que no futuro os prezos van subir, e como atribuímos iso, ó final os prezos acabarán desbordando todos e cada un dos obxectivos previstos. Polo tanto, eu creo que aquí si que hai que desenvolver reputación e credibilidade, aquí, e é como se lle gaña a batalla á inflación, é como se lle gaña, non hai outra maneira de gañala, a través de cambiar as expectativas que temos e que teñen os axentes económicos, e non quero facer un debate técnico pero si lle digo que, en todo caso, este organismo

provincial está indiciando con taxa interanual de inflación, e tamén lle digo que o que deberíamos de facer para tódalas accións era, e tal como prevé a Lei de orzamentos do Estado, cando entre en vigor, indiciar coa inflación prevista para o ano 2002, que é do 2% no cadro macroeconómico do goberno de España.

Por iso creo que, feitos estes comentarios, se vemos os resultados no tocante a ingresos e no tocante a gastos, podemos comprender mellor o que representan estes orzamentos, e estes orzamentos representan, como xa lle acabo de dicir, ese incremento de volume do 8,2%, e a contención do gasto corrente do 2,25, ese incremento do 17,5% dos investimentos de capital, é dicir, ese incremento das transferencias como do propio investimento directo ós propios concellos para realizar eles as obras, e polo tanto cremos que isto é un gran esforzo que a Deputación da Coruña fai, é un orzamento certamente importante, e é un resultado, non só do endebedamento, recoñézanos vostede algúns méritos, racionalizar o gasto público é algún mérito de quen xestiona, cando se planifica ou se programa - e non imos continuar co debate porque sería demasiado recorrente-, o que estamos facendo é intentar poñer prioridades; se contemos a compra de bens e servizos e a poñemos nun determinado nivel, se con respecto ó que son a remuneración estamos facendo un esforzo para racionalizar a Administración e para que para todos, non para uns, senón para todos, fagamos ese esforzo e poñamos ó noso servizo naquela retribución que corresponde ás funcións que veñen desenvolvendo, cando potenciamos novos servizos, como os Servizos de Xestión, Inspección e Recadación, entón aquí vostedes verán as taxas da deputación, isto é un ingreso propio da deputación.

Sr. Rodríguez Doval, diminúen, ¿sabe vostede por que diminúen?, dígollo eu, porque ós concellos cobrámoslle o 50% do que terían que pagar para poder desenvolver eles co convenio anterior estes servizos que eficientemente lle presta a deputación, e isto é facer Deputación provincial, é dicir, é prestar servizos a aqueles que non están en condicións de poder asumilos porque, ou ben terían que pagar un custo superior, ou ben non estarían desenvolvendo convenientemente as súas cuestións. Por iso eu creo que aquí si que é necesario que fagamos todos un pouquiño de exame sobre o que representa o orzamento.

O orzamento, repito, que na parte correspondente a ingresos conta co que ten de transferencias do Estado, que se incrementa un 6,70%, e isto é un dato, non hai outro incremento ca iso, contan co esforzo que se fai desde a propia deputación e esquecéronse vostedes, e vostede continúa, Sr. Rodríguez Doval, falándonos da recarga provincial sobre o IAE, e vostede pretende xa case case recorrentemente, que aquí deamos un debate que é un foro diferente, onde haberá que falar que é o que pasa co imposto de actividades económicas. Eu o que lle podo dicir é que a deputación, desde que tomou posesión esta corporación, reduciuno para que a carga tributaria que teñen que soportar os suxeitos sometidos a este tipo de gravame sexa razoable, e teña que ver cos parámetros, que é o que

busca calquera Administración para poder desenvolver a tarefa de emprendedores, os autónomos, ou calquera dos colectivos que teñen que contribuír por esta figura impositiva.

Por iso lle digo que este non é o momento de debater sobre o imposto de actividades económicas, que este é o momento de debater sobre cales son os ingresos ordinarios, sobre cales son esa contribución das outras Administracións, e tamén sobre cal é o endebedamento que estamos dispostos a incorrer para desenvolver o compromiso coas necesidades da deputación.

Aquí teño que dicirlles que non estamos de acordo o grupo provincial do Partido Popular co que non se estudian as cousas. Mire, o Sr. Pose, ó cal eu tamén me sumo ó abano de felicitacións, presentounos no seu momento unha avaliación do que suporía actuar nas vías provinciais, el díxonos en torno ós 4.000 millóns de pesetas. Por parte da Presidencia desta deputación o que propón é un plan plurianual, non de 4.000, senón de 4.500 millóns de pesetas, un plan plurianual que ten en conta, primeiro, que era necesario dispoñer de terreos, e en segundo lugar, ou en primeiro lugar, mellor dito, que era necesario dispor de proxectos. O Sr. Pose, tamén na reunión que tivemos ó respecto, díxonos que para o exercicio do 2.002 había a posibilidade de executar 1.500 millóns de pesetas, e como había posibilidade de executar 1.500 millóns de pesetas, Sr. Fernández Moreda, non reducimos a cantidade, simplemente orzamos con realismo. O Plan de vías provinciais leva un orzamento de 500 millóns de pesetas, e no primeiro expediente modificativo de crédito que trate da incorporación do remanente de Tesourería, suplementarase con 1000 millóns de pesetas, tal e como anunciou o noso presidente da Deputación, non, non, estupendo, se estamos todos de acordo, moito mellor, e se vostede cambia o seu voto e vótanos que si, tamén imos estar moito máis felices todos, pero en todo caso, eu teño que anunciar as cousas tal e como as cremos.

O Plan de infraestruturas locais e de mellora da mobilidade é un plan importantísimo, é un plan que nace froito da demanda do que son os 2000 quilómetros de estradas locais, que teñen a responsabilidade de actuar sobre elas os concellos desta provincia, 2000 quilómetros de vías locais. E, en segundo lugar, nace dunha realidade que está aí, que é a dispersión poboacional e o importante número de núcleos de poboación para mellorar a eficiencia de todo o sistema o que se pretende é actuar onde os cidadáns viven, onde os cidadáns traballamos, e facilitar que, tanto desde o tecido empresarial como desde o tecido privado, poidase ter unha maior accesibilidade, unha maior conectabilidade e agora que dispoñemos xa das autovías, agora que dispoñemos dunhas vías de comunicación autonómicas moi boas, e se non, non hai máis nada que coller e viaxar, e o que viaxe poderá comprobar tanto en España como no resto dos países de Europa o esforzo que en Galicia se fixo desde a Consellería de Política Territorial, coas estradas autonómicas, eu creo que agora que temos iso, é o gran paso por parte da Deputación provincial para atender eses 2000 quilómetros de vías locais. Por primeira vez desenvólvese un plan deste tipo, non froito da



improvisación, non me diga vostede iso, non froito dunha ocorrencia, non me diga vostede iso porque sabe o que significa ocorrencia e o que significa improvisación, precisamente se algo ten é que nin é ocorrente, nin é improvisado, senón que é perfectamente pensado, estase traballando nas bases de execución deste plan, estase traballando, pretendemos que antes de que termine o ano as bases sexan públicas, que se desenvolven con parámetros obxectivos similares ó POS no que poida ter de paralelo co POS, e no que teña de singular con aqueles outros parámetros que sirvan para determinar cál é a contía que lle corresponde a cada concello. Pero Sr. Rodríguez Doval, facémolo para tódolos concellos, non os facemos para os que teñen 25 quilómetros, ou 200 quilómetros, ou 300, non, non, para cada un en función dos quilómetros que ten, en función das entidades singulares de poboación, en función da súa propia poboación, en función da dispersión poboacional, é dicir, todos estes son parámetros que están aí, e que logo se ponderan para que na súa distribución se asigne a cada un dos concellos aqueles que lle corresponda, un plan para actuar sobre vías locais, un plan que van contratar os concellos, un plan que van decidir as corporacións locais cando coñezan o que desde a perspectiva da reflexión interna do grupo de goberno desta casa, cre que é conveniente para todo a provincia, poden eles discrecionalmente destinar, e se algún coma o Sr. Fernández Moreda di que ten que facer beirarrúas nesas vías locais, pois haberá beirarrúas, ou se ten, porque os veciños lle reclaman uns puntos de iluminación, poñerá puntos de iluminación, ou se cre que....., ben, o que crea que, non o que a deputación decida, pero si para unha finalidade concreta, para un investimento e actuación sobre vías de titularidade local. Creemos que isto non é improvisado, nin unha ocorrencia, creemos que é froito, probablemente non da experiencia prolongada que teñen outros deputados, polo que aquí enunciaron, pero si froito dunha responsabilidade co que a provincia nos demanda. E vostede dicíao, Sr. Moreda, e eu estou de acordo que había que actuar sobre as vías provinciais, pero creo que en moito tempo, a primeira corporación que puxo 700 millóns de pesetas para o que é o tratamento de reparación de fochas, para o tratamento de roza, etc., etc., é esta Corporación Provincial, e este ano continuamos coa mesma cantidade.

E que lle repito, repítolle, no que ten que ver coa contía destinada a investimento en vías provinciais, está a expensas do que nos dixeron os servicios que é executable este ano, que son 1.500 millóns, e como para botar a andar os tres primeiros meses chegaban 500 millóns de pesetas, ¿para que imos orzar máis se non o imos gastar antes de marzo?

Por iso, reitérolle, mire, Plan de turismo da natureza, este ano pasamos de 725 millóns a 1.000 millóns de pesetas, distribuído con criterios obxectivos. Sigo dicíndolle, para evitar este tipo de indefinición que, ás veces, algúns plans producían, aqueles chamados plans de aforro, plans de baixa sobre o aforro, etc., etc., incorporamos os compromisos, Sr. Rodríguez Doval, que tiñan un plan de baixas e que o ano pasado non se executou, pois vai ir consignada a cantidade que cada concello tiña para que non perda nada, é dicir, ¿que está facendo o presidente provincial da Corporación que el preside cos concellos da provincia? é o mantemento dos compromisos adquiridos, o desenvolvemento de novas iniciativas, a posta

en práctica de asuntos que mesmo algúns imos intentar que sexan piloto e que funcionen como plans demostración, como poñer aí un efecto seguimento no resto, mire, non fagamos comparacións entre Galicia; onte estaba co Sr. Baltar e dicíame o Sr. Baltar que o seu orzamento é de 7.000 millóns, a Deputación da Coruña ten 24.550 millóns de pesetas, claro, se collemos e dicimos “é que a Coruña fai o 50%”, pois claro que fai o 50% porque tamén ten un orzamento tres veces superior á de Ourense, et.c, etc., son todo repito, argumentos eu creo que pouco consistentes, os argumentos consistentes teñen que estar fundamentados en feitos obxectivos e que sexan contrastables, non unicamente mediante comparación, senón tamén a través dunha análise onde con iguais indicadores se vexa que é o que pasa nun lugar e no outro.

Dicíalle o do Plan de turismo da natureza, o Plan de turismo da natureza vai ter eses 1000 millóns de pesetas para todos aqueles concellos que queiran tanto en infraestruturas como en subministracións, desenvolver un compromiso cun valor en alza, que é o sector turístico, e isto fano os concellos, e un decide poñer sinalización e o outro decide poñer unha oficina de turismo, e o outro decide poñer cartelería e o outro decide poñerse na rede, e o outro decide, pois non sei o que decide, pero en todo caso, a deputación, para unha liña determinada, e iso non é susceptible dun plan único como recalman vostedes, probablemente estea emparellado ó que podería ser outro Plan ambiental de compromiso como está facendo o POL, priorizar nas obras de saneamento, abastecemento e depuración de augas, pois iso tamén serve para mellorar a calidade de vida dos cidadáns e a calidade de vida dos que nos visitan, e ter unha atribución de que estamos traballando no bo sentido para fortalecer unha das palancas de futuro que é ese turismo que todos desexamos que continúe vindo a comunidade autónoma, como de feito o están facendo, pero que veñan máis, que se queden, que pernocten, e que iso permita ós que desenvolven a actividade e a os que indirectamente se benefician dela, ter tamén, repito, máis ingresos.

Por iso lle dicía que incluso a deputación este ano vai intentar desenvolver tamén plans piloto, buscar un plan de excelencia co que é a xestión do que son os servicios municipais, e esas cousas que xa se están facendo nalgúns concellos, imos facelas en tres ou catro e ver que é o que sucede, e poñer o esforzo e ver se a partir de aí podemos facer máis cousas. Estamos facendo un compromiso co medio ambiente, cando vostedes saben que estamos desenvolvendo formación nestas áreas para potenciar a implantación dun novo valor, que é o desenvolvemento sensible, que é a axenda XXI, e que son esas cousas que a todos nos tocan de preto, é o ir adheríndonos a compromisos que outros tomaron e que lles serven agora para marcarnos un camiño a seguir; adherirse á carta de Albor supón algo máis que asinar unha cousa, desenvolver unha axenda XXI supón algo máis ca unha declaración de principios, supón o desenvolvemento dunha política comprometida con todas estas cuestións, e esta Deputación provincial está dando claros sinais de que está camiñando no senso adecuado no cal se moven as economías e as Administracións locais máis modernas, e non imos facer comparacións do que se fai no resto de España, poñámonos nun escenario

europeo, que é no que imos estar xa definitivamente a partir do 1 de xaneiro, e creo que poderemos velo con máis claridade, por iso reitero que tódalas cuestións que vostedes nos formularon, que nosoutros retomamos, e a min gustaríame nalgunhas delas poder dicirlles que si, pero é que hoxe, non me pillaron nun mal día, pilláronme nun día onde vexo que é que lles demos con pouco tempo o orzamento, que imos ter un esforzo para darlles dous meses para que non teñan o argumento, porque é que non encontro ningún, non encontro ningún, de verdade que non o encontro.

Eu creo que aquí, referente xa a temas concretos, e que xa contestei, porque fun apuntando todo o que vostedes me dicían, e eu aquí tiña unha palabra por parte do Sr. Rodríguez Doval, de que o orzamento era opaco, este orzamento non é opaco, este orzamento non é público, este orzamento débátese e este orzamento apróboo quen ten a capacidade de aprobalo, e logo este orzamento execútase, e vostedes teñen a obriga de controlar a execución, e nosoutros render contas do que estamos facendo, pero non me diga vostede que é opaco, porque é que se non volvemos a esa retórica que, de verdade, non é o que se fai na Administración, o orzamento ten unha fase complicada, que é a fase de elaboración, logo ten unha fase complicada que é a fase na cal o goberno, unha vez que está elaborado, prioriza as accións, explicitaas e logo pretende cumprilas, e pretende cumprilas coa maior responsabilidade.

Obxectividade, hai obxectividade total, tal e como lle demostrei. Os criterios non son caprichosos, home, tampouco son neutrais, é dicir, ¿que é isto de neutralidade?, algúns pensan que a neutralidade vén polas ciencias formais, por isto de que dous por dous sempre son catro, non, non, a neutralidade é, explicitando o que un quere facer, aplicalo correctamente, non o que vostede pretende facer, porque vostede igual o que quere facer é que, dentro desa neutralidade, potenciemos determinado criterio que, a todas luces, non é o máis conveniente para o fin que perseguimos. Cando falamos do Plan, por exemplo, de mobilidade en infraestruturas locais, home algo do que hai que ter en conta é que se o concello de Ortigueira ten 400 quilómetros e o de Boqueixón ten 2 quilómetros, non imos seguir o criterio de proporcionalidade, teremos que seguir un criterio progresivo para o que ten máis quilómetros poida atender máis necesidades, e o que ten menos, moitos menos. Entón, non me diga vostede que non é obxectivo porque isto é a mai do cordeiro, isto é a claridade total, pero sen deslumbrar. En todo caso o que si creo...

Sr. presidente

Sr. Erias rógolle que vaia terminando, haberá unha segunda rolda, haberá unha segunda intervención, rógolle que vaia terminando.

Sr. Erias Rey

Ben, presidente, pois calo, pero tería moito máis que dicir.

Sr. Rodríguez Doval

Eu, ademais, vou ser moi breve, porque lle estaba dicindo á compañeira, cando terminaba de falar o Sr. Erias, dixen “Eu aquí baixo”, si, eu tíñame que baixar porque xa non... Entón, case agradezo que o Sr. presidente acoutara as intervencións, por máis que me guste moito escoitar ó Sr. Erias, sobre todo cando o entendo.

Non me gusta que o Sr. Erias me riña porque eu non discuta o orzamento na comisión, porque eu estou enfadado porque o Sr. Erias non trouxo o orzamento á comisión en condicións, xa é o colmo que lle dea a volta á tortilla e me riña, é dicir, se o Sr. Erias a mi me trouxera o orzamento coa suficiente antelación, xa sei que non puido, pero tampouco lle gritei moito por iso, pero que vostede me rifa, que diga que lamenta que non se discuta nas comisións, pero ¿como vou discutir se eu facía 24 horas que tiña un dos documentos?, ¿vostede como pretende que discutamos?, discuta vostede, sáquenos o tema, entón é un pouco perseguir ó mensaxeiro e matar ó mensaxeiro, eu creo que non é serio.

A min preocúpame que non se entrou dunha maneira directa nos temas de fondo, polo menos nos temas que a nosoutros nos preocupan, por máis que seguramente a outra xente lle preocupe outras cousas. O erro de converter o orzamento nunha suma de cifras acaba convertendo un debate sobre as cifras, que son como son, as cifras son as que están aí, nosoutros non discutimos as cifras, nosoutros o que estamos discutindo é a idoneidade. A min preocúpame moito que o grupo de goberno non tome nota do mal que o fixo na anterior lexislatura, na anterior lexislatura discutíronse aquí e presentáronse aquí programas estrelas de miles de millóns de pesetas, e o resultado de todo iso estao pagando o mesmo grupo que fixo eses programas, entón eu ánimoos a que sexan autocríticos e que corrixan, e non estou vendo que se corrixa, porque seguen vostedes falando dos números, número tamén había aquí cando saíu o Plan 2000 famoso, ¿ou non había números?, non habería outra cousa, números, números, números, acabamos contra o paredón cos números como dicía o outro, fusilados aí. Pero os resultados ¿cales foron?, xa non digo os económicos para a deputación de estar pagando iso, senón os reais no resultado que teñen esas obras, non efectividade a nivel da sociedade que os goza, entre comiñas, entón preocúpame que vostedes non sexan autocríticos. Preocúpame tamén que o Sr. presidente e o Sr. Erias reiteren algo que en lugar de solucionar o problema que eu tiña, fanno moi grande, é dicir, vostedes fan un abono con nove plans que van dirixidos cara o mesmo, e cren un, que é estrela, onde nos din que o dirixen a outra cousa, pero que tamén se pode dirixir ó mesmo, imos ver, pero entón, ¿por qué non diriximos un plan único da deputación destinado para que os concellos invirtan naquelas cuestións que lles son atribuídas por Lei de necesidades básicas?, o que está previsto na Lei de bases de réxime local como servicios obrigatorios, léase saneamento, abastecemento, vías de comunicación, recollida de lixo, fagamos iso e fagámolo nun só plan,

e sanseacabou, complicámonos a vida e aínda por riba resulta que, polo que estou vendo eu aquí parece que llos imos dar para camiños, pero se din que os necesitan para outra cousa, claro que o necesitan para outra cousa, senón todo son camiños aquí, non nos creamos que a solución e que o benestar é abrir camiños por medio das hortas, e mesmo nalgúns sitios estanse empezando a cerrar, fíxese vostede por onde avanza esa Europa na que di que imos entrar definitivamente, xa estamos en Europa, pois en Europa hai moitos sitios, camiños que se están cerrando para que a xente camiñe e non vaian os coches, non vaia ser que nosoutros querendo ir tan rápido vaíamos equivocados. Fago esa chamada simplemente.

Xa sei que ós concellos, Sr. Erias, lles cobramos polo servicios moito menos do que lle podería cobrar unha empresa privada, non venda vostede como unha victoria o que é cumprimento estricto da nosa obriga, só faltaría que nosoutros competiramos cunha empresa privada, ¿vostede non sabe que nosoutros existimos por lei porque temos que suplir as carencias que teñen os concellos, sobre todo os pequenos?, é que existimos para iso, non faga que lle quiten a gorra por unha cousa que está facendo vostede porque ten que facelo obrigatoriamente, xa sería o colmo, claro que lle estamos dando un beneficio, só faltaría que non llo deramos, porque se ó final, fíxese vostede que nosoutros competiramos aquí para dar un servicio determinado, neste caso a recadación, e competiramos cunha empresa privada, imaxínese vostede se non sería o colmo.

O do debate do IAE máis nada que deixo unha cousa, Sr. Erias, porque xa bastante grave é que vostedes teñan que estar aplicando a recarga, e vostede efectivamente, aí atinou, baixaron a carga, pero baixaron a carga sobre un imposto que vostedes, mentres non se diga o contrario, parece que discrepaban moito con el, e é o problema de fondo, o IAE segue existindo e vostedes aplican a carga. Nosoutros o que estamos dicindo non é que esta deputación suprima o IAE senón a nosa preocupación porque o IAE siga existindo.

E temino. Eu naturalmente, creo que esta deputación está para o que está, eu ás veces pérdome un pouco tamén nos debates, eu non dixen que o orzamento fora opaco, aínda que despois de escoitar a intervención do Sr. Moreda xa non entendín moito o sentido do voto, e o orzamento pode ser “opaco Vázquez”, podía ser un orzamento “opaco Vázquez” pola intervención que fixo o Sr. Moreda, pero non o sei se vai votar que si ou que non, eu adoito ás veces dicir cousas así para destensar, porque despois de tanto tempo, por eso lle dixen o do orzamento histórico artístico, claro, sería unha obra de arte que conseguiremos poder discutir o documento dos orzamentos nunha semana, tampouco lle estamos pedindo tanto, pero si é un orzamento que en moitas das partidas, non permite nin garante en absoluto a participación de tódolos grupos que compoñemos esta cámara, e aquí ninguén falou das subvencións, silencio, estamos rodando, ninguén falou dos plans que non teñen criterios de distribución, silencio, estamos rodando, e polo tanto eses son os temas que á cidadanía e a nosoutros, en concreto, como grupo político naturalmente gustaríanos que se resolveran. Eu lamento verdadeiramente que vostede non entrara no fondo das cuestións dos

temas gordos que nosoutros formulamos e que se siga centrando nos números, porque despois os números son fríos, son tozudos e obríganos a facer outra lectura ó cabo dun ano de se o que fixemos nos números cumprimos os deberes, realmente, concretando esas obras determinadas de, sobre todo, cumprindo a función que lle compete a esta institución.

Nosoutros naturalmente, non imos cambiar o noso voto, adiantar que nos imos abster na proposta que presenta o grupo socialista e que imos votar que non ó proxecto que presenta o grupo de goberno polas razóns que xa expresei na miña primeira intervención.

### Sr. Fernández Moreda

Desde logo, antes “opaco Vázquez” que “opaco Rodríguez”, sen ningunha dúbida.

Nosoutros non convencemos ó Sr. Erias para que votase a favor da nosa emenda, e o Sr. Erias tampouco nos convenceu para que votasemos a favor do orzamento. É certo, e cremos que cometemos un erro á transcripción da emenda, que duplicamos unha partida dúas veces, é un erro mecanográfico, pero a emenda non é froito da improvisación, a emenda é froito dunha filosofía diferente, queremos obter fondos da deputación e transferir eses fondos ós municipios, ¿por que ten que facer unha comunidade de veciños un fornecemento de auga?, deámoslle eses fondos ó concello e que sexa o concello o que faga os fornecementos de auga, é outra filosofía diferente. E hai outras partidas que xa criticamos no anterior orzamento, que incorremos nunha emenda que se debateo no anterior orzamento, e que non foi aprobada, que son partidas que non utilizou a deputación e que se utilizaron en expedientes de modificación de créditos para transferir eses fondos cara a outros concellos. É unha cuestión simplemente de filosofía.

Tema de débeda, ben, unha disquisición tremenda a do Sr. Erias, que lle agradezo, pero a realidade é que a débeda viva é a que é, e a débeda viva hai que pagala e estamos nunha situación límite en capacidade de endebedamento, e se entra en vigor a Lei de estabilidade orzamentaria podemos ter dificultades dentro de dous anos para financiar os proxectos e os plans da deputación. É unha opinión, non imos facer disto un debate filosófico, pero a débeda viva é a que é, e máis nada.

E con respecto, e sobre, breve tamén coma o Sr. Doval, con respecto ó Plan de estradas, ó Plan plurianual, alégrame de que o grupo de goberno dea unha resposta satisfactoria a unha imquedanza que este grupo formulou os últimos dous anos nos debates orzamentarios. E este grupo formulou neste debate, pediulle ó Sr. Pose, e ofrecéuselle a súa colaboración para tratar de convencer ós seus compañeiros do equipo de goberno, para que destinasen recursos do remanente do superávit deste exercicio que vai haber, para un Plan de estradas. Vostede dime que van facer e que van destinar 1000 millóns do Plan de estradas, pois nese momento cando fagan ese expediente de modificación de créditos, non

teñan a menor dúbida de que o grupo socialista votará favorablemente ese expediente de modificación de créditos. O certo é que hai 600 millóns de pesetas para estradas, para a rede viaria provincial, non 500; hai 600; 304 do Plan VIP, que son fondos propios da deputación, e 300 millóns para Rede viaria local dos fondos que se reciben do Ministerio de Administracións Públicas, que é unha cantidade similar á do exercicio pasado. Iso é o que criticabamos nosoutros. Se vostedes nos din que a súa intención é que van destinar unha cantidade importante de remanente para un Plan de estradas provinciais, é o que estabamos demandando na nosa intervención, e non imos cambiar o sentido do noso voto, pero votaremos favorablemente, e xa saben que non nos doen prendas en recoñecer, cando as cousas están ben feitas, en recoñecelas e aplaudilas, nese momento recoñeceremos, aplaudiremos e votaremos favorablemente ese Plan de estradas que se nos anuncia, que van ser por un importe de 4.500 millóns de pesetas. Son necesarias e alégreme de que o grupo de goberno sexa sensible a estos planteamentos e teña entre as súas prioridades políticas ó destinar esta cantidade a estradas.

Máis nada, moitas gracias, Sr. presidente, e como o Sr. Rodríguez Doval o dubidaba, o voto é negativo.

#### Sr. Erias Rey

Eu á vista de como están os temas, o que si é certo é que non me vou estender, porque se o presidente estima que xa está suficientemente debatido, non son eu o máis autorizado para continuar debatendo, pero en todo caso, unha cousa é ser autocrítico e outra cousa e flaxelarse, vostede distingue perfectamente. Eu tamén sei, Sr. Rodríguez Doval, que vostede non pretende peatonalizar a provincia, vostede non vai pór proices, nin van pór ese tipo de cosas móbiles para que non poidamos facer outra cousa que *footing*, eu creo que aquí os cidadáns queremos algo máis, e ese algo máis é que haxa unha certa facilidade de desprazamento, que as empresas poidan asentarse, que diríamos que o investimento provincial sirva para rendibilizar e mellorar o benestar dos cidadáns e tamén dos concellos, que son a Administración máis próxima a eles, e nese compromiso é no que nos estamos movendo.

O orzamento, non llo dixen antes, pero dígollo agora, non é unha foto fixa, e vostede non mova moito a cámara porque entón sáelle movida e non ve a imaxe que quere ver. Aquí hai unha imaxe clara que é dinámica, e esa imaxe dinámica, o orzamento, estamos aprobando un proxecto, un proxecto de orzamento, que logo se executa, e que cando se executa, por transferencia ou por calquera outro tipo de circunstancias, por incorporacións, desenvólvense as accións en función de tódolos recursos. Estamos ofrecendo, cun criterio prudente e cun criterio realista, e volvo ó tema das estradas, que é un tema importante, pero que non é o único que está no orzamento; mire, o ano pasado puxemos unhas cantidades para desenvolver expropiacións e facer proxectos, unha vez que os servizos técnicos nos

dixeron que tiñan eses proxectos, e como xa podemos contratar, e imos contratar o que imos poder executar no ano 2002, que son 1.500 millóns, 1.500 millóns para vías provinciais, e 2.500 millóns para vías locais, e iso é un dato, e iso está aí, e vanos contratar os concellos, eses 2.500 millóns de pesetas, cuns criterios, van recibir unhas oportunidades para poder desenvolver e mellorar as súas propias vías locais, e isto, insisto, creo que non ten moito que ver co que os Sres. deputados dos grupo socialista e do Bloque nos están dicindo ó grupo de goberno. Non se preocupe vostede pola Lei de estabilidade igual que non se preocupe vostede polos compromisos que teña que desenvolver o goberno de España, que os cumpre, que demostrou que os cumpre, e teremos unha lei de estabilidade que nos evitará a incerteza do que moitas veces pasa nas Administracións, e ¿qué lle pasará ó orzamento deste ano?, pois mire, medraría sobre un 6 e un 8%, e se fosemos capaces de conter un pouquiño o gasto corrente, probablemente puideramos chegar ata o 10, con estabilidade. Isto é algo que xa non fai falta simular moito, é algo que está aí, vendo os datos que lle dei do orzamento, enunciado o que poderíamos facer, e se facemos o que viñemos facendo, fíxese vostede como baixa a carga, fíxese vostede como baixa a carga secuencialmente desde que este grupo de goberno ten responsabilidades, temos máis recursos liberados para poder atender as necesidades futuras, e iso é o que estamos facendo: primeiro asumimos unha política de contención e, nestes momentos, estamos desenvolvendo responsablemente un esforzo investidor, e isto é política, e isto é desenvolver un compromiso para aqueles que votaron, que nos elixiron, que agardamos que o segan facendo. O orzamento non o é todo, pero axuda, polo tanto, imos continuar desenvolvendo o que cremos, imos desenvolver o que cremos e o que cremos imos defendelo con esta convicción. Eu se vostede ten interese en apuntarse algún tantiño de rebote, apúnteo, pero creo que este non é o caso, creo que aquí estamos facendo un labor responsable todos, vostedes están facendo o seu labor, o grupo de goberno presenta un documento serio, presente un documento altamente investidor, un documento que vai servir para que os cidadáns da provincia noten a importante acción da Deputación provincial, e os concellos xa están notando porque gozan de servizos, gozan de apoio para moitas accións, e iso creo que non hai ningunha dúbida de que está aí. Por esa razón lles pedimos que reconsideren a súa postura, e que apoien o proxecto de orzamentos para o exercicio 2002 que sometemos para a súa aprobación.

Moitas grazas.

A seguir, sométese a votación a emenda presentada polo PSOE.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 11 deputados (PSOE)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: 4 deputados (BNG)



Seguidamente, procédese a votar o punto da orde do día.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 15 deputados (11 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: Ningún deputado

### **ACORDO**

Préstase aprobación ó seguinte dictame da comisión:

“Examinado o proxecto de Orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio económico de 2002, que presenta o Ilmo. Sr. presidente e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 149 da Lei 39/88, reguladoras das facendas locais, procede:

1º.-Aprobar o orzamento xeral para o exercicio 2002 por importe de 147.543.390,00 euros e do que o detalle é o seguinte:

#### **CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:**

##### **A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**

###### **1. OPERACIÓNS CORRENTES:**

CAPÍTULO I	Impostos directos	7.061.880,00
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	-----
CAPÍTULO III	Taxas e outros Ingresos	5.969.920,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	105.089.720,00
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	<u>5.244.540,00</u>

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES 123.366.060,00

###### **2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

CAPÍTULO VI:	Alleamento investimentos reais	6.010,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	9.395.410,00
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	540.910,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	<u>14.235.000,00</u>

TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL 24.177.330,00

**TOTAL ORZAMENTO XERAL** **147.543.390,00**

**B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**

**1. OPERACIÓNS CORRENTES:**

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	25.960.550,00
CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servicios	20.408.560,00
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	3.763.450,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	<u>14.167.050,00</u>
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		64.299.610,00

**2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	29.822.510,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	46.397.700,00
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	649.810,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	<u>6.373.760,00</u>
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		83.243.780,00

**TOTAL ORZAMENTO XERAL** **147.543.390,00**

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:**

<u>Grupo de Función</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u>
1	Servicios de carácter xeral	13.950.740,00
2	Protección civil e seguridade cidadá	1.506.140,00
3	Seguridade, protección e promoción social	13.593.930,00
4	Producción de bens públicos de carácter social	38.915.230,00
5	Producción de bens públicos de carácter económico	33.383.690,00
6	Regulación económica de carácter xeral	9.083.890,00
7	Regulación económica de sectores productivos	7.275.520,00
9	Transferencias a Administracións Públicas	19.706.060,00
0	Débeda Pública	10.128.190,00
<b><u>TOTAL ORZAMENTO XERAL</u></b>		<b><u>147.543.390,00</u></b>

2º.-Aprobar igualmente as bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.-Dispoñer a exposición ó público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para efectos de reclamacións, conforme ó disposto no art. 150.1 da Lei 39/88, reguladora das facendas locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ó termo do período de exposición

non se houberan presentado reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 150.3 da citada Lei 39/88, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.”

**ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓNS  
ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente

Teño dúas preguntas, unha do Sr. Miras, outra do Sr. Rodríguez Doval, sobre información, que prefiro, se lles parece ben a eles, mándolla por escrito, os datos son bastante longos. Non sei se hai algún rogo ou algunha pregunta máis por aí.

Sr. Rodríguez Doval

Moi breve. Era solicitarlle, xa aproveitando este Pleno que temos hoxe, algo que xa lle manifestei e que está ademais pedido oficialmente, que sería que o alcalde de Cedeira transmitiu a esta corporación un pedimento para ter unha reunión co presidente para lle expoñer un proxecto que, dalgunha forma daría solución a un problema que se presentou con motivo das inundacións, que foi o corremento de toda unha aba, alí no monte de Cedeira, era simplemente rogarlle que se pode axilizar esa reunión co Sr. alcalde de Cedeira, coa maior brevidade, que o faga.

Sr. Presidente

De acordo co meu calendario intentarei recibilo o antes posible.

Ó non haber máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as quince horas e dez minutos, procedéndose á redacción da acta e autorizándose a súa transcripción que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.